

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION ORDINARIA (agosto) DO 5 DE SETEMBRO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
(*incorpórase ás 12,43 h.*)
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M. (*incorpórase ás 10,41 h.*)
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día cinco de setembro do ano dous mil dezoito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero,

Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno ordinario do Concello número 11, orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, abrimos sesión pública e iniciamos o Pleno.

Imos inicialo cunha proposta de cambio da orde do día, recibimos onte unha solicitude de UXT-FeSMC Galicia Pontevedra asinado por D. Julio Fernández Collazo e D. Carlos Martín Landín Gillén, solicitando unha comparecencia na quenda de comparecencias, antes dos Plenos ordinarios, para expoñer a situación do servizo de estacionamento regulado do Concello de Vigo, pedindo a comparecencia de D. Luís Cordobés como Delegado dos traballadores de Dornier, prestando o servizo de estacionamento regulado do Concello de Vigo.

Polo tanto, propoño cambiar a orde do día, de tal modo que o punto primeiro serían as actas anteriores, o punto segundo sería a toma de posesión da concelleira D^a Nuria Rodríguez e punto terceiro intervención de D. Luís Cordobés, no nome dos traballadores de Dornier do Servizo de Estacionamento regulado do Concello de Vigo.

Sometemos a votación o cambio da orde do día.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase o cambio da orde do día.

PRESIDENCIA: Queda incorporado como punto 2.B da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(134).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DE 27 DE XUÑO 2018)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 27 de xuño do 2018.

2(135).- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA Dª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 1823/1101

PRESIDENCIA: Dª Nuria Rodríguez, que ten que proceder ao acatamento da Constitución.

SRA. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira, con lealdade a El Rei e gardar e facer a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

PRESIDENCIA: Moitas gracias Dª Nuria Rodríguez, benvida ao Pleno do Concello de Vigo, desexámoslle moitos éxitos na súa labor que serán os éxitos desta cidade.

2(bis)(136).- INTERVENCIÓN DE D. LUIS CORDOVÉS, EN REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO REGULADO DO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1860/1101.

PRESIDENCIA: Como lle explicaba a normativa destas comparecencias é dun tempo aproximado de 5 minutos para a intervención súa e a partires de aí se os grupos se o consideran oportuno farán algunha apreciación sobre o que vostedes propón.

SR. CORDOBÉS ÁLVAREZ: Bos días, en primeiro lugar dar en nome dos meus

compañeiros dar agradecemento ao Sr. Alcalde, por esta comparecencia e ao Partido Popular e a Marea de Vigo polo apoio recibido. Máis ou menos me imaxino como vostedes saben xa, vou resumir porque temos pouco tempo, pero eu son Luís Cordobés, fun delegado, levo 28 anos neste servizo público ata o ano pasado exercín como delegado de empresa, defendendo os dereitos dos meus compañeiros e esta empresa Donier así como colle o servizo aínda non o executou, non puxo nada en marcha e toma represalias contra a miña persoa e sete compañeiros máis, dos cales seis deles son tamén afiliados ao sindicato, son antigos como eu e a empresa di que son causas obxectivas. Esta empresa como saben todos se presentou cun 30% de desconto, sempre crimos que isto foi unha baixa temeraria e o vimos vir pero non pensamos que ía pasar. Pero a empresa cremos que se está a rir da cidade de Vigo porque tivemos negociacións ata a data, porque foi o 30 de xullo ata hoxe e non ven atrás. Non sabemos o que está a caer, o que quere deste Concello pero que está como un gato bandullo arriba que lle da igual todo.

Por non estenderme máis quería dicirlles que por favor, sabemos que temos o apoio dos 27 concelleiros, isto non se pode permitir nesta concesión, nin en ningún servizo público deste Concello de Vigo. É unha vergoña que isto se poida materializar, isto non pode ir adiante, lles pedimos a todos por favor o apoio e que poñan a esta empresa no seu sitio, o normal, sabemos que hai un expediente aberto contra esta empresa, así nolo comunica a xefatura de tráfico, esperemos que este expediente vaia adiante e esperemos que a esta empresa a poidan botar deste servizo e diríamos que non debería concursar máis, polo que está facendo esta empresa cos traballadores do estacionamento regulado.

Non me quero estender moito máis, pídovos por favor comprensión, non podemos máis, hai 8 familias que están sen cobrar, hai compañeiros que estivemos en folga 4 días a desconvocamos para intentar negociar hai un mes, non houbo maneira, como medida de presión a estes compañeiros lles quitan 400 euros e pico da nómina que aínda por enriba o que cobran non é verdade, descontaron de máis, imos interpoñer demandas por eses descontos de máis, para meter medo, para que eses traballadores logo non foron a ningunha folga máis. Pois hoxe comezamos de novo esta folga indefinida, non imos a parar ata que isto se solucione, se temos que esperar por ese expediente imos esperar por ese

expediente pero non imos parar esta folga ata que se solucione. Parámola, lle demos unha oportunidade á empresa dun mes e xa lle digo non sabemos exactamente a parte da persecución sindical que é o que está a buscar este Concello de Vigo.

Moitas grazas a todos, só lle pido comprensión e por favor que isto non se materialice e que se teña unha solución rápida o antes posible, por favor.

PRESIDENCIA: Moitas grazas, Sr. Cordobés, quenda de grupos.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Darlle a benvida a nova concelleira en nome do grupo de Marea de Vigo, darlle benvida aos traballadores do cadro persoal da empresa Dornier, e nós queríamos subscribir todas e cada unha das palabras lanzadas non só por un traballador, senón por un delegado sindical a que a empresa esperou ese ano a que todos os que fomos delegados nas empresas temos de por así dicilo, de colchón de seguridade para non ser despedidos, fixo xustamente pasar ese ano para incluílo no despedimento dos 8 traballadores que son graves, pero que neste caso tamén é un caso claro de represión sindical e vulneración dos máis básicos dereitos constitucionais.

Hai dúas fases que temos que resolver unha delas afortunadamente creo que se está a resolver ben, hai declaracións do Alcalde e declaracións do concelleiro delegado que afundan na necesidade de impedir estes oito despedimentos, na necesidade de acabar con este tipo de prácticas antisindicais con este tipo de prácticas case fascistas, que o que fan é degradar os servizos públicos pero que tamén hai unha fase anterior, que foi a propia contratación desta empresa, e que foi alertado este goberno local de que esta empresa o que estaba a facer era un dumping absolutamente irregular, rebaixando un 30% na oferta de licitación nun servizo que é basicamente un servizo que os custes do servizo son empregos. Foi alertado polos delegados sindicais, foi alertado por este grupo municipal incluso con cartas á Mesa de Contratación por irregularidades graves na concordancia entre os datos económicos e os datos da oferta técnica que presentaba a empresa e aínda así se decidiu licitar e darlle a esta empresa a adxudicación, para nós e un

desleixo de funcións no que ten que ser o control das concesionarias porque era evidente que esta concesionaria non estaba a cumprir nin o prego nin os máis mínimos dereitos e garantías democráticas. Unha empresa que pon a traballadores a vixiar de maneira case de detective ao resto dos traballadores, unha empresa que vai un 30% máis barata e unha empresa que unha vez que se lle da o contrato, xa non ten nin a decencia de reunir aos delegados sindicais para propoñer facer un

ERE, senón o que fai é un despido individualizado chamando cada 5 minutos a un traballador a coller a carta de despido que a todas luces é irregular, ilegal e polo tanto esperemos que inspección de traballo declare nulo eses despidos pero que a este grupo municipal xa non nos vale que Dornier decida recuperar asumir que o que fixo é unha auténtica animalada e que volva reincorporar a estes 8 traballadores. A este grupo municipal xa non lle vale, este grupo municipal quere a esta empresa fora da contratación pública, e por que? Porque o que estamos poñendo enriba da mesa é un precedente tan brutal ao que se van amarrar gran parte das concesionarias, eu podo ir mil veces máis barato nunha licitación pública que logo podo despedir de maneira aleatoria parte do cadro de persoal que figura no dereito de subrogación da concesión e se o goberno municipal permite que Dornier siga traballando a partires e ademais se cumpriu xa o período de adaptación ao novo prego, polo tanto hai outro tipo de incumprimentos, pois creo que vai ser isto unha tarifa plana para gran parte das concesionarias e nós seguimos reclamando certo tipo de control sobre todo o material laboral das concesionarias, esa recuperación dos 8 traballadores non só é a condición que este grupo municipal quere demandar senón que primeiro, se acaben as prácticas de represión sindical que practica esta empresa, eu creo que non as vin, levo 18 anos, deixei de ser delegado sindical do metal este ano, nunca vin unha práctica tan abusiva como a desta empresa, en ningunha das empresas que coñecín, en ningunha das empresas de sectores tamén con moitos problemas sindicais como é o sector da metalurxia, o sector industrial. Polo tanto, xa non nos vale que asuman que xogaron forte contra o concello e afortunadamente houbo unha resposta proactiva por parte deste Concello, queremos a Dornier fora da contratación pública non queremos sequera a Dornier xestionando un aparcadoiro público como o da Praza de Portugal.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Parabéns a nova concelleira, que se incorpora hoxe e tamén benvidos a tódolos traballadores de AXER, eu sinceramente o primeiro que quero dicir é que dende do Partido Popular queremos manifestar o noso total e absoluto apoio aos traballadores, aos 8 traballadores inxustamente despedidos e a tódolos traballadores do servizo porque están todos a una defendendo o que son os vosos dereitos, non se pode tolerar que ningunha empresa e máis unha empresas que traballa para unha administración pública actúe da maneira que está a actuar Dornier, non se pode tolerar e hai que tomar medidas e hai que tomar medidas pasando das palabras aos feitos, e pasando das palabras ás decisións contundentes, porque desgraciadamente como se dicía hoxe aquí o que está a pasar se vía vir, todos sabíamos o que ía pasar e todos advertimos moitas veces de que esta contratación ía acabar mal, e cando as cousas se fan mal ao final desgraciadamente quen o pagan son os traballadores, e quen o está a pagar sodes tódolos traballadores da empresa e especialmente os oito inxustamente despedidos porque esta tramitación deste expediente foi un auténtico despropósito dende o principio, temos que lembrar que foron catro anos de tramitación administrativa, se fixeron seis versións do prego técnico, catro versión do prego administrativo, houbo tres recursos contra os pregos, houbo que volver a redactar os pregos outra vez, houbo que corrixir as aclaracións aos licitadores, houbo que resolver recursos múltiples presentados contra estes pregos, en definitiva unha tramitación verdadeiramente desastrosa, incluso con informes internos do Concello antes da licitación calculando o custe dos traballadores nun 1,3 millóns de euros e aceptando despois o Concello unha oferta económica de Dornier cun gasto anual de persoal de 822.000 euros, non había por onde collelo, cheo de contradicións esa oferta desa empresa e sorprendentemente á que se lle outorga a máxima puntuación, dende o Partido Popular dende o minuto un o advertimos, pero non só o advertimos de palabra, votamos en contra na Mesa de Contracción, votamos en contra porque había un informe técnico municipal que advertía das contradicións e dos problemas que tiña este contrato e desgraciadamente non se escoitou a ninguén a agora estamos na situación na que nos atopamos, e agora estamos con 8 traballadores e 8 familias que neste momento están sen ingresos e que non saben o que vai pasar, e iso é o realmente

lamentable, que o estades a pagar vós o que se podería evitar se se houbera querido escoitar a alguén máis que así mesmos, por iso cremos que hai que pasar das palabras aos feitos, non nos serve de nada abrir expedientes disciplinarios está moi ben, por suposto hai que dar unha sanción a unha empresa que non actúa conforme como tiña que actuar pero hai que ir moito máis alá, pero é que esta empresa non pode prestar o servizo da hora, para nós sen ningunha dúbida hai rescindir de forma inmediata o contrato, hai máis que motivos para rescindir de forma inmediata o contrato e non queremos escoitar outra cousa dende logo do goberno local do Concello de Vigo que vai con efecto inmediato a iniciar o trámite para rescindir a esta empresa o contrato, e para que eses traballadores recuperen o seu posto de traballo e se lle compense por tódolos meses que levan padecendo esta situación, que deron unha mostra de boa vontade interrompendo unha folga para abrirse a negociar e a chegar a un acordo e que agora lles volven a tomar o pelo outra vez, desprezando esa boa vontade e o esforzo que fixeron para que os vigueses teñamos o servizo da hora, iso é algo que non se pode consistir, por iso insisto, xa non non serven as palabras, queremos feitos e queremos que se proceda de forma inmediata á rescisión do contrato con Dornier, esta empresa non pode traballar para o Concello de Vigo nunca máis e para ningunha administración pública porque se ve que non cumpre o mínimo que é coidar e cumprir os dereitos dos seus traballadores.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar direi que dende o momento en que se produciron as cartas de despedimento, este goberno municipal manifestou o apoio aos traballadores e nos reunimos con eles dende o primeiro momento, e precisamente o que nos preocupa é a actitude que tomou a empresa en relación cos despidos que non se correspondía co prego e que trasladamos o apoio aos traballadores. O que pasa é que era bo que tódolos grupos estiveramos nesta mesma liña, era bo que tratásemos de deixar de facer política con esas cuestións e máis alá de facer un enunciado de apoio aos traballadores o materializásemos, porque cando se fala de tomar decisións débense tomar decisións dende a legalidade, non dende o calor do que nos poida parecer unha u outra situación, porque Sra. Muñoz esta concesionaria ven dunha contratación no último momento da Sra. Porro, unha contratación que foi tirada abaixo polo Tribunal Superior de

Xustiza de Galicia e vostede non ten ningunha autoridade moral, nin vostedes neste grupo cando non asisten á Mesa de Contratación e asisten un día á Mesa de Contracción para sen unha posición consistente na legalidade dicir que votan en contra.

Polo tanto, primeira afirmación o proceso de contratación foi absolutamente legal iso si, como foi legal, derivou nun contrato que este Concello, este goberno vai facer cumprir á empresa en tódolos seu termos e era mellor que por parte dos grupos da oposición se preocupasen do que me preocupou eu, de como é carta de despedimento, de que argumentos utiliza a empresa e da posible represión sindical que se puido dar, isto é o certamente preocupante non vir aquí de que hai que pasar aos feitos, de que é sorprendente, de que isto xa se vía vir, parece mentira que persoas que desempeñaron cargos importantes non coñezan a legalidade. Miren, aquí hai un problema e é que a empresa despediu a 8 traballadores con dous argumentos nunha carta de despido que non se corresponden co contrato e esa é fortaleza que temos que ter todos ante a empresa e ogallá esa fortaleza non tivera fisuras dos 27 concelleiros e son moi sinxelos, os dous argumentos, o primeiro argumento que se da é un ratio de prazas que non se corresponde ao ratio e logo dáse un argumento de que hai un número de prazas determinadas que non corresponden con este contrato, están confundindo o anterior contrato que evidentemente xestionaban eles con este contrato que podería haber xestionado outra empresa. Polo tanto, dende ese momento nós dentro da legalidade, dentro da firmeza abrimos un expediente por incumprimento de contrato, que canto máis nos dotemos de argumentos sólidos mellor será a posición en defensa dos traballadores, pero xa vexo que algúns isto vai doutra historia, pero nós non nos imos desviar, manifestamos o apoio, abrimos o expediente que está dentro da legalidade, o dixemos, chegarase ata as consecuencias que procedan porque efectivamente aquí hai un contrato asinado entre o Concello e unha concesionaria que hai que cumprir, hai un conxunto de condicións que o concesionario ten que cumprir e outro é a subrogación de contratos que se fixeron a 30 de xullo e eses contratos hai que mantelos e esa é a firmeza que debemos de ter e efectivamente como estamos a traballar de forma moi seria sobre isto e como abrimos expediente estamos en contra da postura que está a manter a empresa, a empresa non está sendo leal con este goberno, a

empresa está actuando dunha forma hostil e o digo aquí por un incumprimento de contrato, e fixemos o chamamento a que se cumprisen ese contrato, pode haber presuntamente indicios de represión sindical, efectivamente e todo iso será un conxunto que dentro da legalidade, non tomar decisións por tomar decisións, que iso moi fácil pero é inconsistente legalmente.

Polo tanto, todo o apoio aos traballadores, pero ese apoio aos traballadores é a firmeza do goberno municipal no cumprimento dun contrato cunha empresa da que forman parte uns contratos de traballo e se todos fóssemos e somos serios, posiblemente nos vaia mellor que é o que lle deber ir aos traballadores.

PRESIDENCIA: Sr. Cordobés quero transmitirlle o apoio total e incondicional deste goberno dentro da lei porque isto vaise arranxar, e o quero dicir en nome do goberno que presido porque eu son Alcalde para levar adiante esta cidade pero para defender aos traballadores e mentres eu sexa Alcalde os traballadores estarán sempre na primeira liña de atención deste goberno. Moitas grazas pola súa intervención.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(137).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2018, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 88/143 (1821/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 11 de xullo de 2018, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.

- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2018

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2018, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao SEGUNDO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de xuño de 2018.

Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2018, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados da Entidade Local e da XMU.

Achégase o estado de Remanente de tesourería, da entidade e do Organismo Autónomo.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Incorpórase o estado de modificacións orzamentarias e o Estado de Tesourería.

Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gastos e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Modificacións orzamentarias.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade Local, organismo autónomo e consolidados a 30/06/2018.

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

Estado dos períodos de pago do terceiro trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 1040/2017.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 29.08.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso efectivamente para dar conta da execución do segundo trimestre deste ano 2018, hai que dicir que a 30 de xuño do 2018, este goberno levaba pagados 87 millóns de euros do exercicio corrente e 15 millóns do remanente incorporado do 2017, repito, 87 millóns de euros do exercicio corrente e 15 de remanentes do exercicio anterior incorporados e o gasto autorizado a esa data de 30 de xuño de 2017 era de 161 millóns de euros, que hai detrás destes números? Por un lado hai que ver que o goberno, este goberno da cidade, fai o cumprimento, o pagamento con cargo a Tesourería existente neste Concello, polo

tanto se pagan 87 millóns máis 15 millóns neste primeiro semestre do ano e por outra banda, se executa correctamente o Orzamento municipal. Polo tanto, non se entenden esas palabras, esas declaración de fai un día da Sra. Muñoz, de non sei cantos cartos temos na caixa porque é fácil de seguir unha resta, se temos a final de ano 94 millóns, pagamos 87 e logo pagamos 15 e é evidente que non temos en caixa o que di a Sra. Muñoz, pero tamén queda claro que como di este titular de prensa Vigo licita máis en dous meses que A Coruña en 14 meses, polo tanto estamos a executar os orzamentos deste ano 2018, estamos como dicía en 161 millóns de euros autorizados a 30 de xuño, é dicir, no 50% deste Orzamento. Todo isto tamén cumprindo cun período medio de pago moi breve, pagando antes que ningún outro concello en toda España aos nosos provedores, á volta de dúas semanas os nosos provedores cobran mentres que noutros concellos do Estado a media é de 95 días, mentres que en Vigo dúas semanas, noutros concellos 95 días, polo tanto, Vigo se consolida como esa cabeza tractora da economía non só da cidade senón da área e da comunidade autónoma, como cidade atractiva, fiable, segura, xeradora de riqueza e de benestar para a cidadanía e así o reflicten as enquisas posto que o observatorio dos servizos públicos urbanos coloca a Vigo como unha das mellores cidades de todo estado, das 30 cidades do Estado máis poboadas cos mellores servizos públicos para a cidadanía, transporte, servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, por certo temos a sexta escoba de platino e demais servizos públicos de calidade que se prestan neste Concello que este goberno presta para os cidadáns da cidade. Unha liña que por certo continúa a senda do ano pasado, non é unha novidade, xa no ano 2017 éramos unha das mellores cidades de España en prestación de servizos públicos de calidade, e sen dúbida a primeira cidade de Galicia en servizos públicos de calidade, mérito polo tanto deste goberno, do Alcalde e de tódolos cidadáns que viven nesta cidade, pero que asoma sobre todo que este goberno pensa na cidade, na cidade que queremos posto que queremos unha cidade para o xoves, para infancia e con cargo aos orzamentos deste Concello se pagaron neste primeiro semestre do ano 2018 as nove escolas infantís que sostén este Concello de Vigo que prestan matrícula a medio milleiro de usuarios cun prezo moito máis baixo que as da Xunta de Galicia, se sosteñen as 30 aulas matinais, se conceden máis de 750 bolsas de inglés, se conceden 5.000 bolsas de comedor, se atenden aos comedores

escolares pero tamén aos campamentos infantís e as escolas deportivas municipais que permiten compatibilizar ocio, esparcemento, esa vida laboral dos pais coas vacacións dos nenos chegaron nese mes de xuño pasado, pero tamén se fai unha cidade habitable e sostible cos investimentos na cidade, con obras en tódalas rúas da cidade levamos máis de 800 rúas humanizadas neste goberno, 150 nesta lexislatura e con esas obras simbólicas que avanza na cidade, o aparcadoiro Camilo José Cela, os ascensores Vigo Vertical e Juan Ramón Giménez, por certo, obras algunhas que están paralizadas pola intención política da Xunta de Galicia, pero tamén unha cidade atractiva visitantes na cidade, unha media de 90.000 visitantes e o dobre de pernoctacións e mantendo ao Aeroporto de Vigo como o principal aeroporto de Galicia en viaxeiros, apoiando ás empresas, apoiando os emprendementos pero apoiando tamén as persoas que así o necesitan, levamos máis de 1.500 axudas de emerxencia concedidas neste segundo trimestre de 2018, polo tanto, cun nivel de usuarios e de persoas atendendo, sendo unha cidade solidaria e emprendedora.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que xa nalgún Pleno dixemos que as intervencións do concelleiro de Facenda tiñan que ter unha banda sonora detrás porque serían un vídeo comercial perfecto para as intencións do goberno local, pero nós queremos falar dos números que vostede nos puxo enriba da mesa neste expediente e non queremos facer ningún vídeo comercial que colocar nalgunha televisión, nós queremos falar de cuestións cando menos que estean nos números, é certo as escobas de platino están aquí nos números porque se compran e como se eu bou a aí a esa tenda de trofeos e me compro un trofeo que diga que son o mellor concelleiro do mundo, eu o compro e podo poñer no trofeo o que queira, tamén o informe do Observatorio dos Servizos Sociais se compra porque son as empresas do servizo privatizados que vostedes lle pagan aquí aparte de maneira moi rápida, é dicir, podemos facer un spoiler, algún día podemos falar dese observatorio quen son as persoas que outorgan as escobas, entre eles FCC a que vostedes por certo, pagan moi ben, moi rápido e de maneira moi eficiente como vemos aquí no expediente.

Nós o que queríamos falar é dos números, xa sabemos que agora hai un mantra, porque logo imos discutir unha moción que gran parte da non execución de moitas

humanizacións que van cabalgando exercicio tras exercicio, vostedes agora din que é un problema da Xunta de Galicia, xa sabemos que é así, hai 30 obras que segundo nos din non se executan porque é un problema de Patrimonio que din que algúns informes foron pedidos fai dous meses e aínda non se resolveron, a Xunta de Galicia está aínda por debaixo do ratio de Patrimonio do Concello de Vigo onde hai moita xente esperando por informes de Patrimonio, negocios no Casco Vello que levan anos, e polo tanto tamén debe ser un problema que ao mellor as oficinas de Patrimonio do Concello de Vigo e da Xunta de Galicia son excesivamente cautas á hora de emitir informes, hai cuestións que a nós nos parecen que ilustran os datos, vostedes teñen executado o 7% dos investimentos reais, é certo que estamos a metade de ano e nós dicimos sempre que cada día custa máis saber como executan os concellos e é certo que hai limitacións para o gasto público, estamos a negociar, o Partido Socialista e Marea-Unidos-Podemos par precisamente eliminar determinadas herdanzas do Partido Popular sobre o que é o Teito de Gasto, que permitiría a este Concello investir moito máis en cousas completamente diferentes como poderían ser dotacións culturais, dotacións deportivas, máis escolas infantís, oxalá, agora xa non é escusa do ministro Montoro que nos pon todo tipo de trabas, agora imos ver se vostedes están dispostos a xurar o artigo 135 da Constitución que reformaron co Partido Popular, se van ser capaces de xurar dos criterios de estabilidade do Sr. Junker e imos poder poñer un Teito de Gasto para os concellos que acabe co secuestro financeiro que levamos dende que o Partido Popular goberna neste país e polo tanto, agora xa non hai un inimigo exterior, agora o inimigo en todo o caso o terían vostedes na casa á hora de que no próximo exercicio vexamos se somos capaces de poñer enriba da mesa gasto social e non gasto que quede na conta de resultados de moitas construtoras locais e autonómicas e queremos falar de execución porque estamos a metade de ano e hai cuestións que para nós son importantes que estiveran executadas, as humanizacións vostede me dirá que hai un contrato, efectivamente, que hai unha licitación e que se pagará cando se pagará, hai algunhas que xa levan tres anos aquí, hai algunhas actuacións que levan tres anos, o famoso aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro estivo tres exercicios seguidos saltando medio millón de euros, pero hai cuestións que tamén queremos saber, practicamente nunha situación denunciada pola Federación Veciñal e por moitas

asociacións de veciños, a situación dos viais e da vía pública no rural, vostede practicamente non teñen nada executado en ningunha das partidas que se encargan do mantemento do viario no rural ou que ten que ver co contrato de mantemento da rede viaria no conxunto da cidade que está tamén nunha empresa privada, está sen executar, partidas de promoción de turismo, rematado o verán que sentido ten executalas en outubro, novembro, quizais en decembro porque vostedes queren inventarse un turismo que se chama o turismo de ir ver a luces do Nadal que non existe, pero vostedes o inventan e queren colocar a Vigo na senda de Tokio e Nova York, pois cada un ten os seus delirios, eu non vou entrar nesas cuestións, hai unha execución moi pequena, non é normal un concello cunha capacidade financeira, que non ten ningún problema de Tesourería que teña esa execución do 7% no capítulo de investimentos, se hai un inimigo exterior dígaos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Parabéns e benvida á concelleira, lle desexo moito éxito. Sr. Aneiros a xestión económica do Concello é algo moi serio, é algo moi importante e por iso como lle digo sempre non se pode vir aquí a presumir do que é un auténtico desastre, porque este nivel de execución do orzamento a 30 de xuño é sinceramente impresentable, é que vostedes en medio ano só foron capaces de executar un mísero 7% dos investimentos, un 7%, recadaron máis por multas do que executaron en investimentos, recadaron en multas de tráfico 3,8 millóns de euros e executaron investimentos por 3,6 millóns de euros, iso é a realidade do dato Sr. Aneiros, é que estes datos son os peores dos últimos 11 anos do mandato do Alcalde, é que a súa maioría absoluta Sr. Alcalde, non lle serviu para nada aos vigueses porque cantos máis concelleiros teñen menos fan.

Sr. Aneiros, póñase como se poña pero estes datos sinceramente non hai por onde collelos e fíxese que eu creo que igual non é culpa súa, vostede ven aquí, ponse a súa mellor garabata, intenta lavar a cara de tódolos seus concelleiros e do goberno municipal, intenta lavarlle a cara pero sinceramente estes datos son vergoñosos e isto só se pode cualificar como un desastre porque hai que estar moi desesperado para vir aquí a falar da xestión do orzamento e dos visitantes da Madroa ou do Aeroporto, hai que estar moi desesperados Sr. Aneiros, vostede leva máis de tres anos á fronte das contas do Concello como responsable de economía e facenda, antes que vostede estiveron outros concelleiros como a Sra. Silva, aínda que é de

letras, estivo de concelleira de Facenda, como a Sra. Raquel Díaz, e dende logo a vostede lle tocou xestionar as mellores contas de todos estes últimos 11 anos, unhas contas Sr. Aneiros saneadas gracias á colaboración do Partido Popular de Vigo que ao contrario que os seus antigos socios de goberno sempre estivo á altura da cidade, sempre pensou no mellor para Vigo e por iso nós estivemos apoiando as amortizacións anticipadas de débeda cos bancos, nós, o Partido Popular. Pero é que este nivel de execución do orzamento aínda que é calamitoso xa non nos sorprende, un montón de proxectos nin sequera contratados e por suposto que non se van iniciar, pero o que non vou permitir é que veña aquí a votarlle a culpa a outras administracións, non lle podemos admitir iso porque, sabe de quen é a culpa de que non haxa Plan Xeral en Vigo? Do Sr. Abel Caballero, sabe de quen é culpa de que non se comezaran as obras da Panificadora? Do Sr. Abel Caballero, sabe de quen é a culpa de que non se estea a traballar nas obras do Estadio de Balaídos? Do Sr. Caballero, que quere votar ao Celta da cidade, algo nunca visto nun alcalde, sabe de quen é a culpa de que non comezaran as obras na estrada de Beade? Do Sr. Abel Caballero, ou de que non comezará a humanización da Rondo de Don Bosco, ou de que non comezaran a obra na biblioteca de Navia ou no torreiro de Candeán, que van alí tódolos anos ao Vixiador dicindo que para o ano que ven, e sempre andas a dicir para o ano que ven, e chega outro ano e pasa tamén, están cansados os de Candeán, o inauguraremos nós o ano que ven, non se preocupen, ou das cubertas das pistas de tenis de Samil, a culpa é do Sr. Caballero, ou do parque infantil da rúa Venezuela, que levabamos 4 anos esperando polas obras do parque infantil e antes tiñamos un parque infantil pequeno pero que daba un servizo e agora pois está empantanado e non hai parque infantil na rúa Venezuela, non hai parque a onde levar aos nenos na rúa Venezuela.

Por iso, como o Alcalde parece que di que nestas cousas non é competente para nada, entón a pregunta é para que queremos os vigueses un Alcalde incompetente, para que só faga de teloneiro nos concertos, pois non, nós queremos un Alcalde que saque adiante as obras da cidade, 3,8 millóns de euros en multas de tráfico, iso si pero só 3,6 millóns en investimentos, lamentable Sr. Aneiros.

SR. ANEIROS PEREIRA: Queda visto que hoxe nacen dúas novas escolas económicas, as dos seguidores do líder que ten un master en Harvard de Arabaca que non teñen ollos máis que para si mesmos e os dos negacionismo porque xa se suman aos do Partido Popular porque non saen da casa, miran detrás da xanela e non visitan a cidade, non ven que estamos en obras, en execución do orzamento e tampouco atenden a razóns.

Miren, o dixen claramente, a 30 de xuño están autorizados, en fase de autorización, fase A do Orzamento, 161 millóns de euros, o que significa o 50% do Orzamento para este ano, quere dicirse que a metade de ano a metade do Orzamento estase a executar. Habería que preguntarse Sr. Fidalgo se a Xunta de Galicia fai o mesmo, se executa correctamente o seu orzamento, se inviste algo nesta cidade, porque os vigueses non vemos a Xunta de Galicia nesta cidade, non vemos como os orzamentos da Xunta de Galicia se executan nesta cidade e somos unha cidade solvente Sr. Pérez Correa, que ten non só superávit orzamentario senón que cumpre co equilibrio orzamentario por iso demandamos tamén que unha cidade cumpridora, sen débeda, con débeda cero, que paga puntualmente aos seus provedores que poida investir máis do que nos permiten os corsés inventados na época do Partido Popular, inventados na época do Sr. Montoro.

Pero mire, estamos executando obras nas rúas, en tódalas parroquias, en tódalas rúas, con obras simbólicas que transformarán significativamente esta cidade, o Vigo Vertical vai ser unha transformación sen precedentes nesta cidade, non se entende porque a Xunta de Galicia paraliza a execución dalgunhas obras que teñen cofinanciación con fondos europeos, poñendo en risco os fondos europeos que este goberno acada para a cidade, a mellora das condicións de vida para esta cidade, poñendo en risco a transformación desta cidade, non se entende porque dende a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, na súa delegación en Pontevedra os proxectos tardan en saír máis de 2 anos, e podo poñer un exemplo persoal, 2 anos para utilizar un cambio de xanelas no Casco Vello, así que para autorizar un proxecto de humanización nas rúas destas cidade tardan máis de 2 anos bloqueando proxectos estratégicos para esta cidade. Mire, o nivel de execución é o correcto a estas alturas de ano, os cartos vense nas rúas se pasean polas rúas da cidade e ven como melloramos máis de 150 rúas nesta soa lexislatura, como hai máis de 6.000 bancos na rúa, como hai mellora nos parques

infantís, os novos parques infantís da rúa Venezuela, Jenaro de la Fuente, de Maruja Mallo, o skate de Navia, todos eses novos parques infantís da cidade coa plantación de árbores na cidade, 60.000 plantacións de árbores na cidade.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(138).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE: 2488/500. (1825/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 04.07.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal xeral”, para o exercicio 2019 que consta neste expediente.

A aplicación dos tributos do Concello, amais da regulación propia de cada ordenanza fiscal, segue normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos integradas nesta ordenanza fiscal xeral. A casuística derivada da xestión tributaria e recadadora do último ano aconsella as modificacións que se relacionan no presente expediente.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Para o exercicio 2019, segundo proposta do Sr. Tesoureiro municipal formulada en expediente 19814/541 de data 22 de xuño de 2018, introdúcense as seguintes modificacións:

I) Modifícanse os artigos 41 a 44 sobre aprazamentos e fraccionamentos de débedas tributarias e demais de dereito publico.

- Coa nova regulación ampliáanse os prazos nos que se poderán satisfacer as débedas aprazadas ou fraccionadas

Vixente ordenanza			Nova Proposta		
	Xeral	excepcional		Xeral	excepcional
			Ata 500	6 meses	12 meses
Ata 1000 euros	3 meses	12 meses	De 500,01-1000	9 meses	18 meses
De 1000,01 a 3000	6 meses	18 meses	De 1000,01-3000	12 meses	24 meses
De mais de 3000	12 meses	24 meses	De 3000,01-9000	18 meses	30 meses
			De máis de 9000	24 meses	36 meses

- Mellóranse e obxectívanse as condicións que deben cumprir as persoas físicas solicitantes para a aplicación de prazos excepcionais

Vixente ordenanza	Nova Proposta
Que a persoa non teña ingresos un mínimo de 6 meses	Se non ten menores a cargo, 2 veces IPREM en 14 pagas.
Que a persoa sexa desempregada de longa duración	Con un menor a cargo, 2,5 veces IPREM en 14 pagas.
Que a persoa teña unha renda < que 2,5 veces IPREM	Con dous ou máis menores a cargo, 3 veces IPREM, en 14 pagas.
	Se o solicitante ou un membro da unidade familiar ten unha discapacidade \geq 33% ou é vítima de violencia de xénero, incrementaranse 0,5 veces.

- Elevase ata 18.000€ o importe da débeda con dispensa de garantía. Na vixente ordenanza o límite está en 9.000€

II) Incorporase un procedemento de tramitación automatizada de aprazamento ou fraccionamento de débedas que será habilitado na sede electrónica e tamén de forma presencial nas ventanillas de recadación do concello. O obrigado ao pagamento obterá a aceptación ou denegación do fraccionamento no momento da solicitude.

III) Mellorase tecnicamente a redacción do artigo 46 bis relativo ao fraccionamento en 10 cotas mensuais, tendo a nova redacción maior claridade e maior transparencia o procedemento.

Informe sobre repercusión orzamentaria.

A presente modificación incide nos prazos da recadación de ingresos pero carece de repercusión dende o punto de vista das previsións nas correspondentes partidas orzamentarias.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Innecesariedade do trámite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente

remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTEs ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 33.- DÉBEDA TRIBUTARIA.

Engádese un novo parágrafo no punto 4.

4. Os formularios/modelos/impresos normalizados de, autoliquidacións, solicitudes de fraccionamentos/aprazamentos e outros relativos á xestión recadadora serán aprobados mediante resolución da Concellería de Facenda.

A utilización dos formularios/modelos/impresos normalizados será preceptiva, estando a disposición dos contribuíntes na sede electrónica municipal. Se o contribuínte non empregara o modelo normalizado correspondente, a administración municipal lle requirirá a súa presentación nun prazo non superior a 10 días. De non terse presentado no prazo indicado, entenderase que ten desistido da súa solicitude arquivándose a mesma sen necesidade de resolución.

ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderán aprazarse ou fraccionarse, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, 44 a 54 do Regulamento Xeral de Recadación aprobado polo RD 939/2005 do 29 de xullo, e nesta Ordenanza.

2. Prazos e requisitos:

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas en período voluntario de recadación.

2.1.- Criterios xerais:

Todas as persoas e entidades que acrediten dificultades transitorias de tesourería nos términos da presente Ordenanza e cumpran cós restantes requisitos esixidos poderán solicitar e obter o aprazamento ou fraccionamento das súas débedas nos seguintes prazos máximos:

- As débedas ata 500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 6 meses ou 6 mensualidades.
- As débedas de 500,01 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 9 meses ou 9 mensualidades.
- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou 12 mensualidades.
- As débedas de 3000,01 a 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou 18 mensualidades.
- As débedas de máis de 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou 24 mensualidades.

2.2.- Criterios excepcionais:

Establécense os seguintes prazos excepcionais para as persoas e entidades nas que se dean as condicións indicadas nos subepígrafes 2.2.a), 2.2.b) e 2.2.c):

- As débedas ata 500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo

de 12 meses ou 12 mensualidades.

- As débedas de 500,01 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou 18 mensualidades.

- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou 24 mensualidades.

- As débedas de 3000,01 a 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 30 meses ou 30 mensualidades.

- As débedas de máis de 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 36 meses ou 36 mensualidades.

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas no mesmo período de recadación.

2.2. a).- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que non teñen a condición de empresarios ou profesionais:

A unidade familiar á que pertenza o titular da débeda debe de ter unha renda bruta conxunta anual inferior aos seguintes importes :

1) 2 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se non hai ningún menor de idade na unidade familiar.

2) 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se hai un menor de idade na unidade familiar.

3) 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) calculado en 14 pagas , se hai dous ou máis menores de idade na unidade familiar.

4) Se o solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar teñen un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou son vítimas de violencia de xénero, os límites anteriores incrementaranse en 0,5 veces.

2.2.b).- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que teñen a condición de empresarios ou profesionais:

- Aplicaráselle os requisitos esixidos no apartado anterior (2.2.a)) pero para a determinación da renda bruta conxunta da unidade familiar terase en conta os rendementos netos das actividades económicas desenvolvidas.

2.2.c).- Condicións que deben cumprir as persoas xurídicas e entidades:

- Deben de acreditar un resultado de explotación negativo nos tres últimos

exercicios sociais cerrados.

3. Cando o debedor teña a condición de Sector Público e a contía da súa débeda se estime que poida afectar significativamente ao cumprimento dos propios fins, o Concello poderá, previa solicitude e xustificación, conceder un aprazamento excepcional tanto en período voluntario como en período executivo, coa excepción prevista no artigo 46.1.b) do RXR. O prazo do aprazamento non terá os límites previstos no apartado 2 deste artigo e será avaliado, en cada caso, ao teor das circunstancias e da contía da débeda.

De darse as circunstancias indicadas, estas administracións quedarán exentas de constitución de garantías.

ARTIGO 42.- SOLICITUDE

1. Os aprazamentos ou fraccionamentos concederanse pola Administración municipal, previa solicitude dos obrigados ao pagamento.

O interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia na formulación da súa solicitude.

2. Inadmitiranse as seguintes solicitudes de aprazamento e/ou aprazamento:

- As da prestación pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos correspondente á autoliquidación presentada.

- As solicitudes que inclúan débedas en período voluntario e executivo. Neste suposto comunicáraselle ao interesado que, se o desexa, debe presentar dúas solicitudes, unha pola totalidade da débeda en período executivo e outra, pola totalidade da débeda en período voluntario.

- As solicitudes que non inclúan todas as débedas que estean en período executivo no momento da súa presentación.

- As solicitudes de débedas en período voluntario se non solicita simultaneamente o aprazamento ou fraccionamento de todas as débedas que estean en período executivo no momento da presentación.

- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento reiterativas doutras anteriores que fosen obxecto de denegación previa cando non conteñan ningunha modificación substancial respecto da solicitude previamente denegada.

- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento que resulten extemporáneas por non formularse nos prazos previstos no art. 46.1 do Regulamento Xeral de Recadación.

A inadmisión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento implicará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos.

Contra o acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso potestativo de reposición ou reclamación económico administrativa.

3. As solicitudes de aprazamento ou de fraccionamento de pagamento dirixiranse ao tesoureiro municipal, que é a quen corresponde avaliar a situación económico-financeira do obrigado ao pagamento en relación á posibilidade de satisfacer os débitos, así como a suficiencia e idoneidade das garantías propostas ou, no seu caso, a concorrencia das condicións precisas para obter a dispensa de garantía.

4. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento conterá, necesariamente, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado ao pagamento e, no seu caso, da persoa que o represente.

b) Identificación das débedas cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicite, debendo figurar necesariamente, cando menos, o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Causas que acrediten que a súa situación económico-financeira lle impide, de forma transitoria, efectuar o pagamento.

d) Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.

e) Lugar, data e sinatura do obrigado ao pagamento así como, no seu caso, a do seu representante.

f) Se solicita o aprazamento ou fraccionamento dunha autoliquidación deberá achegar esta debidamente cumprimentada no modelo normalizado establecido para o efecto, agás que o interesado non estea obrigado a presentala por estar xa en poder da administración.

5. O obrigado tributario deberá xustificar a falta de liquidez ou de tesourería, así como a capacidade para xerar recursos para facer fronte ao pago da débeda nos prazos solicitados, para o que deberá achegar a seguinte documentación:

a) Se o solicitante é unha persoa física:

- Copia íntegra da última declaración do IRPF presentada polo solicitante.

Non será precisa a achega da declaración do IRPF cando o solicitante autorice ao concello de Vigo solicitar á AEAT dita información.

- No caso de que o interesado non estea obrigado a presentar declaración do IRPF, deberá achegarse un certificado de rendas imputables para os efectos do IRPF correspondente ao último exercicio fiscal, expedido pola AEAT.

- Copia da última nómina ordinaria percibida.

- Si percibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido polo órgano competente.

- No seu caso, certificación da prestación por desemprego, facendo constar o seu importe, ou certificación de atoparse en situación de demandante de emprego, expedidas polos órganos competentes.

- Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade do/a debedor/a abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo, que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

b) Se o solicitante é unha persoa xurídica:

- As contas anuais dos tres últimos exercicios sociais depositadas no rexistro mercantil.

- Balance de situación á data da presentación da solicitude.

- Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade da empresa abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable de apoderado da entidade na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

6. Todas as persoas físicas que soliciten os prazos excepcionais (artigo 41.2.2) deberán achegar, ademais da establecida nos apartados anteriores, a seguinte:

- Fotocopia do libro de familia da unidade familiar ou, no seu caso, certificación da folla individual do Rexistro Civil do titular ou de cada un dos individuos da unidade familiar .

- Certificado de empadramento, emitido á data da presentación da solicitude, do titular e de todos os membros da unidade familiar.

- Copia da última declaración de IRPF presentada por todos os membros da unidade familiar.

- Certificado dos servizos sociais do órgano competente, que acredite as circunstancias especiais requiridas para a aplicación da porcentaxe adicional do artigo 41 subepígrafe 2.2. a) punto 4).

Non será precisa a achega das declaracións de IRPF cando todos os membros da unidade familiar autoricen ao concello de Vigo a solicitar á AEAT a información, documentos e certificacións necesarios para a tramitación da solicitude.

Tamén se poderá substituír a achega do certificado de empadramento pola autorización expresa do solicitante para realizar a consulta ante o Padrón Municipal de Habitantes. Este suposto só será de aplicación a contribuíntes empadroados no municipio de Vigo.

7 Se o solicitante está obrigado a presentar garantía, compromiso expreso e irrevogable da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca de formalizar aval solidario ou certificado de seguro de caución

8. Se o solicitante está obrigado a presentar garantía e insta que se admita unha que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, achegarase xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas para a súa obtención. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

b) Valoración dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a Administración poderá esixir que a valoración se efectúe por unha empresa ou profesional inscrito en dito rexistro.

9. Se o solicitante está obrigado a presentar garantía e insta a dispensa total ou parcial de mesma achegarase xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía. Esta declaración deberá de ser xustificada documentalmente.

b) Xustificación documental da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas para a súa obtención. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

c) Balance de situación e conta de resultados dos tres últimos exercicios sociais.

d) Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

ARTIGO 43.- GARANTÍAS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha Administración Pública ou o importe da débeda, cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, sexa inferior a 18.000,00 euros.

Para os efectos da determinación deste importe, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude (principal, xuros de mora, recargas do período executivo e custas no seu caso), como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou

fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, agás que estean debidamente garantidas, sempre que estean no mesmo período de recadación, voluntaria ou executiva.

2. As débedas aprazadas ou fraccionadas que deban garantirse deberán asegurarse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante un certificado de seguro de caución, cuxa vixencia deberá exceder ao menos en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos.

Unicamente, cando se xustifique que non é posible obter aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, ou que a súa achega compromete gravemente a viabilidade económica do obrigado ao pago, a Administración poderá admitir outras garantías que se estimen suficientes a xuízo da Tesourería Municipal.

Excepcionalmente, poderá dispensarse total ou parcialmente da prestación das garantías esixibles, cando o obrigado ao pago careza dos bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.

3. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de mora que xere o aprazamento e un 25 por cento da suma das dúas partidas.

Cando a débeda se atope en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado, incluíndo a recarga do período executivo correspondente, os xuros de mora que xere o aprazamento , máis un 5 por cento da suma de ambas partidas.

4. A garantía deberá formalizarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión cuxa eficacia quedará condicionada a dita formalización. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente a débeda pola vía de constrinximento xunto cos seus xuros e a recarga do período executivo que corresponda, sempre que tivera finalizado o período voluntario de ingreso. Se o aprazamento se tivera solicitado en período executivo, iniciarase ou continuará, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

5. Cando se tivera realizado anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo do tesoureiro, considerarase garantida a débeda e non será necesario achegar nova garantía.

ARTIGO 44.- TRAMITACIÓN

1. Acumularanse nun mesmo expediente as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas que estean en período voluntario no momento da presentación da solicitude. Non se acumularán aquelas, cuxa solicitude xa fose resolta expresamente.

2. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de dito expediente.

Se a solicitude se presenta en período executivo a Administración tributaria poderá iniciar ou, no seu caso, continuar o procedemento de prema durante a tramitación do aprazamento ou fraccionamento.

a) Se a solicitude se presenta en período voluntario de ingreso, o fraccionamento ou aprazamento concederase polo importe do principal máis os xuros de mora sobre a débeda aprazada.

b) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando aínda non se notificou a providencia de prema e, polo tanto, a recarga executiva é do 5%, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 5% da recarga executiva máis os xuros de mora correspondentes.

c) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando se notificou a providencia de prema, pero aínda non transcorreron os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 10% da recarga de prema reducida máis os xuros de mora correspondentes.

d) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando transcorreron os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora correspondentes.

3. Presentada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, se concorre algún defecto na mesma ou na documentación achegada, concederase ao interesado un prazo de 10 días para a súa emenda e/ou achega co apercibimento de que se así non o fixera procederase, sen máis trámite, ao arquivo da solicitude, posto que se terá por non presentada, coa conseguinte continuación do procedemento recadatorio.

Neste caso, o interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia para a contestación ao requirimento notificado, o que se lle indicará no mesmo.

No suposto de solicitudes por prazos superiores aos máximos establecidos na presente ordenanza, as resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento outorgaranse polos prazos máximos establecidos no artigo 41, ao considerar que esta circunstancia non é un defecto polo que non será obxecto de requirimento de emenda.

4. Durante a tramitación da solicitude o debedor deberá efectuar o pago do prazo, fracción ou fraccións propostos naquela, podendo, no caso contrario, denegarse a solicitude por concorrer dificultades económico-financeiras de carácter estrutural.

5. Para a resolución dos expedientes, os órganos de recadación avaliarán o carácter transitorio das dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento.

Por carácter transitorio das dificultades económico-financeiras debe entenderse a ausencia ou escaseza de recursos líquidos suficientes, con carácter conxuntural e non estrutural, que non permita a cancelación das súas obrigas inmediatas.

Entenderase como unha situación conxuntural, todas aquelas que teñen causa na actual situación económica que poden ter unha continuidade no tempo.

No caso de empresarios ou profesionais as dificultades económico-financeiras de carácter conxuntural avaliaranse preferentemente a través do estudo da última declaración do imposto sobre a renda presentada, así como de calquera outra que puidese resultar de utilidade achegada voluntariamente ou previo requirimento municipal.

O requisito de transitoriedade das dificultades económico-financeiras observarase, procurando evitar que, a través de reiteradas e sucesivas solicitudes, especialmente de tributos periódicos de notificación colectiva, o Concello aprobe de forma sistemática aprazamentos ou fraccionamentos nos casos nos que non hai problemas económico-financeiros de carácter conxuntural.

Cando se aprecien as dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento, teranse en conta aquelas circunstancias que poidan ser reflexo de dificultades estruturais, de falta de viabilidade da actividade, ou ben de utilización indebida desta facilidade de pagamento, de especial importancia nas solicitudes de prazos dilatados, ou con dispensa total ou parcial de garantía. En concreto, examínase:

- O cumprimento das súas obrigas tributarias, incluídos outros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade.
- A reiteración na solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos sobre a mesma débeda tributaria de exercicios anteriores.
- A cancelación por incumprimento doutros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade.

6. Os expedientes de aprazamento e fraccionamento finalizarán mediante resolución da Concellería da Área de Orzamentos e Facenda.

7. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento especificarán os prazos de pagamento e demais condicións do acordo, que poderán ser distintos dos solicitados. En todo caso, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes e o importe das cotas mensuais serán o mesmo.

8. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento, notificaranse ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producirán, no seu caso, de non constituírse a garantía no prazo establecido así como dos efectos de falta de pagamento. A devandita notificación incorporará o cálculo dos xuros de mora asociados a cada un dos prazos de ingreso concedidos.

No caso de autoliquidacións presentadas en prazo xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, o acordo de concesión aprobará a liquidación que corresponda.

No caso de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo o acordo de aprobación incluírá as recargas e xuros que procedan.

9. Se a resolución ditada fose denegatoria, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iniciárase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, coa advertencia de que de non producirse o ingreso en devandito prazo, comezará o período executivo e o procedemento de constrinximento.

Coa notificación remitiráselle a/s carta/s de pagamento na que se incluírá a liquidación dos xuros de mora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata o último día do prazo do artigo 62.2 da LXT. aberto coa notificación da resolución.

O solicitante terá dereito a solicitar e a obter a devolución dos xuros de mora que lle correspondan se efectúa o pagamento antes do último día do prazo aberto coa notificación da resolución desestimatoria.

No caso de autoliquidacións presentadas durante o período voluntario de ingreso xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a resolución denegatoria conterà, así mesmo, a aprobación da liquidación correspondente cos xuros devindicados dende a finalización do período voluntario de ingreso.

Tratándose de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, a resolución denegatoria aprobará a liquidación que corresponda coas consecuencias ás que se refire o artigo 15 desta ordenanza xunto cos xuros devindicados dende o día seguinte ao da presentación da autoliquidación extemporánea.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá iniciarse ou continuar, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

10. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo. Transcorrido devandito prazo sen que tivera recaído resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar a resolución expresa.

ARTIGO 44BIS. TRAMITACIÓN AUTOMATIZADA

1. O solicitante pode optar pola tramitación automatizada da súa solicitude

excepto que a débeda da que pida o aprazamento ou fraccionamento se atope nos seguintes supostos:

- a) Que estea emitida a dilixencia de embargo.
- b) Que haxa execución de embargo en conta e o importe executado cubra a contía da débeda que pretende fraccionar ou aprazar.
- c) Que estea emitida a notificación de embargo de salarios ou inmobles.
- d) Que estea emitida a orde de busca e captura dalgún vehículo.
- e) Que o procedemento de recadación estea suspendido por concurso de acredores, constitución de garantía, compensación, proposta de baixa ou por outras causas establecidas legal ou regulamentariamente.
- f) Que o debedor teña débedas en período executivo sobre as que non haxa solicitado o preceptivo fraccionamento ou aprazamento.
- g) Que algunha das débedas que se pretende fraccionar ou aprazar, estivesen incluídas con anterioridade noutro expediente de fraccionamento ou aprazamento, e resultasen impagadas.
- h) O importe máximo das débedas a fraccionar ou aprazar sexa superior a 18.000€

2.- Prazos.

Os prazos serán os establecidos no artigo 41.2.1 da Ordenanza Fiscal Xeral- criterios xerais-. Non serán de aplicación os criterios excepcionais recollidos no artigo 41.2.2 da dita ordenanza.

3.- Tramitación.

- a) En sede electrónica estará habilitada esta opción de tramitación.
- b) Directamente nas ventanillas de recadación do Concello, en cuxo caso será asistido polo persoal municipal.

4.- Resolución da solicitude.

- a) Estimatoria. A tramitación rematará cunha resolución que se lle notificará no acto ao solicitante.

En sede electrónica xerarase un documento que acreditará a recepción da notificación da resolución, que incluírá necesariamente un selo de órgano.

En ventanilla entregarase un documento que conterá a resolución da solicitude, que incluírá necesariamente un selo de órgano.

- b) Arquivo. Se a solicitude incumpre algún dos requisitos para a súa tramitación automatizada só poderá empregar a tramitación ordinaria conforme ao establecido no artigo 44 da vixente ordenanza.

5.- Contía de cada fracción.

O sistema calculará, tendo en conta os prazos ordinarios establecidos no artigo 41.2.1 da Ordenanza, un contía fixa, que se fará efectiva mensualmente mediante domiciliación bancaria.

6.- Queda facultada a Concellería de Orzamentos e Facenda, previo informe do Tesoureiro, para ditar as instrucións necesarias conducentes ao desenvolvemento operativo do procedemento, sempre e cando non contradiga o previsto no artigo 44BIS da Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTÍCULO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

Modifícanse no punto 3 os apartados b) e c), e os puntos 4, 6, 8 e 9.

3.

b) Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos sinalados no apartado primeiro sexa superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.

c) O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha conta aberta nunha entidade de crédito de titularidade do solicitante. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.

4. Os pagamentos realizaranse en 10 cotas mensuais con cargo en conta o día DEZ ou inmediato hábil posterior dos meses de febreiro a novembro, ambos os dous incluídos.

6. Cotas. A Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción en función dos recibos dos tributos de cobramento periódico e notificación colectiva dos que fose titular no exercicio anterior, sendo as 9 primeiras de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar correspondente a todos os recibos fraccionados, menos o importe das 9 primeiras cotas. Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase á súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.

No suposto de que o solicitante deixe de estar acollido a este sistema especial de pagamento por non cumprir os requisitos establecidos nas letras b) ou d) do apartado 3 deste artigo procederase de oficio á devolución das cotas que resultasen pagadas.

8. A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, en tanto non sexa solicitada por escrito a baixa polo interesado, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito por calquera motivo, ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Nestes casos, o sistema de pagamento pasará a ser o sistema normal, de acordo cos prazos sinalados no

calendario do contribuínte.

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de maior a menor antigüidade, determinada pola data de finalización do período voluntario de ingreso de cada un deles. No suposto de que dous ou máis tributos teñan a mesma data de finalización do período voluntario, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de menor importe.

Se unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas "a conta" resultasen recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederase ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa recadadora.

9. Os interesados deberán comunicar expresamente calquera cambio na domiciliación bancaria, producindo efectos na vindeira cota, sempre que se solicite antes do día 20 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Con data 13.07.18, o Interventor Xeral emite informe de fiscalización.

En data de 16.07.18, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente dita proposta.

En sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

Con data 3.08.18, o Tribunal Económico Administrativo presta conformidade ao acordo da Xunta de Goberno Local.

O secretario xeral do Pleno, en data 10.08.18, emite informe xurídico.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Pasamos ás ordenanzas fiscais e delimitación sobre impostos e taxas, son os puntos 4, 5, 6, 7, 8 e 9 que como fixemos outros anos imos facer un debate conxunto dos seis puntos, despois terán que votarse individualmente. O procedemento son 10 minutos de tempo e polo tanto arrancam os debates sobre os puntos 4, 5, 6, 7, 8 e 9.

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para falar da aprobación das ordenanzas fiscais e non fiscais deste Concello para o próximo exercicio 2019, neste caso e como xa coñecen todo vostedes a novidade é que conxelamos os tipos impositivos en tódolos impostos, taxas e prezos deste Concello para o 2019, non sobre o IBI, non sobre o Imposto de Actividades Económicas, non sobre senón que baixa o imposto de vehículos, non sobre o imposto sobre construcións e non sobre o imposto sobre

plusvalía, pero sigo, non sobe a taxa de recollida de lixo, as taxas municipais, tampouco a prestación da agua e non soben os prezos públicos das escolas infantís e as das demais actividades deste Concello para o 2019. Como dicía moi ben, estes últimos días o meu compañeiro de goberno, conxelar impostos cunha inflación que crece un 1,5%, significa baixar impostos á cidadanía, significa que os cidadáns de Vigo van ter dispoñibles preto de 3 millóns de euros máis con esta conxelación de tipos impositivos nos impostos, nas taxas e nos prezos municipais. Insisto que esta conxelación de tipos significa e non ten outra lectura, que é unha rebaixa de impostos para os cidadáns desta cidade, e logo porque gozamos, como dicía hai uns intres dunha situación financeira solvente, dunha boa situación financeira neste Concello de Vigo. Tamén dispoñemos dun sistema equitativo e xusto no pagamento dos impostos, hai que lembrar que só nas bonificacións fiscais nas distintas ordenanzas fiscais o importe, a contía destas ordenanzas fiscais bonificadas supoñen o 7,2 millóns de euros, polo tanto, un importante, chamado tecnicamente orzamento de gastos fiscais, é dicir, de bonificacións fiscais para as familias que permiten por exemplo máis de 250 familias numerosas teñan unha bonificación no IBI ou que permite tamén que máis de 3.700 contribuíntes desta cidade teñan unha bonificación na taxa de recollida de lixo e podería seguir sumando datos e números a estas cidade, pero tamén temos un sistema fiscal municipal que permite xerar ingresos para satisfacer e para pagar eses servizos públicos de calidade que tanto valoran os cidadáns desta cidade. Polo tanto, con pouco facemos moito porque prestamos servizos públicos de calidade recollidos e recoñecidos polos cidadáns desta cidade.

Con estas modificacións tamén mantemos a nosa posición de ser a cidade de Galicia coa menor presión fiscal, a presión fiscal que se calcula cunha fórmula oficial, amosa que a cidade de Vigo está por debaixo da cidade de Ourense, da cidade de Santiago de Compostela, da cidade de Pontevedra, da cidade de A Coruña, da cidade de Lugo e estamos nesa presión fiscal baixa no contexto de Galicia pero tamén cunha presión fiscal baixa no contexto do Estado onde a media está 560 euros por habitante e en Vigo de acordo cos datos da última liquidación da Conta Xeral está en 500 euros, pero eu diría algo máis, se descontamos o que percibimos do Estado a presión fiscal municipal estaría en torno aos 440 euros, o que paga un servidor con impostos locais por exemplo, moi por debaixo tamén

doutras cidades ou doutras vilas da nosa contorna, a presión fiscal de Baiona pode dicirse que é moito maior que a presión fiscal de Vigo, comparativamente, ou por exemplo a presión fiscal do Concello de Sanxenxo e tamén infinitamente superior á presión fiscal do Concello de Vigo. Polo tanto, estamos non só nunha boa situación comparativa coas cidades de Galicia e coas cidades do Estado, que é con ten temos que compararnos, pero tamén con outras vilas e pobos da nosa contorna que non teñen nin a prestación de servizos nin a calidade nos servizos que presta este Concello.

No que se refire aos impostos municipais para o 2019, hai que significar que no caso do IBI, ademais de conxelar ese tipo impositivo para o 2019, se facilita o pagamento do imposto para as comunidades de bens ou comunidades hereditarias que tiñan algunhas dificultades para designar unha persoa identificada para facer fronte ao pagamento do imposto pero tamén se modifica a exención prevista para os centros sanitarios, concretándoa nos centros sanitarios públicos e atención primaria nesta cidade, polo tanto, eses centros de atención primaria algún o seguimos esperando, por exemplo o de Bouzas gozan desa bonificación no Imposto sobre Bens Inmóveis. No Imposto sobre Actividades Económicas como dicía se conxelan os tipos que permiten que eses 40.000 empresarios que hai na cidade estean bonificados na súa maior parte posto que a bonificación do Imposto de Actividade Económicas fai que só o paguen 3.700 empresarios desta cidade e conxelamos o tipo para as empresas que actúan nesta cidade. No Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, facemos a 4ª rebaixa consecutivas do imposto para as motocicletas, fomentando así esa nova forma de mobilidade urbana sostible que estamos a poñer en práctica nesta cidade, evitando un maior índice de contaminación, facilitando esta mobilidade das motocicletas e polo tanto incentivando esta nova forma de mobilidade urbana, algo que beneficiará a un parque de motocicletas con máis 21.500 motocicletas nesta cidade, polo tanto, bonificando tamén as persoas que dispoñen de motocicletas.

As modificacións tamén se reflicten no gravame ás empresas que prestan servizos de telefonía móbil e suxeitando ás empresas que teñen redes de datos, redes que utilizan subsolo municipal, para entendela, o que vai por debaixo das beirarrúas desta cidade e polo tanto facendo que estas empresas tributen como así o veñen recoñecendo os tribunais, o Tribunal Superior de Xustiza dando a razón a esta

concellería de Facenda e a este goberno nos pleitos gañados ás empresas de telefonía móbil que eran reticentes a pagar un taxa por ese aproveitamento do dominio público, pero que tamén se fai unha modificación da ordenanza fiscal Xeral facilitando un sistema de pagamento, o Sistema Fácil 10, que permite que tódalas persoas desta cidade poidan fraccionar en 10 mensualidades as súas débedas co Concello, por exemplo, a taxa do Lixo supón neste fraccionamento de 10 mensualidades pagar 8 euros ao mes, polo tanto, facendo moi fácil ese pagamento, pero tamén modernizando á administración, permitindo que se poidan solicitar e obter fraccionamentos de pago de forma automática a través da páxina web, a través desa oficina tributaria que temos na web municipal e sobre todo ampliando o prazo dos fraccionamentos e os aprazamentos de pago ata 36 meses, polo tanto, superando con creces o prazo normal que conceden outras cidades e polo tanto, un fraccionamento de pago que pode ir dende 6 meses ata 36 meses, polo tanto, moito máis alá de dous anos, facilitando o pagamento dos tributos a aquelas persoas que o precisan, e por ultimo, no que se refire ás modificacións adaptamos á Lei de contratos ás ordenanzas a antiga taxa da auga e da retirada de vehículos posto que a Lei de contratos, na súa disposición adicional 11 e 12, obriga aos concellos, nunha desas reformas do Partido Popular, a reconverter a prezos estas antigas taxas por prestación do servizo de subministro de auga e de retirada de vehículos, nunha desas reformas liberalizadoras. Polo contra, o que temos en fronte é unhas rebaixas que propoñen tanto os señores do Partido Popular como os de Marea de Vigo, a insensatez do Partido Popular fai que cando eles gobernan fan unha cousa e cando están na oposición piden outra, cando o Sr. Rajoy estaba na oposición dicía que ía baixar o IRPF, cando chegou ao goberno o 30 de novembro de 2011, subiu o IRPF, subiu o IVE e o mesmo fixo a Sra. Muñoz cando era conselleira de Facenda, subiu o imposto de hidrocarburos, subiu o canon de saneamento, subiu o canon de SOGAMA, pero cando está na oposición piden rebaixas de impostos de nada menos que dun 5% lineal ou dun 25% na taxa do Lixo, non saben que o canon de SOGAMA que pagamos todos subiu un 40% nos últimos anos e o subiu a Xunta de Galicia, polo tanto, o que ten que dicir o Partido Popular é se rebaixan ingresos que servizos recortan, porque o Partido Popular é o Partido dos recortes, dos paus na roda e na contra temos tamén o grupo de Marea de Vigo que propón algunha subida de impostos para gravar a aqueles titulares de

piso baleiros, algo que non pode facer este Concello ata que non exista un regulamento de desenvolvemento e propón tamén penalizar aos titulares de fincas que teñan a consideración de soares, algo que dalgún xeito non é función dun imposto penalizar senón que é gravar riqueza e manifestacións económicas, seguen tamén coa cuestión da Igrexa Católica que está exenta.

SR. PÉREZ CORREA: Nós, primeiro unha reflexión, porque creo que sería bo que tódolos anos revisáramos o compendio de ordenanzas máis grandes deste Concello e creo que tódolos anos non pasa nada por darlle unha volta a se hai algunha modificación importante que facer, pois na ordenanza do IAE, a que recolle o lixo e outras ordenanzas que non son fiscais pero que tamén son importantes para o funcionamento da cidade sobre todo cando hai problemas, e cremos que temos que avanzar tamén nalgunha modificación na ordenanza que regula por exemplo, a licencia de actividades, ás ordenanzas que teñen que ver coa ocupación da vía pública porque cremos que hai moitos problemas, está habendo denuncias ao sector de hostalería de forma reiterada que teríamos que solventar, en todo caso se nos propón só que se vaia facer unha revisión pois de apenas 6 ordenanzas, das cales, neste caso vostedes das dúas primeiras nas que se fai esa adaptación a Lei de contratos públicos e tamén á Directiva europea absolutamente neoliberal que propón ese cambio que non é un cambio menor, nos gustaría saber cal é a posición do Partido Socialista porque é certo que a lei vai obrigar a cambiar ese concepto de taxa por ese de prestación patrimonial de carácter público non tributario que é un “palabro”, para dicir basicamente que a partires de agora as cuestións que antes regulaban unha taxa, por exemplo, que non te poidan cobrar por esa taxa máis que os custes do servizo desaparece e estamos a falar de auga e de grúa e ese criterio está sendo contestado por moitos concellos progresistas deste país que se negan a adaptar a taxa, neste caso están a dicir, no caso da auga que estamos abrindo unha espita á considerar unha prestación patrimonial de carácter público, unha taxa da auga e automaticamente que as empresas subministradoras e ademais ese cambio se da simplemente porque a xestión está dada por empresas concesionarias privadas, e incluso queren adaptalo tamén ás empresas 100% públicas e para nós é bastante grave, nós gustaría saber cal é a posición porque creo que este Concello tería que ser

máis belixerante en evitar que a auga se converta nunha prestación patrimonial e sega sendo unha taxa, porque automaticamente veremos como se van imputando custes máis alá do que é unha taxa que obviamente non pode estar por enriba do servizo e ademais o carácter coactivo do cobro que elimina unha parte substancial do artigo da Constitución que di, que a xente ten que ter un salario, uns ingresos e polo tanto un sistema impositivo de acordo cos ingresos que recibe e que cremos que isto é abrir a espita a converter a taxa da auga e da grúa nun servizo que non ten nada que ver co concepto básico de taxa, para nós nos gustaría saber cal é a posición porque si que é certo que chegan moitas resolucións e os avogados das concesionarias presionan moito con isto pero hai concellos que se están enfrontando porque din precisamente que son progresistas.

Logo hai outra cuestión, aquí non imos resolver, nós poderíamos poñer que estamos en contra de que se sega tarifando 30 metros cúbicos de consumo pero coa resposta magnífica que fan aquí, cun informe suposto da Universidade de Vigo subrealista, farémolo público porque cremos que a contestación é para “flipar”, e tan legal dicir que é consumo mínimo como consumo real e ademais é que hai que meter os custes dos servizos ao consumo mínimo, isoponse nun papel, en todo caso para iso están as subidas pactadas coas concesionarias, para iso Aqualia pon que a auga tería que subir un 8% para cubrir e ademais estaríamos xustificando que tódolos servizos que se van imputar ou tódalas actividades que se van imputando ao servizo de auga son lexítimas e para min que Aqualia pague un banco ou un farol é absolutamente ilexítimo cando logo iso repercute en seguir mantendo os 30 metros cúbicos que por certo, o ano que ven o 2019 xa teríamos que estar denunciando a ampliación de 5 anos para evitar que volvan outros 5 anos máis ata un máximo de 40, pero como esas ordenanzas practicamente están supeditas á concesión e ao contrato con concesionarias privadas, nós queríamos facer algunhas propostas sobre as ordenanzas relacionadas co IBI, co Imposto de rodaxe, e tamén coa taxa por aproveitamento especial do dominio público e non é que queiramos subir os impostos alegremente a toda a cidadanía e que aquí estamos dicindo que hai que subir os impostos á especulación, e dicimos que hai que subir cando menos un 100% as taxas de ocupación da vía pública dos caixeiros xa que vostedes na discusión que estamos tendo Unidos-Podemos-En Marea co Partido Socialista non ven normal poñerlle unha taxa á banca, pois entón

comecemos a poñerlle micro taxas á banca porque leva roubando a gran parte da cidadanía o seus recursos durante os últimos anos, imos ter unha diversión absoluta en ver como chalanearon a liquidación de Alfageme os directivos das caixas galegas e polo tanto, é bo que os concellos esixan esa ocupación e pedimos duplicar esa taxa con respecto a ocupación da vía pública e a cuestión da igrexa é unha cuestión que os concellos están a asumir, a Igrexa só está eximida dos locais de rezo, ás igrexas, pero o resto de actividade económica que fai o bispado Tui-Vigo con miles de alugueres que son lucrativos terán que pagar o seu IBI e iso moitos concellos estano facendo con toda a naturalidade, entendendo ademais que me gustaría que o Partido Socialista que governa elimine o concordato co Vaticano que segue ano tras ano condicionando tamén a fiscalidade neste país no canto do IRPF pero tamén na cuestión das ordenanzas; e o único que estamos a pedir na cuestión do IBI non é máis que volver ao gravame que é o que vostedes poden regular aos niveis precrises porque dende que comezou a crise vostedes o que utilizaron foi a subida do gravame do IBI, xa chegando incluso ao límite legal que permite o ministerio de Facendo é o único que estamos pedindo é que volvan eses gravames aos tempos de precrise porque unha persoa que ten unha vivenda cun valor catastral x non é o mesmo multiplicalo por 0,804 que por 0,884, non é o mesmo e iso significaría unha pequena achega económica.

Tamén pedimos que se faga a reflexión do gravame do IBI ás vivendas baleiras entendendo vivenda baleira como vivenda que non ten consumos de auga e de luz durante máis de dous anos e non é unha segunda vivenda e non é tampouco unha vivenda a que se opten por herdanza de pais ou de familiares, iso hai concello que o están facendo, é certo que falla o ditame do carácter e iso hai un compromiso tamén do goberno actual, debería selo porque na oposición si que o demandou, que o Congreso o Deputados diga cal é ese criterio de vivenda baleira, pero hai concellos que o están aplicando simplemente coa cuestión dos consumos e estano a facer sen ningún problema, e non hai ningunha ilegalidade e non hai ningún tipo moitas veces de queixa, incluso se están a gañar a aquelas persoas, sobre todo os grandes propietarios estes Airbnb, todos estes sistemas que se están protestando e que están perdendo afortunadamente na cuestión dos pagos do IBI.

E logo hai cuestións que nós si que consideramos que bo que se poña enriba da mesa, nós dicimos que sobre está moi ben, vostede chámelle nova mobilidade ás

motos, meu avó ía en lambreta, creo que nova mobilidade non son as motos, incluso nova mobilidade serían os patinetes que cada vez hai máis e que por certo algún día teríamos que regular, pero nós o que estamos a dicir é que a cota se baixe de maneira progresiva aos cabalos fiscais, por que? Para equiparar un pouco o de favorecer aos vehículos de menos potencia fiscal e polo tanto, que alcance un maior número de construíntes, a maior parte dos contribuíntes teñen vehículos de menos cabalos fiscais e polo tanto, o único que estamos a pedir é unha rebaixa que vai o 15% para os de menos de 8 cabalos fiscais e máis do 5% para os de máis de 20, e a cuestión das motocicletas de máis de 25 anos que pedimos que non se bonifique o 50% senón que simplemente un 25% é porque son as máis contaminantes, os vehículos de máis de 25 anos son os máis contaminantes e moitos concellos Barcelona, Madrid, Sevilla o que están a facer é incentivando que non estean en rodaxe, vehículos de máis de 25 anos precisamente polo seu carácter contaminante. E as cuestións, hai unha reflexión previa e é que a nós nos gustaría que xa comezamos a falar de como condicionar xa o debate e polo tanto tamén a resolución a través do prego e posteriormente do contrato de que imos facer co contrato da auga e o dicimos aquí, nós queremos que simplemente se cambie ese criterio, queremos saber abertamente o que se vai facer o ano que ven, imos seguir co truco de darlle 5 anos máis para que Aqualia nos responda con investimentos e polo tanto ese debate tamén abril, e por suposto que a conxelación non é nada novidoso, é unha práctica sistemática que vostedes fan no período do ano electoral, o fixeron no 2015 e calquera persoa que vaia as hemerotecas era unha práctica tamén habitual dos gobernos do Partido Popular, chega o período electoral anunciamos a conxelación e iso queda nun bote, non é que desapareza e o 3% non desaparece, senón que nos exercicios seguintes se imputa ao IPC natural dese ano, xa o fixeron dende o 2015 ata 2018 que levamos, anunciaron a conxelación para o proceso electoral e logo foron gardando no bote do debe todo ese recurso que logo obviamente van porque senón as concesionarias lle din "oia a min tenme que subir o 8%", si, pono o informe de Aqualia que vostedes presentaron, que a conxelación que o goberno local no 2015 nos fai que aínda queda un 8%.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros que nestas ordenanzas fiscais perderon vostedes unha gran oportunidade de facer xustiza cos vigueses, de adoptar unha decisión en beneficio directo da tódolos vigueses e que redunde directamente no peto de tódalas familias de Vigo que pagan os impostos máis altos de Galicia pero non quixeron e quixeron amagar, porque estamos en ano electoral non se atreven a subilos que é o que queren realmente e tráennos aquí unha conxelación, pero xa escoitalo falar de que a conxelación o que supón realmente é unha baixada de impostos, sinceramente Sr. Aneiros, a parte de pouco rigor técnico que esa afirmación supón, dende logo parece que está vostede querendo insultar á intelixencia de tódolos cidadáns e Vigo, pero como que agora vanlle ter que dar as gracias por non subirlles os imposto? Pero que é isto, o mundo ao revés? Non Sr. Aneiros vostedes teñen unha situación financeira da que presumen por certo moito, que lles permite tomar decisións en beneficio dos cidadáns e que lles permite baixar os impostos, o que pasa é que vostedes non queren baixar os impostos porque teñen unha voracidade recadatoria sen límites, e agora imos falar de datos porque claro vostedes sempre moita propaganda pero poucos datos e os datos son claros, mire, Sr. Alcalde, dende que vostede goberna Vigo, dende o ano 2007, subiron vostedes os imposto un 23% dende que gobernan dende o ano 2007, esa é a idea que teñen dos impostos neste goberno municipal, pero é que dende xuño do 2007 ata xullo 2018 o IPC ese que agora di que nos perdoan e que non nos soben, subiu un 16%, é dicir, os vigueses pagaron máis impostos, 7 puntos máis de impostos do que subiu o IPC co cal a conta aínda está a favor dos vigueses e aínda se vostedes queren comparalo co IPC o que terían que facer é baixarlles os impostos que é exactamente o que pedimos dende o Partido Popular é exactamente o que levamos pedindo ano tras ano dende o Partido Popular, pero non, súbeo ano tras ano e agora os conxelan e así o resultado é, os impostos máis altos porque mire, vostede dígaos como o diga temos o tipo impositivo máis alto do IBI das 20 principais cidades de España, estes días os vigueses estamos a recibir o recibo do IBI e imos pagar máis IBI no 2018 do que pagaron no ano 2017, do que pagaron no ano 2016, por moitos contos que vostedes lle queiran contar, cando veña ese recibo do IBI ven que pagar outra vez máis impostos, e non nos veña coa historia de que a base porque o valor catastral, menos mal que o valor catastral non depende de vostedes porque se dependera

tamén nolo subirían, agora que gobernan en España estamos preocupados porque ao goberno do Sr. Sánchez se lle ocorra facer unha revisión do valor catastral e entón haberá que endebedarse para poder pagar o IBI.

Pero a realidade é que temos o tipo do IBI máis alto das 20 principais cidades de España, dato, apunte, como temos tamén o imposto de vehículos máis alto de Galicia, a grúa máis cara, o bonobús máis caro Galicia co peor servizo de transporte público de España, a hora máis cara de Galicia, a auga máis cara e enriba pagamos por unha auga que non consumimos, o Imposto de Actividades Económicas máis alto, mire Sr. Aneiros, mire como está o Imposto de Actividades Económicas dos Concellos da Área Metropolitana de Vigo, máis do 40% inferior ao que pagan en Vigo, por iso as empresas vanse, por iso as empresas queren marcharse e vanse fora da área de Vigo porque non temos Plan Xeral e porque pagan moitos impostos e logo claro, o Sr. Alcalde culpará á Xunta de Galicia ou aos concellos da área porque as empresas fuxen de Vigo e se instalen noutros concellos, terán a culpa sempre outros pero non vostedes, pero si que vostedes son os responsables por moito que queiran derivar a atención e todo isto para que, se non son capaces, como acabamos de ver, nin de executar o seu propio orzamento, somos os campións de España en pagar impostos, os campións en execución e en execución do orzamento de ingresos, iso si, aí si que lles temos que dar tódolos méritos, un 110%, recadan máis do que orzamentan, en ingresos si, cobrándolle, porque os vigueses si que pagan, si que cumpren Sr. Caballero pagando os impostos, o que non cumpre é o seu goberno que non sabe que facer con tantos cartos que leva acumulando. O imposto de plusvalía ese que tiña que baixar porque non se ían cobrar as Plusvalías cando había perda, pois vostedes recadan o 143% , esa é a realidade da súa política de ingresos e esa é realidade do que están facendo co peto de tódolos vigueses e total para que? Insisto, se xa temos case 100 millóns de euros en caixa, lease ben o cadro de Remanente de Tesourería e vexa que este ano temos fondos líquidos que é o que teñen os bancos que están moi contentos con vostedes, 87 millóns de euros e remanentes 95 millóns de euros, esa é a realidade das súas contas, os bancos están moi contentos con vostedes, pero saben quen tamén están moi contentos? As concesionarias, porque esas si que reciben os cartos puntualmente, 45 millóns Aqualia, 25 millóns Vitrasa, 70 millóns de euros aos que se lle adjudicaron os

contratos de limpeza viaria e recollida de lixo, ese son os cartos que reciben as concesionarias e a cambio de que? Porque cando foi a última vez que auditaron a unha concesionaria? Cando foi? Cando foi a última vez que controlaron os cartos que lle pagamos ás concesionarias? Nunca na súa lexislatura, nunca nestes anos de goberno Sr. Alcalde, porque non quere vostede controlar ás concesionarias, quere que sexa barra libre para as concesionarias, sempre que pedimos unha auditoria sempre a resposta é a mesma, sempre é non a resposta, como tamén é non cando propoñemos baixadas de impostos, porque mire Sr. Aneiros, que nos diga a nós ao Partido Popular que subimos os impostos non, os que soben os impostos cando non fai falla son vostedes, nós si subimos os impostos é porque vostedes nos deixan o país quebrado, porque vostedes nos deixan a Xunta de Galicia quebrada, porque vostedes deixaron e afundiron a este país na peor crise económica que se lembra, si señores, e hai que pagar os servizos públicos e hai que recuperar este país, e isto é exactamente con seriedade con traballo e con rigor o que fixo o Partido Popular gobernando España e Galicia, así que leccións ningunha, aprendan do que é unha boa xestión financeira e en canto o permite a economía, a situación económica o que facemos é baixar impostos para aliviar a tódolos cidadáns nos seus petos e para permitir que poidan gastar máis pero vostedes iso non o fan porque só saben recadar e subir impostos, dígallo aos seu compañeiro o Sr. Pedro Sánchez que xa nos cobra máis pola luz, que nos cobra máis polo gasoil, que nos ameaza con subirnos o IRPF e tamén quere que enriba a bonificación que temos no imposto de sucesións e doazóns é o 99% de bonificación que fai que as familias non o paguen, tamén quere o Sr. Pedro Sánchez quitárnolo aos galegos. Así que non nos dea ningunha lección de impostos e si, lle propuxemos unha baixada de imposto do 5% si, e vostedes nos dixeron que non, redución do 5% do IBI e dixeron que non, pagar a auga polo consumo real e non polo consumo mínimo e nos dixeron que non, baixar o 5% a auga e non dixeron que non, incluír unha bonificación para as familias numerosas para a auga nos dixeron que non, incluír unha bonificación tamén para abastecemento e saneamento para as rendas máis baixas, tamén nos dixeron que non, un 25% de rebaixa na taxa de lixo que está agobiando ás familias e aos comercios e vostedes tamén nos dixeron que non, a súa resposta sempre é que non a todo, non escoitan e logo pasan as cousas que pasan Sr. Alcalde, por non escoitar a ninguén, logo o

pagan os cidadáns, cun accidente como o de O Marisquiño ou pagando os impostos máis altos de toda Galicia, iso é o que lle pasa aos vigueses porque este goberno non escoita a ninguén e o Alcalde prefire mirar o teléfono móbil a escoitar á voceira da oposición, é exactamente o que pasa nesta cidade día si día tamén, falla de respecto absoluta e non escoitar á oposición e moitas veces temos razón e aos feitos dende logo nos remitimos. Mire, non presuma máis de conxelar impostos, non fale máis de conxelar e diga que lle temos que dar as gracias por iso porque o que tiña que facer era baixalos porque coa súa política impositiva máis que conxelar o que está deixando vostedes a tódalas familias de Vigo prexudicadas na súa economía familiar e está perdendo unha oportunidade de ser xenerosos porque ademais os vigueses administran moito mellor os cartos do que o administran vostedes e hoxe mirámolo tamén na execución orzamentaria, déixello aos vigueses que saben moito máis de xestión orzamentaria que o seu goberno.

SR. LÓPEZ FONT: Despois de todo este batiburrillo, despois de datos inexactos, despois de non ir ao que realmente estamos a debater con algunha inexactitude que parece mentira que vostede a diga e incida nela e sobre todo con toda esta mistura de demagogia, acabamos falando do Sr. Pedro Sánchez, da gasolina, de O Marisquiño, vale absolutamente todo, a verdade que cando falan vostedes hai que facer un primeiro esforzo para escoitar e para identificar de que cidade fala, porque de verdade eu seguíndolle a vostedes teño as veces serias dificultades porque do que falan non se corresponde con esta cidade, co cal eu non sei se misturan, non sei se son os argumentarios que lles mandan dende Santiago de Compostela nos que misturan unhas cidades con outras e vostedes non saben seleccionar ben, non sei sinceramente ás veces de que falan, pero mire, estamos a falar de ordenanzas fiscais e unha vez vez máis este goberno trae a este Pleno unhas ordenanzas fiscais baseadas na conxelación e esa frase tan fácil de dicir por parte do concelleiro de Facenda de que non se soben os impostos e taxas municipais é moi fácil de dicir, é moi fácil de enumerar e parece moi sinxela pero detrás de todo isto señores/as do Partido Popular, hai unha política, hai unha forma de facer política que se materializa nas ordenanzas e nos orzamentos que levamos anos facendo e cando a sociedade se move en función do IPC vostedes, eu e

tódolos demais, cando o IPC de abril sobe un 1,5% nós aí fora cando consumimos e cando pagamos unha serie de servizos estamos a pagar ese incremento do 1,5% e dáme o mesmo as risas de sempre, de conxelación, de que isto non é baixada, afirmo categoricamente como o concelleiro de Facenda que cando o IPC sobe 1,5% e un goberno municipal como este decide non subir, decide conxelar, está baixando os impostos aos cidadáns porque isto é moi sinxelo, ás veces fálase de entorno a 3 millóns, non, eu vou dar a cantidade exacta co que dixo o concelleiro da Facenda, co que se propón por parte deste goberno a este Pleno, aos vigueses/as se lles aforra 2.830.000 euros e o resto son interpretacións, o resto son querer dar volta ao que se queira dar para claro, acabar falando do Sr. Pedro Sánchez, de O Marisquiño e demais, porque a pregunta é, quen fan isto mesmo que fai este goberno? Faino a Xunta de Galicia, fano os gobernos do Partido Popular? Non, o fixo o goberno do Sr. Rajoy co Sr. Montoro en Facenda? Tampouco, polo tanto, aquí lonxe de dar leccións que é unha frase que temos recorrente de “non me de vostede leccións de” non, se non damos leccións, damos feitos e cando aquí se chega cunha proposta concreta iso é sobre o que hai que debater, polo tanto lle estamos aforrando aos cidadáns pero é que hai un factor máis dentro das ordenanzas fiscais que leva este goberno dende hai moitos anos aplicando e que é outra medida de política social e de aforro para os cidadáns e son as bonificacións fiscais e as bonificacións fiscais novamente este ano volver a ser por 7,2 millóns de euros e saben vostedes o que hai detrás dunha bonificación fiscal? A axuda ao que máis o necesita e iso é política social, iso se materializa nunhas ordenanzas e iso é o que leva facendo este goberno durante 11 anos señores/as do Partido Popular.

Polo tanto, cando se fala dalgunhas cuestións como a taxa da auga e demais hai que cumprir a lei, a lei que fixeron vostedes que está no Tribunal Constitucional aínda pendente, pero miren, a maiores do que significan as ordenanzas e a maiores do que significa esta conxelación que é unha baixada, a maiores hai uns servizos que presta este Concello que se melloraron, hai un nivel de investimento maior e hai un nivel de actuación en todo aquilo que afecta aos cidadáns e que soe dicir con moi bo criterio o concelleiro de Facenda porque iso é o que hai que poñer en valor, o que dos ingresos e dos gastos que ten este Concello incide nos cidadáns e hai que dicir algunhas cuestións que seguro que nos dirán que

repetimos e demais, cando se fala de carga impositiva sobre os cidadáns, este Concello soportou un incremento de 2 millóns de euros pola recollida de residuos que calquera outro concello repercute na taxa correspondente e non o fixemos, polo tanto, tomen nota e vaian sumando de bonificacións fiscais do que supón o aforro da conxelación do que deixamos de repercutir nos impostos aos vigueses, e polo tanto, estamos nunha rebaixa moi importante digan vostedes o que digan, falen das porcentaxes que falen, porque mire con vostedes cando se fala de porcentaxes en termos absolutos eu de verdade lle recomendo que vaian ás publicacións oficias, tiveron un ministro de Facenda ata hai escasos tres meses, nas publicacións oficias do Ministerio de Facenda, Vigo é a cidade con menor carga fiscal de toda Galicia, e vostedes nun embrollo de cifras din o contrario, teremos que asumir as dúas partes de que nos teremos que fiar das fontes oficias, pero claro, cando non se quere escoitar ou cando se quere aquí vir a falar doutras cuestións que non se corresponden co que tratamos, pois escoitar din que non escoitamos, fíxese se escoitamos con atención o que nos dixo durante 10 minutos. Miren, nestas ordenanzas fiscais novamente se cadra a mellor das opcións para os cidadáns, menos impostos, máis investimentos e unha situación económica de débeda cero, é dicir, polo tanto unha situación financeira invidiable e isto que se materializa nas ordenanzas fiscais está unido á mellor política social de calquera concello do Estado español, e polo tanto, estamos actuando en todo un conxunto que repercute nos cidadás e da súa intervención, insisto, en que hai que dicir que temos os impostos máis altos de Galicia non se corresponde co que dicía oficialmente o Sr. Montoro, pero mire, vostedes teñen un concepto moi paternalista disto da política que nós non compartimos, nós compartimos e facemos política cos dereitos dos cidadáns, cando decidimos a conxelación de impostos non é para que non dean as gracias, non, é para trasladar o que é un dereito dos cidadáns que se un concello vai ben economicamente como este, nos podemos permitir o que non haxa ese incremento do 1,5%, polo tanto, non estamos esperando a que ninguén nos dea as gracias o que estamos a facer é que no convencemento de que estamos actuando en favor dos cidadáns, fala de voracidade recadatoria, pode dicir o que queira pero non se corresponde coa realidade e logo claro, en canto a falla de rigor xa me acabou vostede de matar dicindo que está preocupada porque o Sr. Pedro Sánchez faga unha revisión catastral cando a revisión catastral a fixo o

Sr. Montoro, as cartas están chegando aos concellos e están chegando aos cidadáns, e iso é unha revisión catastral acordada polo Sr. Montoro, cada concello decidiu o que quixo pero mire, vuller contar outra cuestión relacionada coa revisión catastral, a revisión catastral que decidiu o Sr. Montoro está repercutindo aos cidadáns desta provincia como do resto, pero cando fala de voracidade se terá que referir a voracidade do Sr. Montoro, sabe o que fixo nesa revisión catastral? Crear unha cota por apertura de expediente de 60 euros ao marxe da revisión que procedese e sabe o que fixo, encargoullo a unha empresa privada, é dicir, someteu aos cidadáns a unha revisión catastral só polo feito de abrir un expediente cobra 60 euros, así que señores/as do Partido Popular non teman nada do Sr. Pedro Sánchez que xa nos libramos do Sr. Rajoy.

SR. ANEIROS PEREIRA: Diciao moi ben o meu compañeiro o Sr. Font, vostedes non queren escoitar, os señores do Partido Popular, unha mostra disto é que a cámara do seu grupo grava cando fai o seu monólogo pero non grava cando fai a réplica porque o seu grupo, o seu presidente o Sr. Feijóo, quedaría aparvado cando vise as réplicas que deixen sen efecto o que vostede está dicindo, mire, para falar hai que falar con propiedade, hai que usar os datos oficiais que vostede nin len nin quere escoitar, o sistema de información económico local Sra. Muñoz, coloca a presión fiscal de Vigo por debaixo do resto das cidades de Galicia, lea datos oficiais, lea, estude, pero parece que tampouco estudou na carreira porque iso que se aprende en primeiro de económicas, da diferenza entre termos nominais e reais, tampouco parece que o quere aprender porque si nominalmente o tipo é o mesmo cando o IPC sube, iso equivale a unha baixada de imposto, o acaba de dicir tamén moi ben o meu compañeiro o Sr. Font, 2,8 millóns de euros que quedan nas mans dos cidadáns de Vigo, que quedan nas mans das empresas de Vigo, que queda polo tanto, en mans dos vigueses/as e polo tanto, mire, documéntese, estude, e despois veña aquí aprendida pero o que vostedes fan é o maior exercicio de filibusteiro político, din unha cousa cando están na oposición e fan outra cando están no goberno, o dicía na miña intervención anterior, o Sr. Rajoy cando estaba na oposición ía baixar tódolos impostos, 30 de novembro de 2011, a maior subida impositiva que lembran os cidadáns deste país, pero non só iso, na Xunta de Galicia soben os valores de referencia no imposto sobre sucesións, soben os

valores de referencia no impostos sobre transmisións patrimoniais, esas subidas que parecen que non son subidas, esas das que vostede tamén foi partícipe, tamén tipo autonómico do imposto dos hidrocarburos, súbeno, o canón de saneamento, súbeno, o canon de SOGAMA, súbeno, mire, hai un gráfico que amosa moi ben o que vostedes fixeron e fan neste últimos anos, recollida de lixo, de 2013 a 2017 o canon de SOGAMA que depende exclusivamente da Xunta de Galicia, algún ano foi vostede conselleira de Facenda, o canon de saneamento de SOGAMA subiu 14 euros, no período 2013-2017, saben canto subiu proporcionalmente a recollida de lixo de Vigo, cero, é máis a baixamos ao 0,25%, este cadro amosa a realidade, amosa que vostedes cando están na oposición din unha cousa e cando están no goberno fan totalmente a contrario, o canón de SOGAMA como dicía o meu compañeiro Sr. Font, non o repercutimos na taxa de lixo o pagamos con cargo aos orzamentos deste Concello polo tanto, estamos asumindo o pago de gastos con cargo aos gastos xerais do Orzamento deste Concello e non repercutindo as subidas aos cidadáns como fan vostedes, por certo, dicía o Sr. Pérez Correa, coa modificación encuberta desas prestacións patrimoniais de carácter público non se sabe se son tributarias ou non tributarias que tamén están recorridas no Tribunal Constitucional. Pero mire, é que para falar de impostos e para se crible hai que ser crible porque o Partido Popular que solicita esa baixada dun 5% de impostos é o Partido Popular que frea as obras do Edusi de Gran Vía, o Partido Popular que frea as obras da Porta do Sol, o Partido Popular que frea as obras de abastecemento en Teis para os colexios, o Partido Popular que frea as obras na Ronda de Don Bosco, no campo do Monte de Mina, o Partido Popular que non dota dun médico, dun pediatra en Coruxo, e que fai que as persoas se teñan que desprazar, o Partido Popular que noutras cidades paga un bus ao aeroporto e na cidade de Vigo non, pero o Partido Popular tamén que frea a Lei Vigo proxectos como o Pavillón de Matamá, as pistas de Samil ou os accesos ao colexio Padre Don Rúa, ese é o Partido Popular que non ten ningunha credibilidade nesta cidade, que agora ten 7 concelleiros e que nas próximas eleccións vai ter cero porque non ten credibilidade.

Mire, Sr. Pérez Correa a nosa posición con respecto ás prestacións patrimoniais de carácter público non tributario é oposta porque é liberalizar, é unha reforma liberalizadoras do goberno do Partido Popular e de feito está recorrida no Tribunal

Constitucional pero que temos que facer a día de hoxe cumprir a lei e a lei obríganos a facer unha adaptación, chamarlle non taxa senón prestación patrimonial de carácter público non tributario a esas prestacións e outras cuestións xa están feitas Sr. Pérez Correa, xa temos bonificados vehículos maiores de 25 anos, xa os temos bonificados a día de hoxe, xa están bonificados.

PRESIDENCIA: Rematado o debate procedemos á votación, como saben vostedes as votacións teñen que ser individualizadas de cada un dos puntos.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral para o exercicio 2019 (artigos 33; 41; 42; 43; 44; 44bis e Disposición Final), segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

5(139).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE: 2489/500. (1826/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 10.07.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“PRIMEIRA.- O Concello de Vigo en sesión plenaria de data 23 de outubro de 2006 aprobou unha modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles para o exercicio 2007 e seguintes incorporando a seguinte exención potestativa:

“artigo 5 Exencións.

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

.....

i) Os centros sanitarios da titularidade do SERGAS que se creen con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007 e, mentres que continúen afectados a uso sanitario”.

A incorporación do citado beneficio fiscal potestativo tiña o seu fundamento na Lei 55/1999 de 29 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que acompañaba á Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano 2000.

O artigo 18 da Lei 55/1999 titulaba a modificación: *“Beneficios fiscais no Imposto sobre Bens Inmobles a Centros Sanitarios de titularidade pública”* lexitimando así unha autorización aos Concellos para regular a exención a este tipo de inmobles nos seguintes termos:

“Así mesmo, as ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención establecerase na Ordenanza fiscal”.

O texto anterior constitúe o artigo 62.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e o seu contido habilita aos Concellos para configurar un beneficio fiscal potestativo, fundamentado, en última instancia, na autonomía local dos municipios consagrada no artigo 137 da CE e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, na súa vertente financeira e tributaria (artigos 4.1.b) da Lei 7/85 RBRL e artigo 12 do TRLRFL)

SEGUNDA.- Segundo as instrucións recibidas da Concellería de Orzamentos e Facenda, fórmulase, no presente expediente, unha proposta que mellora a

redacción da exención e que incorpora, de xeito máis claro, a finalidade do precepto que evitará controversias na súa interpretación e que dota ao texto da ordenanza de maior seguridade xurídica.

Afiánzase o carácter subxectivo da exención, que se dirixe aos “centros de saúde” nos que o suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto sexa o Servizo Galego de Saúde e nos que a atención se realiza por empregados públicos. Exclúense do beneficio fiscal aos bens inmobles, en todo ou en parte, nos que exista algún terceiro perceptor de cantidades de diñeiro público por prestar estes servizos ou, outros que impliquen cesión de espazos nos inmobles nos que se aplique a exención.

Dende un punto de vista formal, regulase como exención de carácter rogado para que se poidan verificar os requisitos de desfrute do beneficio fiscal e, deste modo, se poida contar cun acto expreso de concesión daquela.

Dende a perspectiva do elemento teleolóxico da exención, o texto proposto serve mellor a súa finalidade, ao delimitar claramente o ámbito obxectivo dos inmobles aos que se aplica este beneficio fiscal.

Con estas premisas, fórmulase unha proposta de modificación de determinados aspectos substantivos e formais do beneficio fiscal potestativo aprobado en sesión de 23 de outubro de 2006 que, por un lado, amplía a exención a favor do SERGAS nos inmobles destinados a Centros de Saúde e por outro lado, clarifica a non inclusión no beneficio fiscal dos inmobles de uso sanitario cedidos a terceiros mediante contraprestación.

A regulación proposta amplía a exención a todos os “Centros de Saúde” nos que o SERGAS sexa suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto, mentres que ata o presente, só resultaba exento o Centro de Saúde de San Paio de Navia, por ser o único que fora creado con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007.

Por outra parte, co texto proposto non resultarán exentos bens inmobles que teñan sido cedido a terceiros mediante contraprestación. Esta nova regulación, con este límite, resulta máis coherente co disposto no propio Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a propósito do tratamento fiscal doutros bens inmobles:

“Artigo 61.5 TRLRFL:

5. Non están suxeitos a este imposto:

a) As carreteras, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre é hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.

b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos municipios nos que estean enclavados:

- Os de dominio público afectos ao uso público.*
- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante*

contraprestación.

• Os bens patrimoniais, exceptuado igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación”.

TERCEIRA.- De conformidade coa proposta do Sr. Tesoureiro municipal de data 22 de maio de 2018 (expediente 19814/541), amplíase a bonificación do sistema especial de pagamento desde imposto ás entidades do artigo 35.4 da Lei xeral tributaria (herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición).

A aplicación do principio de xustiza tributaria aconsella que as entidades do artigo 35.4 da LXT , nas que a responsabilidade solidaria de pagamento (artigo 42.1.b) da LXT) recae en persoas físicas, gocen da bonificación do 3% recoñecida no artigo 12 da Ordenanza fiscal deste imposto.

CUARTA.- Informe sobre repercusión orzamentaria.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do PACAP, faise constar a continuación a estimación da minoración orzamentaria na partida do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana do próximo exercicio 2019 e seguintes:

Segundo os datos obrantes no derradeiro padrón de IBI aprobado no exercicio 2017, a cota tributaria por este imposto que corresponde aos Centros de Saúde nos que é suxeito pasivo obrigado ao pagamento o SERGAS é de 80.000 €. O importe no que se podería minorar a recadación do imposto pola ampliación ás entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria da bonificación do 3% da cota por pagamento en dous prazos, sería de 5.000€. Estímase, en consecuencia que a minoración que se producirá no próximo presuposto de ingresos de 2.019 será de 85.000€.

QUINTA.- Informe sobre o impacto de xénero

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

SEXTA.- Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

SÉTIMA.- Tramitación da modificación

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 5.- EXENCIONES.

Suprímese do punto 1 o apartado i). Engádesse no punto 2 un novo apartado e), co seguinte tenor literal:

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

i) Suprímese este apartado i)

2.

e) En aplicación do artigo 62.3 do TRLRFL, os Centros de Saúde nos que a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto, segundo a prelación establecida no artigo 61 do citado TRLRFL recaia sobre o SERGAS e se cumpran as restantes circunstancias descritas neste apartado.

Considéranse, aos efectos desta Ordenanza, Centros de Saúde, aos bens inmobles nos que, conforme ao disposto no RD 1277/2003 de 10 de outubro, o SERGAS desenvolva “Atención Primaria de Saúde” a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No caso de que nun mesmo inmovible coexistan “Servizos de Atención Primaria” con outros servizos, procederá a redución da cota do Imposto na proporción da superficie ocupada polos Servizos de Atención Primaria de Saúde respecto da totalidade do inmovible.

ARTIGO 12.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Modifícanse os puntos 1, 3 e 7 que quedaran redactados como segue,

1. Ao amparo do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, e co obxecto de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, así como incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, establécese un sistema especial de pagamento das cotas por recibo do Imposto sobre Bens Inmoables que, ademais do fraccionamento da débeda nos termos previstos neste artigo, permitirá aos obrigados tributarios que se acollan a este sistema, o goce dunha bonificación do 3% da cota do Imposto.

3. O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade financeira, que o obrigado ao pagamento sexa persoa física ou unha das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria e que se formule a oportuna solicitude no impreso normalizado que se aprobe ao efecto.

O solicitante, obrigado tributario, deberá ser titular da conta na que se materializará a domiciliación.

7. Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente. Neste suposto manterase a domiciliación polo que, o derradeiro día do prazo de ingreso en período voluntario pasaráselle un cargo pola totalidade do importe do recibo. Se o recibo fose devolto darase de baixa a domiciliación para os vindeiros exercicios.

Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do segundo prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente, iniciándose o período executivo pola cantidade pendente de ingreso.

A devolución do cargo da domiciliación do segundo prazo por causa imputable ao interesado suporá automaticamente a baixa de dita domiciliación para os vindeiros exercicios.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de

anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

Con data 13.07.18, o Interventor Xeral emite informe de fiscalización.

En data de 16.07.18, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente dita proposta.

En sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

Con data 3.08.18, o Tribunal Económico Administrativo presta conformidade ao acordo da Xunta de Goberno Local.

O secretario xeral do Pleno, en data 10.08.18, emite informe xurídico.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, para o exercicio 2019 (artigos 5; 12 e Disposición Final), segundo a redacción que consta na proposta de acordo

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

6(140).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXPTE: 2490/500. (1827/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 10.07.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica” para o exercicio 2019, que consta no presente expediente.

Por motivos de carácter medioambiental e por seren vehículos favorecedores da mobilidade, propónse unha redución do 10% das tarifas vixentes relativas a motocicletas das categorías fiscais cuxo importe excede do mínimo establecido no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL. Ciclomotores e motocicletas de ata 125cc figuran xa no texto vixente co importe mínimo legal.

Informe sobre repercusión orzamentaria

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do PACAP, faise constar a continuación a estimación da minoración orzamentaria na partida do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Como consecuencia da redución das tarifas propostas nun 10%, que afecta aos seguintes tipos de vehículos, reducirase a previsión de ingresos na partida deste imposto para o exercicio 2019 e seguintes en 39.000 €, segundo o seguinte detalle:

- Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc: - 2.981,52 €
- Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc:- 5.419,48 €
- Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc: -21.899,78 €
- Motocicletas de máis de 1000 cc: - 8.772,27 €

- Total **-39.073,05 €**

Informe sobre o impacto de xénero

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de

2018 na innecesiedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 6.- COTA

Modifícase o punto 1. F.

1. O imposto esixírase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	9,10 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	20,35 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	40,65 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	81,20 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Con data 13.07.18, o Interventor Xeral emite informe de fiscalización.

En data de 16.07.18, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente dita proposta.

En sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

Con data 3.08.18, o Tribunal Económico Administrativo presta conformidade ao acordo da Xunta de Goberno Local.

O secretario xeral do Pleno, en data 10.08.18, emite informe xurídico.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, para o exercicio 2019 (artigo 6 e Disposición Final), segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

7(141).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR

APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. EXPTE: 2491/500. (1828/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.06.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou ou Utilización privativa do Dominio Público local, que consta no presente expediente.

Antecedentes

A Ordenanza fiscal número 35 reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil resulta de aplicación a aquelas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil que son titulares de redes que ocupan dominio público local.

Os tribunais veñen refrendando de xeito reiterado a legalidade e validez desta ordenanza, que cumpre as esixencias derivadas do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) así como os límites que marca o dereito europeo: Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

Os grandes operadores de telefonía móbil que resultaban obrigados a tributar por aplicación da citada ordenanza nº 35, teñen transmitido as súas redes de telecomunicacións no municipio de Vigo a outras empresas do grupo que teñen por obxecto social principal o despregamento, desenvolvemento, implantación e xestión das redes e infraestruturas así como servizos de telecomunicacións por cable pero non servizos de telefonía móbil. As empresas adquirentes son agora as que desfrutan do dereito de ocupación do dominio público local a que se refire o artigo 30 da lei 9/2014 e resultan obrigadas a tributar pola citada ocupación efectiva.

Coa citada operación de transmisión das redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas a empresas que non prestan directamente os servizos de telefonía móbil, decae a condición de suxeito pasivo conforme a ordenanza nº 35 dos operadores de telefonía móbil, en tanto que non son titulares das redes e

infraestruturas que ocupan o dominio público local.

A aplicación dos principios constitucionais de “igualdade tributaria” e “xeneralidade” determina a suxeición á tributación das empresas titulares de redes e infraestruturas que ocupan dominio publico local, non existindo xustificación ningunha para que a súa utilización privativa do dominio público local lles resultare gratuíta.

Proposta de tributación conforme á ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Segundo o artigo 20 do TRLRFL as entidades locais poderán establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local...

Segundo o artigo 23 do citado texto refundido son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio publico local en beneficio particular...

Segundo o artigo 24 do mesmo texto o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local fixarase... con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio publico.

Da regulación europea non se desprende o contido concreto das taxas municipais sobre as ocupacións de dominio publico local que realizan os operadores de comunicacións electrónicas pero si se deducen uns limites ou principios que deben inspirar ou cumprir as citadas taxas: transparencia, obxectividade, proporcionalidade e non discriminación, así como garantir o *uso óptimo do recurso ocupado ou utilizado*.

A necesidade dunha taxa para garantir o uso óptimo do recurso dominio publico local explícase polo carácter escaso deste ben, que determina que a súa ocupación con conducións para redes de comunicacións electrónicas exclúe a utilización dese mesmo ben polos titulares doutras redes de servizos de interese xeral (auga, saneamento, gas, rede semafórica, alumeadado publico etc) ou con outro tipo de utilizacións (bocas de rego, bocas para extinción de incendios, sistemas de protección de trafico etc) o que obriga a racionalizar e optimizar esta ocupación mediante a esixencia dunha taxa.

As empresas que agora resultan titulares de redes deberán tributar conforme a ordenanza nº 30 Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público local, cuxo artigo primeiro delimita o feito impoñible.

“Constitúen feitos impoñibles destas taxas os aproveitamentos especiais ou

utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:

a. Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra óptica e restantes servizos ou suministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.

.....

i. Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para conducción de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.

j. Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello.”

A ocupación efectiva por redes de telecomunicacións está incluída no feito impoñible desta ordenanza, segundo o regulado no artigo 1 apartados a) e i). No artigo 4 apartado 4, epígrafe l) figuran unha serie de tarifas para ocupacións no subsolo con “conducións de fibra óptica e ...calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo no dominio público local”, “entubados e galerías para conducción de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica e calquera outro servizo, e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local”.

Sen embargo, estímase oportuno establecer unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe l. para as “redes de telecomunicacións” aplicándolles un coeficiente redutor por razón do “interese xeral” a que se refire o artigo 2 da Lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións.

Así, conforme ao estudo técnico-económico que acompaña este expediente destinado a obter o “valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento do dominio público local” procedemos a fixar as tarifas que se inclúen no epígrafe l.4 do artigo 4.4 da ordenanza.

Para establecer unha taxa non discriminatoria, xustificada obxectivamente e proporcional á ocupación efectiva, partimos dos prezos medios obtidos no mercado de alugueres, que constan na páxina 4 do Informe técnico-económico:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Prezos aluguer m ² por ano:			93,20€		71,39€	70,31€	56,92€
	52,49€	45,36€					

Coa finalidade de determinar tarifas obxectivas e proporcionais á utilización do dominio público, compre ter en conta unha serie de factores que incrementan ou minoran os valores de referencia anteriores.

A ocupación do subsolo urbano como colector de infraestruturas urbanas, (auga, saneamento, gas, electricidade, alumado público, telecomunicacións,...) caracterízase porque a utilización de unha unidade de subsolo (calquera que sexa a súa forma de medición: lonxitudinal, en superficie ou en volume) comporta a inutilización dun cantidade maior debido ás interferencias que unha instalación provoca nas demais.

A interferencia de usos no subsolo urbanoponse de manifesto, de maneira ostensible, cando una entidade local decide o aproveitamento de subsolo de dominio público para outros servizos á comunidade como pode ser un túnel ou un parking. Se estas infraestruturas son ubicadas no centro da cidade –que é onde resulta mais imperiosa a súa necesidade– normalmente comportará un traslado de conducións e redes de servizos instalados no subsolo que, na súa meirande parte, ven sendo sufragado pola propia Entidade Local.

Outra agravante da intensidade do aproveitamento especial do subsolo é o feito da existencia de arquetas ou tapas de acceso á conducións soterradas que se colocan normalmente en beirarrúas e que interfieren o uso común xeral deste ben de dominio público local coas tarefas de mantemento, reparacións, novas acometidas etc. Resulta complicado valorar economicamente esta interferencia, pero non por iso podemos obviar esta realidade. Por simplificar a normativa e a xestión desta taxa non se someterá a unha tarifa específica a ocupación de solo público con arquetas ou tapas de acceso a unha condución soterrada.

A incidencia ou afectación que, como mínimo, supoñen as conducións soterradas de servizos de telecomunicación aparece reflexada na “ordenanza reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía pública” do concello de Vigo; publicada no BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002”. Determinase nela que as conducións de servizos de telecomunicacións deberán contar con 25 cm. a cada lado, sendo a súa profundidade mínima de 0,80 m medida dende o teito do prisma ata a rasante. Segundo o anterior, unha condución dun metro lineal ocupa unha superficie mínima de subsolo de 7500 cm² (0,75 m²) considerando os 50 cm a ambos lados máis 25 cm de anchura da condución.

Como contrapunto, compre poñer de manifesto que as ocupacións que pretendemos gravar, que se sitúan no subsolo, carecen das características construtivas de “local” que constan de construción e solo. É unha realidade que nas rúas mais céntricas o custe de construción é inferior a metade do valor do local pero nas periféricas sucede ao revés, o valor da construción supera ao valor do solo. Por este motivo realizase unha corrección promedio á metade dos prezos obtidos no estudo de mercado.

Segundo o exposto no anterior apartado 5, as tarifas serían as seguintes:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Prezo m ² subsolo por ano:	46,60€			35,70€		35,16€	28,46€
	26,25€	22,68€					

Considerando a ocupación superficial mínima en subsolo segundo a ordenanza xeral de obras antedita de 0,75 m² por metro lineal e obviando as ocupacións en superficie con arquetas e tapas, obtemos as seguintes tarifas por metro lineal de conducción soterrada:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Tarifa m lonx por ano:		34,95€		26,78€		26,37€	21,35€
	19,69€	17,01€					

Dito noutros términos que conectan co disposto no artigo 24.1.a do TRLRFL: “o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, dunha superficie de 0,75 m² de subsolo, se os bens afectados non fosen de dominio público” sería:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	
Tarifa m lonx por ano:		34,95€		26,78€		26,37€	21,35€
	19,69€	17,01€					

Ponderando a consideración de “interese xeral” que establece a Lei 9/2014 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións para estes servizos xunto coa escasez crecente de subsolo urbano conforme nos desprazamos dende a periferia da cidade cara ao centro, xunto coas interferencias ao uso común xeral que son maiores na cidade compactada que en diseminado, establecemos unha serie de coeficientes correctores que reducen a tarifa anterior:

Categorías rúas:		1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Corrector por “interese xeral”:		0,5	0,4	0,3	0,01	0,01	0,01

Como pode apreciarse, aplicase un coeficiente corrector de 0,01 para emprazamentos situados en 4ª, 5ª e 6ª categoría fiscal que converten a tarifa a aplicar neste ámbito territorial, en simbólica. Explícase este proceder para que a taxa no disuada aos operadores de telecomunicacións da extensión das súas redes en zonas da cidade nas que o dominio público local resulta menos escaso.

Desta forma a tarifa resultante para os aproveitamentos especiais en subsolo público local mediante conducións destinadas a redes e outras infraestruturas de telecomunicacións, sería a seguinte:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€		10,71€		7,91€	0,21€ 0,20€ 0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%

Informe sobre repercusión orzamentaria.

Informase que a previsión de ingresos adicionais nas partidas 33300 e 33309 relativas as taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local con conducións para redes de telecomunicacións ascenderá para o exercicio 2019 e seguintes a 610.000€:

Categoría fiscal	Lonxitude da condución	Importe taxa
1ª	50.000 m.	762.000 €
2ª	93.000 m.	822.000 €
3ª	28.000 m.	189.000 €
4ª	34.000 m.	6.000 €
5ª	64.000 m.	10.000 €
6ª	24.000 m.	4.000 €
Total		1.793.000 €

Do calculo anterior debemos restar 800.000€ que xa constan como previsión orzamentaria no exercicio 2018 así como 384.000€ que veñen sendo autoliquidados polos operadores segundo o procedemento previsto no artigo 4.5 da ordenanza (1.793.000-800.000-384.000 = 609.000€).

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta só a contribuíntes que son persoas xurídicas. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.

ARTIGO 3.- EXENCIONES E BONIFICACIONES.

Engádesse un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

ARTIGO 4.- COTAS.

Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.

I.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción.	17,47€		10,71€		7,91€	0,21€ 0,20€ 0,17€

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

% de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio.	% de redución da cota
Do 35% ao 39,99%	5%
Do 40% ao 44,99%	10%
Do 45% ao 49,99%	20%
Do 50% ao 55,00%	30%
máis do 55%	40%".

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Con data 16.07.18, o Interventor Xeral emite informe de fiscalización.

En data de 16.07.18, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente dita proposta.

En sesión de data 19 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

Con data 3.08.18, o Tribunal Económico Administrativo presta conformidade ao acordo da Xunta de Goberno Local.

O secretario xeral do Pleno, en data 10.08.18, emite informe xurídico.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

En data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo

Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto de Modificación da Ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, para o exercicio 2019 (artigos 3 e 4), segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

8(142).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DA ORDENANZA QUE ADAPTA A ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS AO ARTIGO 20.6. DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS. EXPTE. 2436/500. (1829/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 25.01.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de

sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018 segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente e dende o 1 de xaneiro de 1999, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais seguindo, primeiro a sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995 e logo, a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro, así como sucesivas sentenzas do Tribunal Supremo.

Sen embargo, compre sinalar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, ao analizar o concepto constitucional de “prestación patrimonial de carácter público” do artigo 31.3 da Constitución, sinalou que aquela é “toda prestación coactiva que se esixe ao cidadán cando este pretenda acceder a un servizo vital, obrigatorio ou ao uso do dominio público”. Engadiu que os tributos eran unha manifestación das “prestacións patrimoniais de carácter público” pero non a única.

Esta é a tese que recolle o lexislador no ano 2017 para regular de forma clara e inequívoca que “as contraprestacións que abona o usuario a un concesionario ou empresa privada que presta un servizo son “tarifas”. Se o servizo é coactivo, como é o caso presente, estas terán a natureza de “prestacións patrimoniais de carácter público pero non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorpórase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas pola subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, en tanto que estes servizos son esenciais, obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o

mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola subministración de auga potable, rede sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ao disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito imponible e base imponible por outros acordos coa natureza no tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.
Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local

a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O Artigo 1 quedará redactado como segue:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O parágrafo 1 e o título do Artigo 2 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

Os Artigos 3 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados.
- 2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos.

ARTIGO 4. BASE DE CÁLCULO

A base de cálculo da prestación determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo usuario, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados -no respectivo contador de medida- durante dous períodos de facturación consecutivos.

No artigo 5, quedarán redactados como segue: o parágrafo primeiro da Tarifa II, os parágrafos primeiro e cuarto e o punto 3 da Tarifa III; o punto 1 da Tarifa IV e o último parágrafo da tarifa V.

ARTIGO 5.TARIFAS

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Na percepción da contraprestación pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Para a confección da liquidación, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:

3. As vivendas, locais comerciais e industriais que dispoñan de subministración a través de Comunidades de augas veciñais e os titulares de actividades industriais, con sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar no prazo máximo de seis meses, contados a partir do seguinte á entrada en vigor desta Ordenanza, un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo.

TARIFA IV

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará ao texto da Ordenanza como anexo número I.

TARIFA V

Con respecto á regulación das cotas unificadas, recollidas neste epígrafe, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación (sesión de data 13 de decembro de 1997), que se achega co expediente da Ordenanza como anexo número II.

Os Artigos 6, 7 8 e 9 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA

A fixación ou determinación da cota a pagar deducirase a través da aplicación das

seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos nos epígrafes II e III do artigo 5. A cota será resultado de aplicar á base de cálculo a correspondente tarifa unitaria.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe á obriga de pagamento, a cota será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza.

ARTIGO 7. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este, caso dos supostos previstos nos epígrafes I, II, III e IX.A) do artigo 5.

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN

O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento e saneamento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral. Corresponderán á entidade concesionaria do servizo, FCC AQUALIA, S.A. as operacións materiais de dita xestión, de conformidade co previsto no Prego de condicións que rexe esta concesión.
2. As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía.

O primeiro parágrafo do Artigo 11 e o seu título quedarán redactados como segue:

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN

1. A entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período de facturación. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

O Artigo 12 e a Disposición Final quedarán redactados como segue:

ARTIGO 12. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a finalización do periodo voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das

administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En sesión de data 1 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

-Con data 7.08.18, emite informe o secretario xeral do Pleno que é ampliado mediante informe de data 20.08.2018.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

Con data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina

favorablemente dita proposta, engadindo na parte dispositiva da proposta de acordo o apartado 5 que consta no acordo como sexto.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial da Modificación do Proxecto da Ordenanza que adapta a Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

QUINTO: Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

SEXTO: Dar o trámite previsto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ante a Administración á que o ordenamento xurídico lle atribúa competencia en materia de contraprestacións económicas pola prestación de servizos públicos.

9(143).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DA ORDENANZA QUE ADAPTA A ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS AO ARTIGO 20.6 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS . EXPTE. 2437/500 (1830/1101)

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 25.01.2018 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“ Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos á nova redacción do artigo 20 do TRLRFL que estará vixente a partir do 9 de marzo de 2018, segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público”.

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos seguindo o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro.

Sen embargo, con motivo da entrada en vigor da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sendo prestado en réxime de xestión indirecta (Expediente 70443/210) o servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobro dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública, compre a adaptación do texto da Ordenanza fiscal reguladora das taxas á nova “Prestación patrimonial de carácter público non tributarias”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modifican tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorporárase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal de taxas polos

servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos”, en tanto que estes servizos son obrigatorios e son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, ao disposto no artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito imponible e base imponible por outros acordos coa natureza non tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero.
Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar a seguinte:

“ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS Á NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL QUE ESTARÁ VIXENTE A PARTIR DO 9 DE MARZO DE 2018 SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 9/2017 DE 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO”

O parágrafo primeiro e o título do Artigo 1 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 1.- OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN

Constitúen o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público os seguintes servizos:

Os Artigo 2 e 4 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Son obrigados ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público os titulares dos vehículos inmovilizados, custodiados ou retirados, entendéndose por tales quen figure no permiso de circulación do vehículo.

Nos casos no que o servizo se preste a requirimento de calquera Autoridade xudicial ou administrativa en virtude da correspondente resolución, considerarase obrigado ao pago a Administración Pública de quen dependa.

Nos casos no que o servizo se preste para a realización de obras na vía pública para as que se conte coa debida autorización administrativa será obrigado ao pago a empresa ou organismo que solicite a retirada, salvo naqueles casos nos que a prohibición de estacionamento fose debidamente sinalizada con anterioridade e o vehículo fose estacionado posteriormente, nos que se considerara obrigado ao pago o titular do vehículo .

ARTIGO 4.- SERVIZOS EXCLUÍDOS DESTA ORDENANZA

Unicamente estarán excluídos do pagamento

dos servizos regulados na presente ordenanza, os traslados prestados nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular debidamente xustificadas, e os traslados de vehículos que estando debidamente estacionados fose necesario retirar das vías públicas por impedir e obstaculizar a realización dun servizo público de carácter urxente o de natureza análoga .

O último parágrafo e o título do Artigo 5 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 5.- TARIFAS

O incremento diario aplicarase transcorridas 6 horas a partir do inicio da inmovilización ou dende que se proceda á retirada. Computarase por día completo ou fracción. Se o condutor, titular administrativo, propietario ou persoa encargada do vehículo ou contenedor se fixese cargo do mesmo ou procedese a retiralo pola súa conta, sen que se completase o traslado pola Administración Municipal ou a inmovilización no seu caso, a cota será a que resulte de aplicar sobre a tarifa de retirada ou inmovilización unha redución do 50% do total da cota que se denominará "Cota de Enganche".

No Artigo 6 os puntos 1 e 2 e os parágrafos primeiro e os tres últimos do punto 3 quedarán redactados como segue:

ARTIGO 6.-

1. A obriga de pagamento da prestación patrimonial de carácter público regulada na presente ordenanza nace no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivese iniciado, sen prexuízo neste último caso, de redución no importe da cota na forma establecida no artigo anterior, cando o condutor, titular ou persoa encargada do vehículo se faga cargo do mesmo e proceda a retiralo pola súa conta.

2. Para a recollida do vehículo, os interesados ingresarán no Depósito de vehículos, polo procedemento de autoliquidación, o importe da prestación calculada segundo o disposto no artigo 5 desta Ordenanza.

3. Se no prazo de 30 días naturais dende a retirada do vehículo pola grúa, este non fose retirado do depósito municipal coa presentación da autoliquidación e ingreso da taxa, procederase a realizar a correspondente liquidación administrativa da débeda, notificación desta co correspondente recibo normalizado. De non dispor doutros datos, o suxeito obrigado ao pagamento será o que figure como titular do vehículo, sendo o enderezo aos efectos de notificación o que figure no rexistro administrativo da Dirección Xeral de Tráfico, na Base de Datos de contribuíntes ou ben noutros rexistros do Concello.

•Cando se notifique a providencia de prema, pero aínda non transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 72.5 da Ordenanza Fiscal Xeral, a contía da débeda é a suma do principal máis o 10% da recarga de prema reducida.

•Cando transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 72.5 da

Ordenanza Fiscal Xeral, a contía da débeda é a suma do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora.

O procedemento de recadación suxeitarase ao previsto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello segundo dispón o seu artigo 2.

O apartado c) do Artigo 7 quedará redactado como segue:

ARTIGO 7.- NORMAS ADICIONAIS

c) A obriga de pagamento polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ó procedemento establecido.

O Artigo 8 e as Disposicións Finais quedarán redactados como segue:

ARTIGO 8.- REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓNS E SANCIONES.

De conformidade co artigo 14.2 do TRLrfl, contra os actos ditados contra a aplicación da presente ordenanza procederá el recurso de reposición nun prazo de un mes contado dende a finalización do período voluntario de cobranza.

Para cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase a lo previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral e restantes normas de aplicación.

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas..

2º) Aprobación inicial en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarse o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

En sesión de data 1 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 17.08.2018 o grupo municipal Partido Popular e o grupo municipal de Marea de Vigo en data 22.08.18 achegan escrito de presentación de emendas e escrito de rectificación de emendas con data 23.08.18.

-Con data 7.08.18, emite informe o secretario xeral do Pleno que é ampliado mediante informe de data 20.08.2018.

En data de 23.08.2018 a Dirección de Ingresos emite informes en relación ás emendas presentadas.

Con data de 27.08.18 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo emite ditame en relación ás emendas presentadas ás ordenanzas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, con data 29.08.2018, ditamina favorablemente dita proposta, engadindo na parte dispositiva da proposta de acordo o apartado 5 que consta no acordo como sexto.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobación inicial do Proxecto da Ordenanza que adapta a Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos ao artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, segundo a redacción que consta na proposta de acordo.

TECEIRO: Someter a información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

QUINTO: Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

SEXTO: Dar o trámite previsto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ante a Administración á que o ordenamento xurídico lle atribúa competencia en materia de contraprestacións económicas pola prestación de servizos públicos.

10(144).- PROPOSTA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2019. EXPTE. 1561/110 (REXISTRO PLENO 1838/1101)

ANTECEDENTES: En data 23 de agosto de 2018, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“O concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e de conformidade co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación o sinalamento das datas das festividades locais, eleva a dito órgano a seguinte...”

Deseguido o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión

do 30 de agosto de 2018, ditaminou favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2019

- 1.- O Día da Reconquista desta cidade, mércores 28 de marzo
- 2.- O Día de San Roque, xoves 16 de agosto

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma.”

11(145).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS CORPORATIVOS NA COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO E NA COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN. EXPTE. 16360/101 (REXISTRO PLENO 1843/1101

ANTECEDENTES: En data 28 de agosto de 2018, a técnica de Admón. Xeral-xefa do departamento administrativo da Alcaldía, co conforme do concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“O Convenio Colectivo dos Empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión de 4 de agosto de 1995 menciona no seu artigo 4 á COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO que ten como funcións, entre outras, a vixilancia e seguimento do cumprimento do acordo/convenio e a interpretación dos seus preceptos, o mesmo artigo advirte que estará integrado por un máximo de cinco membros da Corporación e outros cinco que designan os sindicatos que teñan representación no Concello. Procede, en consecuencia, efectuar a designación dos membros corporativos.

O Convenio Colectivo dos Empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión de 4 de agosto de 1995 menciona no seu artigo 42 á COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN que ten como funcións, entre

outras, a elaboración, programación e seguimento dos plans de formación e a proposta dos cursos de capacitación que considere precisos en cada servizo, o mesmo precepto advirte que, baixo a Presidencia do Alcalde ou Concelleiro no que delegue, a Comisión intégrase por catro membros corporativos do Concello dunha parte e, doutra, por outros catro da representación unitaria de persoal, procede, en consecuencia, efectuar a designación dos representantes corporativos.

De conformidade co art. 38.c) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Corporacións Locais, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria do 29 de xuño de 2015 acordou:

“Primeiro.- Designar como membros corporativos na COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO ós seguintes Concelleiros/as.

D. Javier Pardo Espiñeira

D. Santos Hector Rodriguez Díaz

D. David Regades Fernández

D. Carlos López Font

Un concelleiro/a designado pola Voceira do Grupo Municipal do PP

Segundo.- Designar como representantes do Concello na COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN ós seguintes Concelleiros/as:

D. Javier Pardo Espiñeira

D. Santos Hector Rodriguez Díaz

D. David Regades Fernández

Un concelleiro/a designado pola Voceira do Grupo Municipal do PP”

No punto terceiro deste acordo facultábase o Alcalde para ditar resolución de nomeamento da voceira nomeada, a proposta do seu grupo municipal. Esta resolución, da que se deu conta ó Pleno do Concello, ditouse con data 18/08/15.

Con data 9 de xullo de 2018, o entón concelleiro do grupo municipal socialista, D. David Regades Fernández achegou **escrito de renuncia á súa condición de concelleiro** como consecuencia do seu nomeamento como Delegado Especial do Estado do Consorcio da Zona Franca de Vigo, de cuxa renuncia tomou coñecemento o Pleno en sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2018.

Esta circunstancia de perda de condición de concelleiro esixe o pronunciamento do Pleno sobre a renovación dos membros corporativos en ditos órganos.

En uso das atribucións que esta Concellería ten delegadas en materia de xestión municipal por Decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 propoño ó Pleno a adopción do seguinte....”

Deseguido a funcionaria asinante emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do 30 de agosto de 2018, ditaminou favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Designar como membro corporativo na COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO, en substitución de D. David Regades Fernández, ó concelleiro D. Ángel Rivas González.

Segundo.- Designar como membro corporativo na COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN, en substitución de D. David Regades Fernández, ó concelleiro D. Carlos López Font.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós interesados e entes ou órganos afectados, así como, ós voceiros dos grupos políticos municipais.

12(146).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 1755/449 (1800-1101)

ANTECEDENTES: En data 27 de agosto de 2018, a xefa do Servizo de Transportes co conforme da concelleira delegada da Área, emite o seguinte informe proposta,

“PRIMEIRO :O Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 25 de abril de 2018 adoptou o seguinte Acordo:

“PRIMEIRO; Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015,

SEGUNDO, -Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza aprobada inicialmente, debendo publicarse o texto integro da modificación da Ordenanza no B.O.P.P.O entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .”

SEGUNDO:O Acordo adoptado foi publicado no B.O.P.P.O de data 16 de maio de 2018 abríndose un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO:Durante o período de información pública, e do tramite de audiencia concedido as Asociacións representativas do sector, foron presentadas as seguintes alegacións :

- A Asociación Elite Taxi Vigo (CIF G27844935) e Asociación Corporación do Taxi (CIF G27806421) na data 6 de xuño de 2018 presentan as seguintes :

1) *“Eliminar o art. 17 el parágrafo 4º:
no permiso de circulación do vehículo deberá constar un domicilio pertencente ao termo municipal do Concello.”*

Redacción proposta para o art. 17 parágrafo 1º:

O vehículo adscrito á autorización deberá ser propiedade do titular da mesma ou ser obxecto de contrato de arrendamento financeiro ou empresarial (renting)

En relación coa alegación presentada e tal e como se establece no artigo 6. C) da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, admitise a acreditación da titularidade do vehículo mediante calquera réxime de utilización xuridicamente

valido e en todo caso axustándose ao requisitos establecidos no artigo 17 paragrafo 1º e 4º do citado texto legal, por lo que non se considera necesario modificar o articulado da ordenanza.

2) Propoñen incluír o seguinte articulado:

TÍTULO-INTERLOCUTORES COA ADMINISTRACIÓN

ARTIGO.- A MESA DO TAXI

Créase a Mesa do Taxi como órgano consultivo no que participarán os responsables da política de transportes do Concello e un representante das Asociacións e Organizacións máis representativas do municipio. Aprobarase un regulamento de organización e funcionamento deste órgano.

ARTIGO.- ASOCIACIÓNS DO SECTOR DO TAXI NO MUNICIPIO

1. Considéranse asociacións lexítimas do sector do taxi no municipio aquelas asociacións e outras organizacións que, constituídas conforme á normativa de aplicación en cada caso, recollan nos seus estatutos como obxecto social a defensa, mellora e protección do colectivo e a súa intermediación nas relacións coas distintas administracións públicas competentes.

2. Sen prexuízo do recoñecido no número anterior, debido ao pluralismo que permite a existencia de diversas asociacións e sendo necesario introducir distintos graos na representatividade das asociacións para os efectos de interlocución co concello recoñecerase como “asociacións máis representativas” aquelas cuxo número de asociados sexa, polo menos, un 10% dos titulares das autorizacións con que en cada momento conte o municipio.

3. O recoñecemento como “asociación máis representativa” dará dereito á mesma a:

-Participar na Mesa do Taxi.

-Ser consultadas nos procedementos de tramitación de proxectos de disposicións normativas que teñan que ver co sector.

-Audiencia en aqueles procedementos de especial transcendencia para o sector do taxi.

-Aportar suxestións sobre a política do sector.

Neste sentido, non é contido propio da ordenanza a creación dun órgano consultivo nin polo tanto ten que incluírse na mesma.

3) Propoñen incluír as seguintes modificacións:

-Redacción proposta do art. 7 parágrafo 1:

Unha persoa física poderá ser titular de ata tres licencias municipais, respectando sempre o cociente legal. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.

-Redacción proposta do art. 10 letra d:

Se o adquirente xa é titular de tres licencias municipais de taxi, ou se ten na súa posesión algunha licenza noutro municipio.

A Ordenanza vixente esta adaptada a lexislación autonómica e elaborouse e aprobouse en cumprimento co disposto na disposición final terceira da Lei 4/2013 de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A citada Lei 4/2013 establece no seu artigo 9 que corresponde ao Concello determinar o número máximo de licenzas por titular, considerando o Concello de Vigo que o número de licenzas por titular debe ser unha licenza por titular, axustándose esta medida coa necesidade de dedicación exclusiva do titular da prestación do servizo.

4) Proponse introducir a seguinte modificación: redacción proposta no art. 24, parágrafo 2:

O titular da licenza de taxi soamente poderá contratar un condutor asalariado con plena e exclusiva dedicación. Non se autoriza as contratacións a tempo parcial.

Sen prexuízo do anterior autorízanse contratos interinos para substitucións xustificadas.

A Ordenanza vixente esta adaptada a lexislación autonómica e elaborouse e aprobouse en cumprimento co disposto na disposición final terceira da Lei 4/2013 de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

•
A citada Lei 4/2013 establece no seu artigo 20, 2 que “ cada licenza de taxi o autorización interurbana de taxi non poderá ter adscritas mais de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular “ axustándose a ordenanza estritamente ao disposto na citada lei.

5) Proponse incluír a seguinte modificación:

Redacción proposta do art. 14, 3º punto:

“Revogación”

Poderanse revogar as licenzas de taxi por motivos de oportunidade de interese público, tales como circunstancias sobrevindas non imputables ao titular ou resultado dun estudo técnico especializado que aconsellase reducir o número de licenzas por caída da demanda, exceso de oferta ou circunstancias xustificadas. Neste suposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinará de conformidade cos parámetros obxectivos que determinen ou o seu valor real no mercado e terase en conta o valor medio das transmisións realizadas nos últimos doce meses na cidade.

Redacción proposta de ampliación do Art. 14 cun cuarto punto:

“Rescate”

O concello por petición das asociacións máis representativas realizará se así se acordase en períodos non inferiores a 4 anos un estudo técnico especializado que delimite a situación real do sector do taxi en canto a oferta e demanda de servizos. De detectar o estudo a necesidade de realizarse unha redución do número de licenzas para garantir a rendibilidade e explotación do servizo, establecerá un mecanismo de rescate de licenzas para a súa amortización mediante convocatorias públicas para que os titulares das mesmas poidan solicitalo.

No artigo 8 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo recollese o procedemento de creación de novas licenzas, engadíndose a final do citado artigo que en todo caso deba considerarse o

disposto nos artigos 6 e 7 da Lei 4/ 2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo. No artigo 6 regulase como regra xeral, un numero máximo de licenzas que correspondera a cada municipio en función da poboación, e no artigo 7 o procedemento para o continxentamento específico do numero máximo de licenzas de taxi diferente do previsto no artigo anterior .

•Na Disposición transitoria cuarta da citada Lei “ licenzas preexistentes “ di :

•“todas as licenzas de taxi conservarán a súa validez aínda que no ámbito territorial de vixencia de dita licenza se poidan superar os límites máximos establecidos nos artigos 6 e 9 , e sempre que estas estean en plena explotación no momento de entrada en vigor desta lei “

•E no artigo 14 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo no desenvolvemento do nº 3 “ revogación “ inclúese a seguinte regulación :

“Poderán revogarse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interese publico, tales como circunstancias sobrevindas non imputables ao titular que aconsellase reducir o numero de licenzas por caída da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas. Neste suposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de conformidade cos parámetros obxectivos que determinen o seu valor real no mercado e terase en conta o valor medio das transmisións realizadas nos últimos doce meses na cidade.”

.

•Polo exposto, a regulación relativa a o numero de licencias que corresponden a cada municipio, a regulación das preexistentes e a posibilidade de revogación de licenzas por razóns de oportunidade de interese publico encontrasen xa reguladas na Lei e na Ordenanza vixentes, sen que sexa materia propia da Ordenanza a forma concreta de efectuar a revogación no caso de considerarse necesaria a iniciación dun expediente en tal sentido, nin mucho menos a obrigatoriedade de realizar un estudo cada catro anos que implicaría a obrigatoriedade para o Concello aínda no caso de non ser necesario.

6) Proponse modificar a redacción proposta e introducir a seguinte:

Art. 37 apartado d.

Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestirse adecuadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación de servizo de chándal, roupa de deporte, camisetas de tirantes, chanclas e pantalóns curtos a excepción destes últimos que sexa tipo pinzas ou chineses ata o xeonllo acompañados sempre de camisa ou polo.

Neste sentido, considerase que pode admitirse a alegación en relación a inclusión de roupa de deporte e non aceptarse en relación a excepción relativa aos pantalóns curtos , considerando que os mesmos deben ser longos e dada a complexidade que suporía a interpretación de cales están permitidos e cales no.

•-Asociación Provincial de Autopatronos del taxi de Pontevedra (CIF G 36636637)

na data 18 de xuño de 2018 presenta as seguintes:

Texto proposto:

Artigo 20. CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS/ artigo 33. PAGAMENTO DO SERVIZO
Todos os vehículos autotaxis deberán dar aos seus clientes a posibilidade de pagar por medios telemáticos. Para iso levarán o aparello técnico necesario nos seus vehículos.

Pode admitirse a alegación por ser a mesma beneficiosa para os usuarios do servizo de taxi.

Artigo 37. FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Os condutores dun vehículo autotaxi, unha vez chegado ao lugar de destino e se as clientas así llo piden, estarán obrigados a esperar e vixiar a entrada destas nos seus portais, non podendo abandonar o lugar ata ese momento.

Pode admitirse a alegación por ser a mesma beneficiosa para os usuarios do servizo de taxi, considerando que debe ser extensiva a tódolos usuarios.

PROPOSTA DE APROBACIÓN

Analizadas a totalidade das alegacións e suxestións presentadas en prazo , sometese a aprobación do Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal a seguinte proposta...”

Deseguido a funcionaria asinante emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Transportes, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación, na súa sesión do 30 de agosto de 2018, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Traemos a este Pleno a modificación definitiva da ordenanza do Taxi que ten como obxectivo adaptar a ordenanza ás novas circunstancias do sector.

Garantir con iso unha adecuada regulación do servizo público do Taxi na cidade de Vigo e en consecuencia mellorar a mobilidade urbana utilizando o servizo público

como un compoñente fundamental da calidade de vida das persoas, como vostedes saben o 25 abril do 2018, aprobouse inicialmente a Modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo do Taxi na cidade de Vigo e a partires de aí abriuse un período de información e concedeuse trámite de audiencia ás asociacións representativas do sector, ás que hoxe quero agradecer aquí as suxestións, as achegas que sen lugar a dúbidas contribuíron a mellorar a ordenanza do Taxi que hoxe traemos a este Pleno para a súa aprobación definitiva. Entre as modificacións incorporadas, vou deixar moitas delas no tinteiro, pero permítanme que faga referencia a algunha delas, a primeira delas é a de previr, apoiar e protexer a seguridade das mulleres, a partir da aprobación desta ordenanza se regula a obrigatoriedade de que os taxistas vixíen a entrada nos seus portais ou vivendas ás mulleres/persoas que así llo soliciten non podendo abandonar o lugar ata dito momento, polo tanto, unha medida que este goberno consideramos que é fundamental, reitero para previr, axudar e protexer ás mulleres vítimas de violencia de xénero, pero permítame tamén que faga referencia a unha medida que se incorporou no mes de febreiro como son as paradas antiacoso que mostran o compromiso que este goberno ten pola loita contra a violencia de xénero, unha medida que ata agora estas paradas antiacoso establecidas en Vitrasa, unha medida que ata agora veñen utilizando máis de 70 mulleres ao mes e polo tanto, unha medida que consideramos fundamental, como tamén consideramos esta que se incorpora a partires desta modificación da ordenanza para a loita contra a violencia machista.

A segunda das medidas ás que quero facer referencia é a obriga de dispoñer dun TPV, a partires de agora os taxistas terán a obriga de levar un TPV co que os pagos que os clientes fagan do servizo se farán con tarxeta, a medida tamén a consideramos que é fundamental na medida en que facilitará a mobilidade urbanos e o pago deste servizo e nun futuro incorporar a PassVigo que sen lugar a dúbida redundará nunha mellora do servizo do Taxi na cidade de Vigo.

Incorpóranse ademais medidas como o acompañamento de cans guías, no caso persoas cegas ou con deficiencia visual así como cans de servizo en caso de persoas con minusvalía física, e medidas tamén dirixidas a dignificar, rendibilidade e evitar o intrusismo no sector, como vostedes saben hai uns meses que se incorporou unha nova imaxe do Taxi da cidade, unha imaxe identificativa que

mostra a bandeira da cidade de Vigo e que ten como obxectivo prioritario evitar o intrusismo. Esta medida se regula nesta ordenanza como tamén se regula a dignificación do servizo mellorando o aspecto persoal dos taxistas así como que o vehículo estea en perfectas condicións, tanto de hixiene, limpeza, comodidade ou estado de conservación do vehículo.

Tamén tense o obxectivo de rendibilizar o servizo, vaise mellorar as condicións polas que os taxistas mostran a publicidade nos taxis, permitindo que sexan as portas traseiras así como parte da traseira do vehículo, e incluír tamén a realización por exemplo, de dúas probas ao ano para obtención do permiso municipal de taxi dada a demanda que se viña detectando nos últimos anos, en consecuencia, medidas todas elas dirixidas a mellorar a situación do taxi na cidade Vigo, medidas reitero que supón seguir mellorando a situación do taxi na cidade, dignificando e modernizando o servizo, atendendo as novas circunstancias do sector e garantindo con iso unha adecuada regulación do servizo do taxi na cidade. E reitero, todas elas medidas que son recollidas nesta ordenanza a proposta do colectivo dos taxistas, ao que novamente reitero aquí a súa gratitude á hora de mellorar esta ordenanza.

SR. PÉREZ CORREA. Indubidablemente o sector do taxi e polo tanto tamén ás ordenanzas que regulan en tódolos concellos teñen que cambiar, entre outras cousas porque avanza esa lei do taxi de Galicia e tamén avanza problemas para o sector, afortunadamente aquí aínda non chegaron as VTC e é moi seguro que teñamos que blindar a través da ordenanza que non entren eses piratas a xestionar tamén o servizo de transporte público, creo que ademais falando tamén con representantes do sector, hai algunhas modificacións que seguramente nos farán o ano que ven, volver a ter que modificar esta ordenanza. O que é certo que o principal motivo da modificación desta ordenanza pois é colocar a bandeira de Vigo no capó, podemos darlle 50.000 voltas, pero ese é o principal porque senón esperarían vostedes a adaptar a ordenanza do taxi de Vigo á Lei do taxi da Galicia que é un paso que aínda nos queda, pero en todo caso houbo unha declaración de que había que poñer a bandeira antes de modificar a ordenanza e creo que cando menos irregular e xerou ruído no sector, afortunadamente está normalizado.

Nós aquí o que introducíamos era un debate sobre o que é o sector do taxi, cales

son os seus problemas e como se adaptan á ordenanza, home que paguen con TPV, a estas altura que Vigo non sexa obrigatorio ter unha TPV cando tódalas cidades europeas, as grandes cidades e vilas do estado español é obrigatorio ter un TPV, un sistema de pago que non sexa en efectivo, pois chegamos tarde, non vou a entrar na cuestión da estética dos taxistas porque hai debate se o pantalón corto de pinzas é autorizable que introducen unha emenda que é unha cuestión estética, pero hai outras cuestións que son importantes que non están na ordenanza, e a cuestión é analizar dunha vez por todas se temos dimensionado ou non o número de licencias de taxi na cidade Vigo, e por iso nós propoñíamos unha solución, adaptada xa e feita e posta enriba mesa nalgúns concellos e poñemos o exemplo de Sevilla, pero para iso antes hai que crear unha mesa do taxi que non se quere facer, porque se considera que a través da comisión de transporte se pode solventar, pois non se pode solventar porque eu non entendo que para falar do taxi estea Vitrassa porque entre outras cousas pode ser competencia, prefiro que sexan os taxistas a través dunha mesa representativa e ademais hai unha importante organización de nova creación relacionada co taxi que é Elite Taxi que fixo unha loita exemplar en Barcelona e Madrid e digo loita exemplar, subscribo cada unha das actuacións deste colectivo por parar este tipo de licencias piratas que nos comeza a aparecer en moitas cidades, debería estar incorporada xa previamente, que non teña que facer alegacións despois no período de exposición pública unha vez publicada no Boletín, polo tanto, hai que modificar e creo que hai que introducir tamén que o sector do taxi está a cambiar e que hai novas organizacións que tamén deberían estar representadas e creo que hai que crear unha mesa do taxi en Vigo como recolle tamén a proposta de emenda desta asociación, a través desa mesa e a través do propio Concello hai que facer un informe, nós pedimos dous anos, o Partido Popular pedía cada tres anos e creo que había unha proposta cada catro anos, pero nalgún momento termos ver que facemos con todas esas licencias que sobran, é obvio que sobran, tódalas patronais e tódalas organizacións do sector falan dun arco de 200 e pico de licencias que hai a máis e que converten o traballo do taxi case nunha escravitude de doce ou trece hora diarias para levar un salario mínimo ou salario digno a casa, por iso o que nós propoñemos é que ese estudo fixera algún sistema de recompra pública das licencias, estase a facer en Sevilla, voluntaria obviamente, e evitar ese

mercado case privado que hai de venda de licencias e que sexa primeiro o Concello o que adquiere esas licencias, as retire do mercado e no momento se Vigo volve a ter eses 450.000 habitantes que vostedes poñían no Plan Xeral do 2008, pois ao mellor fará falla esas 200 licencias, por agora non, e polo tanto, esas licencias están nun caixón e dignificamos o traballo do taxi, iso faino o propio sector e o regula a través dunha mesa do taxi que nos parece imprescindible habilitar no caso do Concello de Vigo, estamos obviamente a favor da gran parte das solucións que hai nesta ordenanza pero nos gustarían nun momento clave do futuro do sector do taxi, nun momento clave porque xa estamos a ver que o está a pasar noutras cidades, os coches eléctricos que se alugan e que se collen directamente cun móbil acabarán chegando a Vigo, as licencias VTC, acabarán chegando a Vigo e determinadas cuestións que teremos que incorporar, hai por exemplo, algunhas achegas que se fixeron por parte das asociacións que fixeron achegas a posteriori como que poidan utilizar vehículos de renting, é completamente normal e lóxico que unha persoa, un patrón ou un autónomo teña dereito a utilizar un vehículo de renting é que ao cambio dos tres anos ou paga cotas residuais e se quede con ela ou o devolva á empresa de renting e lle dea un vehículo novo, tamén renova a flota, non entendemos porque iso non se recolle dunha maneira normal ou incluso o número de licencias.

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar, darlle os parabéns á incorporación á nova concelleira de goberno.

Sr. Aneiros, xa que vostede o sacou na última intervención, na última parte da intervención, creo que é bo que se pregunte

PRESIDENCIA: Se vostede lle fala ao Sr. Aneiros, vaille responder o Sr. Aneiros fora de tempo.

SR. GAGO BUGARÍN: Non se preocupe, poderá facelo.

PRESIDENCIA: Iso o decido eu, o Alcalde son eu, a vostede lle gustaría pero por agora son eu e vouno a ser durante moitos anos máis.

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Aneiros, lle dicía para que vostede poida despois responder ao que lle quero comentar agora, que se pregunte por que o noso compañeiro de grupo municipal ten que gravar os Plenos dende onde o está a facer, e iso é porque no ano 2018 o Alcalde de Vigo, o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, impide aos cidadáns visualizar e visionar o que aquí sucede no ano 2018, por iso lle digo que despois aprobamos neste Pleno Código de Bo Goberno, de transparencia e sen embargo como a única gran cidade de España que os cidadáns e os vigueses non poden ver en directo o que aquí sucede no Pleno, no órgano máis importante que teñen os cidadáns para controlar a xestión, debate e o bo goberno dos seus representantes.

PRESIDENCIA: É tan transparente isto que lle estou deixando falar de algo que non ten que ver, co asunto a tratar se este Pleno é tolerante, en calquera outro pleno incluído Santiago de Compostela e Madrid con dous presidentes do Partido Popular non lle houberan deixado dicir nin media palabra.

SR. GAGO BUGARÍN: Gustárame incluso que respondera sobre isto ao final da intervención.

En relación á ordenanza, efectivamente coincido bastante nalgúns aspectos que dixo Marea de Vigo que entrevistou antes que nós, e efectivamente hai tres anos levamos aquí unha ordenanza de Regulación do Sector do Taxi e resulta que agora tres anos máis tarde, facemos unha modificación cando en novembro xa nos adiantan que imos ter, máis ou menos en novembro, outra modificación porque se está aprobando o novo regulamento do taxi, e por que pasa isto? Pois pasa porque vostedes aínda dixeron que deixaron moitas alegacións no tinteiro é mentira, non hai máis alegacións, emendas que as que vostede incorporou á ordenanza por aquí está o expediente que o vemos, como se poderán imaxinar, de cabo a rabo e polo tanto, chegamos á conclusión de que estando de acordo coas incorporacións que fan se poderían ter feito perfectamente no ano 2015 porque por exemplo ao TPV como vostedes se imaxinan se veñen utilizándose en Vigo dende hai máis de 20 anos.

Polo tanto, nós o que realmente nos preocupa é a cantidade de emendas, alegacións, modificacións e actualizacións que hai que facer neste sector e que

vostedes non están a facer, ese é o problema, e o principal destes problemas é como teñen vostedes o sector con exceso de 230 licencias sobre un total de 550, é imperdoable que despois de 12 anos no goberno vostedes no atallen o principal problema que teñen os traballadores do sector e que hai algún aquí que nos estará escoitando e é o exceso de licencias que provoca que teñan que traballar 14 horas para poder retribuír economicamente o que faría un traballador normal en 8 horas, ese é o principal problema e por iso a nós, este grupo municipal, presentou unha alegación solicitándolles que fagan un estudo económico e fagan un plan de redución paulatina de licencias aproveitando as xubilacións e compensando aos titulares desta licencias polo valor real medio de mercado das licencias. Ese é o principal problema, mentres non o asuman nós como lle digo nos imos abster e por suposto se falamos a nivel económico, falamos de licencias de taxis, falamos da axuda económica que vostedes lle conceden ao sector do taxi, sabe canto cartos conceden vostedes ao sector do taxi? Cero euros, voulle poñerlle un exemplo de como é a deriva económica da axuda ao sector nos últimos anos, o bono-taxi, cando vostedes entraron ao goberno existía un servizo para aquelas persoas que eran dependentes para que puideran acceder e puideran ir dende as súas casas aos hospitais ou aos servizos esenciais, dende que vostedes están non goberno ese servizo se mantivo, primeiro, reduciron a contía en 25.000 euros, se mantivo nos últimos anos nesa contía, nin subida co IPC e ademais reduciron o número de beneficiarios, temos 3.500 grandes dependentes na cidade e só o utilizan 89, por unha contía de 20 euros ao mes, esa é realidade da axuda que vostedes conceden ao sector, quedan moitas modificacións e como disto xa falaremos, non se preocupe que volveremos a presentar alegacións esenciais e elementais que necesitan e recollen e non trasladan os titulares das licencias de taxis.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Sr. Gago, lle agradecería que se centrase, mire, este goberno máxima transparencia, 95% en transparencia internacional pero mire, permítame que eu me centre no tema que estamos a tratar, mire, é vergoñento que veñan a este Pleno cando non fixeron nin unha alegación, ningún dos dous grupos, non, en tempo e en forma non presentaron ningunha alegación, ademais o curioso é unha cousa, vostedes cando falan co sector, cos taxistas din unha cousa, están de acordo co que se trae nesta ordenanza porque reitero o que se trae nesta

ordenanza son propostas todas elas do colectivo de taxistas pero cando veñen a este Pleno din todo o contrario, tódalas medidas que se traen aquí, reitero son para mellorar a mobilidade no transporte público da cidade, todas elas a proposta do colectivo, das asociacións.

Con respecto á revocación, porque novamente se nos ven a propoñer aquí, a revocación está perfectamente recollida na ordenanza, se vostedes len a ordenanza, no artigo 14 en na propia Lei 4/2013, de transporte público de persoas de vehículos de turismo, aí se recolle a posibilidade de revocar licencias e dio dunha forma moi clara, por razóns de oportunidade de interese público, tales como situacións sobrevidas non imputables ao titular que aconsellen reducir o número de licencias, ben por caída de demanda, ben por exceso de oferta e circunstancias xustificadas, polo tanto, xa está regulado, non ten que ser obxecto de nova regulación nesta ordenanza pero ademais non é materia desta ordenanza establecer como din vostedes tres, catro, cinco anos para realizar un estudo, isto suporía para o Concello un custe desproporcionado na miña opinión, polo tanto, créanme, isto xa está recollido na ordenanza e con respecto ás axudas aos taxistas por suposto que non axudamos aos taxistas, nós a quen axudamos son aos cidadáns que utilizan o transporte público de Vigo, ben sexa transporte utilizando autobuses, ben sexa transporte utilizando taxis, iso fano vostedes, vostedes si que achegan cartos ás concesionarias, vostedes si que o fan e vostedes si que o farían aos taxistas no noso caso non, no caso a quen subvencionamos son aos cidadáns que lles quede moi claro.

Polo tanto, déixense de rodeos.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e

señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO:

EN RELACIÓN COAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA ASOCIACIÓN ELITE TAXI VIGO E ASOCIACIÓN CORPORACIÓN DO TAXI PROPONSE O SEGUINTE :

Desestimar as alegacións presentadas co números 1,2,3,4,e 5, polos motivos expostos no informe que antecede e estimar en parte a alegación recollida no punto 6 coa redacción proposta.

EN RELACIÓN COAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI PROPONSE O SEGUINTE:

Estimar as alegacións presentadas de conformidade co contido do informe que antecede.

SEGUNDO: APROBAR DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DA CIDADE DE VIGO APROBADA INICIALMENTE POLA PLENO DE DATA 25 DE ABRIL DE 2018 NOS SEGUINTE ARTIGOS:

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS

- Modificar o apartado d) suprimindo a letra d) do paragrafo mantendo o mesmo, e substituír no apartado e) a letra e) pola d) .

- Modificar o ultimo paragrafo que queda coa seguinte redacción :

“As transmisións a que se refire o presente artigo realizaranse a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente Ordenanza . No caso da constitución dunha comunidade de herdeiros no se esixirá aos mesmos o requisito esixido no apartado f) do citado artigo.”

No artigo 12 : PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

- Modificar o apartado e) coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.

A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS :

- Engadir no paragrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licenzas

No caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

- O requisito número 5 queda redactado co seguinte texto:

“Cor que aprrobe o Concello, e no capó dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos que ocuparan a totalidade do capó.

- O requisito número 6 queda redactado co seguinte texto:

“Na parte central das portas dianteiras levarán o escudo oficial do Concello que terá unhas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto .

- O requisito número 7 queda redactado co seguinte texto:

“O número de licenzas figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo .

Os números de licenzas deberán ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm e tipografía Helvética Médiom Condensed.

a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negra.

b) na luneta traseira deberán figurar na parte inferior dereita e ser de cor branca.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberán figurar nunha placa na que figure o número da licenzas , número de prazas e matrícula. (de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto) “

- Proponse suprimir o requisito número 15:

“Deberan levar a placa identificativa de servizo público”.

- Engadir no parágrafo número 17 o seguinte texto:

“O dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita. Exclúense desta obriga os dispositivos luminosos autorizados con anterioridade á data 16 de novembro de 2017 “

- Proponse suprimir no parágrafo número 18 a palabra transparente

- Substituír o último parágrafo polo seguinte texto:

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

- Engadir un apartado final co seguinte contido :

“Polos servizos técnicos municipais elaborarase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberan cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria. “

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN proponse:

- Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes”

- Engadir no apartado d) o seguinte:

“ A Ordenanza e as disposicións complementarias poderán presentarse en formato papel ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento”.

No artigo 24 NORMAS XERAIS proponse:

- suprimir no paragrafo primeiro “ o B.T.P. “

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI

- O parágrafo primeiro queda redactado co seguinte texto :

“Para a obtención de permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocara as probas necesarias como mínimo dúas veces ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitude para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran.”

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS

- O paragrafo segundo queda redactado da seguinte forma:

“Non se autorizaran anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios os criterios fixados pola Corporación.

Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.”

- O paragrafo cuarto queda redactado da seguinte forma:

“ A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior. Así mesmo poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas, a porta non incluírá o cristal da ventanilla .

Calquera outro tipo de publicidade distinta a aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello.

Engadir así mesmo que permitiranse na parte posterior do vehículo colocar publicidade, no que se deixara un espazo reservado para colocar os adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización aos usuarios.

Debera respetarse en todo caso a imaxe unificada dos taxis que estableza o Concello.”

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO

- Modificar o último parágrafo :

“Nos servizos que supoñan un percorrido superior a 30 quilómetros poderá solicitarse por parte do condutor o pago anticipado dun 50 % do importe previsto para o traxecto a realizar, debendo entregar no momento do pago factura polo importe abonado.”

- Incluír un novo e último parágrafo, coa seguinte redacción:

“Todos os vehículos taxis deberán dar aos seus clientes a posibilidade de pagar por medios telemáticas. Para iso levarán o aparello técnico necesario nos seus vehículos; esta obrigaón será esixible no prazo de seis meses contados a partir da aprobación da presente modificación da Ordenanza”

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO

- O apartado D) queda redactado do seguinte xeito:

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestirse axeitadamente para o servizo . Queda prohibida a utilización durante a prestación de servizo de chándal, roupa de deporte, camisetas de tirantes, chanclas e pantalóns curtos.

- Engadir no apartado K) o cos axentes de autoridade.

- No parágrafo último suprimir a palabra autotaxi.

- Engadir un apartado m) co seguinte texto:

“levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.”

- Engadir un apartado n) co seguinte texto:

“Permitirase a entrada de cans-guía que acompañen a persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidade física.”

- Engadir un apartado o) co seguinte texto:

“ Os condutores dun vehículo taxi, unha vez chegado ao lugar de destino e se os clientes así llo piden, estarán obrigados a esperar e vixiar a entrada destes nos seus portais, non podendo abandonar o lugar ata ese momento.

- Engadir un parágrafo último co seguinte texto:

“Estará prohibido consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios .

No artigo 39 DESCANSOS

- Engadir no apartado terceiro:

“ Nin os eurotaxis que soamente ponderan prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida.”

- O apartado cuarto queda redactado co seguinte texto:

“ Os días de descanso que correspondan a cada licenza sinalarase con círculos de cores de 10 cm de diámetro adhesivos no imantados que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ambos lados e iran colocados sobre a chapa.”

No artigo 42 NORMAS XERAIS

- Engadir un parágrafo entre o segundo e o terceiro co seguinte texto :

“ A solicitude de revisión de tarifas debera presentarse coa antelación suficiente , de conformidade co disposto na normativa que sexa aplicable, para que as tarifas revisadas entren en vigor o 1 de xaneiro.”

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

- Substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.”

No artigo 47 FALTAS GRAVES

- Engadir un apartado n)

“Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi.”

No artigo 48 FALTAS LEVES

- Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

- E engadir os seguintes apartados:

k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “

l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.

m) “Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

TERCEIRO: PUBLICAR O PRESENTE ACORDO DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, MODIFICACIÓN QUE ENTRARA DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NOS ARTIGOS 70.2 e 65.2 DA LEI 7/1985 DE 2 DE ABRIL DE 1985 AOS QUINCE DÍAS HÁBILES DA SÚA PUBLICACIÓN.

13(147).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 93738/421 (REXISTRO PLENO 1797/1101)

PRESIDENCIA: Queda retirada por carencia dalgúns trámites na súa tramitación.

14(148).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE PRESENTADA POR “PROMOCIONES URBANAS LAXAS S. L.” RELATIVA Á PUBLICACIÓN NO DOG DO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA E REMISIÓN Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DO ESTUDO DE DETALLE DO INMOBLE SITO NA RÚA VELÁZQUEZ MORENO NÚM. 10. EXPTE. 3147/426 (REXISTRO PLENO 1822/1101)

ANTECEDENTES: En data 14 de xuño de 2018, a técnica de Admón. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión e a xefa de Barrios Históricos co conforme do secretario da XMU e do xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe proposta,

“Con data 12.07.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110099273) o estudo de detalle presentado pola mercantil “Vitalvigo Promociones” correspondente ao inmovible sito na rúa Velázquez Moreno, nº. 10. O nomeado estudo viu precedido pola consulta urbanística especial presentada pola promotora e valorada pola Comisión de Seguemento do PEEC-PEPRI que en data 13.05.2011 acordou, entre outros puntos, que era necesario tramitar un estudo de detalle e condicionar o resultado da proposta ao preceptivo pronunciamento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (706/426).

O día 20.07.2012, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120087083) o informe de data 03.07.2012 da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Pontevedra, expresivo de que a solución proposta podería aportar valor á edificación, *se ben queda supeditado ao informe do Concello de Vigo e ao cumprimento da ordenanza 2 do PXOM de Vigo* (en

referencia ao PXOM/08).

Con data 27.07.2012, o Consello da XMU tomou coñecemento do informe municipal relativo ao alcance das obras de derruba no ámbito da ordenanza 2 do entón vixente PXOM/08, que foi remitido á Dirección Xeral de Patrimonio (exp. 1018/400). Non consta que a dita Consellería expresase a súa conformidade ou disconformidade a respecto do criterio adoptado polo Concello de Vigo.

O día 31.03.2014, o Pleno do Concello de Vigo aprobou o informe de interpretación do concepto dubidoso no ámbito da Ordenanza 2 do referido PXOM/08, que foi remitido en data 11.04.2014 á Xefatura territorial de Pontevedra da Consellería competente en materia de patrimonio cultural. Non consta que a nomeada Consellería manifestase a súa conformidade ou disconformidade a respecto da interpretación normativa aprobada polo Concello de Vigo.

O día 05.05.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140052569), o escrito presentado pola mercantil “Promociones Urbanas Laxas, S.L.” achegando copia de escritura de compravenda do inmovible de referencia.

Constan no expediente informes da arquitecta municipal de datas 03.09.2012, 17.10.2012, 29.01.2013 e 01.03.2013.

O día 18.07.2014, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o estudo de detalle do edificio nº. 10 sito na rúa Velázquez Moreno promovido pola mercantil “Promociones Urbanas Laxas, S.L.” e redactado polos arquitectos D. Jesús Irisarri Castro e D^a. Guadalupe Piñeira Manso, abrir un trámite de información pública por prazo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncio no DOG en un dos xornais de maior circulación na provincia e recabar informe da Consellería de Cultura en canto o edificio figura incluído no catálogo do Plan especial de edificios a conservar. O dito anuncio tivo publicación no DOG nº. 202, do día 22.10.2014 e no Faro de Vigo do día 02.12.2014. Durante o dito período non se presentaron alegacións, sen embargo, non consta a emisión do informe sectorial referido no dito acordo municipal da XGL.

Con data 10.11.2015, o Tribunal Supremo dictou sentenza no recurso de casación nº 1658/2014 declarando a nulidade das ordes da Conselleira da CPTOPT de data 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do plan xeral de ordenación municipal de Vigo e do Conselleiro da CMATI de data 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da citada orde do 16.05.2008, o que significou a reviviscencia do PXOU-93.

En data 08.05.2018, tivo entrada no Rexistro xeral (doc. 180069235) o escrito presentado D. Raúl Ameijeiras González, afirmando actuar en nome e representación da entidade mercantil “Promociones Urbanas Laxas, S.L.”, polo que solicita a publicación no DOG do *acordo de aprobación definitiva* do estudo de detalle do edificio sito en rúa Velázquez Moreno, núm. 10, e posterior remisión á CMAOT en cumprimento do artigo 88.3 da LSG, que considera aprobado por silencio administrativo.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo

- e Rehabilitación urbana (TRLSRU)
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG)
- Rd 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se establece o Regulamento de Planeamento Urbanístico
- Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio cultural de Galicia
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 29/1998, do 13 de abril, Reguladora da xurisdicción C-A.

II. Tramitación do procedemento e consecuencias da nulidade do PXOM/08

O estudo de detalle de referencia iniciou a súa tramitación vixente a LOUGA, afectando a unha edificación incluída no Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a conservar en Vigo (PEEC), no cuarteirón nº 10, catalogada con protección ambiental. A catalogación do inmovible foi tamén incorporada ao PXOM/08 declarado nulo en sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015, aínda que modificaba determinados aspectos do PEEC. O dito estudo de detalle formulouse en desenvolvemento das previsións do PXOM/08 e non ten encaixe nas determinacións normativas contidas no vixente PXOU-93.

Pois ben, a LOUGA regulaba os estudos de detalle dentro da sección 4ª *“Planeamento de desenvolvemento”* na subsección 5ª, cuxo artigo 90.2 dispoñía que o prazo para a aprobación definitiva polo concello de estudos de detalle sería de tres meses, a contar dende o acordo de aprobación inicial, transcorrido o que, sen que se procedese á notificación da resolución, podería entenderse aprobado definitivamente sempre que se tivera realizado o trámite de información pública e obtido os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable ou, no seu caso, tiveran sido recabados os informes e transcorridos os prazos para emitilos. Con todo, tal determinación debe poñerse en relación co disposto no artigo 90.3 da LOUGA, na medida en que proscribía a aplicación do silencio administrativo positivo aos instrumentos de planeamento que contivesen determinacións contrarias á lei, aos plans de superior xerarquía ou ás directrices de ordenación do territorio. A vixente lexislación urbanística exprésase en similares termos (artigos 76.3 da LSG e 187.3 do RLSG).

No presente caso, consta a aprobación inicial expresa do instrumento, así como a apertura dun trámite de información pública no que non se presentaron alegacións e a solicitude de informe á Consellería competente en materia de patrimonio cultural, pois, segundo reflicte o acordo da XGL de data 18.07.2014 de aprobación inicial do estudo de detalle de referencia: *“(…) Como queira que o edificio está catalogado, debe recabarse, según dispón o artigo 54 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, autorización sectorial preceptiva.”* Na nota ao pe contida nese acordo, engándese que a autorización sectorial está condicionada pola interpretación da Consellería de Cultura en canto á posibilidade de derrubas nos edificios

catalogados no ámbito do PEEC e que *remitiuse a interpretación municipal en sendas ocasións á Administración autonómica, na que, en resumo, se considera que o PXOM, no seu caso, as permite, seguindo sempre o procedemento descrito no propio PXOM*. Non obstante, non consta a emisión do informe solicitado á Consellería competente en materia de patrimonio cultural nin consta a súa conformidade expresa cos criterios interpretativos adoptados polo Concello de Vigo.

Sentado o anterior, a posibilidade de atribuir ao informe sectorial non emitido un efecto favorable, non pode ampararse nas disposicións normativas contidas na LSG e no RLSG (citadas polo interesado) por terse producido a nulidade do PXOM/08 con anterioridade á entrada en vigor de ambas normas, senón na derradeira modificación operada na Lei 8/1995.

Sen embargo, non pode esquecerse que o dito estudo de detalle tramitouse en desenvolvemento das previsións do PXOM/08, de acordo cos informes técnicos obrantes no expediente, e que este foi declarado nulo de pleno dereito en sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 (e outras sobre as que proxectou os seus efectos) ditada no recurso de casación nº 1658/2014. Consecuentemente, a nulidade de pleno dereito do PXOM/08, na medida na que comportou a nulidade dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento aprobados con fundamento nel (entre eles, os estudos de detalle, segundo, entre outras, as sentenzas do TSXG do 28.07.2008, 05.05.2015, 03.04.2014 e do TS do 24.11.2008 e 01.12.2008), impediría que, de terse aprobado, podera subsistir de forma autónoma dado o seu carácter subordinado (neste senso, sentenzas do Tribunal Supremo 24.11.2008, 02.10.2014 e 21.12.2016 e TSXG do 07.02.2013 e 11.05.2017) o que resulta claramente consignado na lexislación urbanística autonómica vixente na data da sentenza declarativa da nulidade das ordes autonómicas aprobatorias do PXOM (neste senso, a LSG asigna tamén aos estudos de detalle a natureza de figura de planeamento).

Así pois, no caso de que o dito estudo de detalle fora aprobado expresa e definitivamente estaría afectado pola nulidade de pleno dereito do planeamento xeral que lle proporcionaba a necesaria cobertura xurídica, posto que tal nulidade acarrearía a súa invalidez sen necesidade de que sexa expresamente declarada, consonte consolidada xurisprudencia, (entre outras, sentenzas do Tribunal Supremo do 28.09.2012, 15.10.2015 e 13.12.2013). A mesma nulidade producirase no suposto de silencio estimatorio.

Xa que logo, advírtese a improcedencia de estimar a solicitude de referencia, non resultando conforme a dereito a publicación no DOG e no BOP dun acordo e unhas determinacións normativas que non contan coa necesaria cobertura xurídica, sendo así que o estudo de detalle de referencia, no día da data, carece de validez e, por elo, non procede dotarlle da eficacia que se pretende mediante a súa publicación no boletín provincial. De igual forma, a preceptividade da inscrición dos instrumentos de planeamento no Rexistro autonómico referido no RLSG afectaría a instrumento válidos, non sendo tal o caso do devandito estudo de detalle. Finalmente, debe sinalarse que o artigo 199.4 do RLSG resultará de aplicación a aqueles instrumentos aprobados tras da entrada en vigor do dito precepto, circunstancia que tampouco concorre neste caso.

III. Órgano competente

É competente para adoptar o seguinte acordo ao Pleno do Concello de Vigo en virtude do previsto no artigo 123.i) da LRBR, previa consideración da proposta pola XGL e ditame do

Consello da XMU, por ser o órgano competente para acordar no Concello de Vigo a aprobación definitiva dos estudos de detalle e ordenar a súa publicación.

Por canto antecede, propónse a adopción do seguinte....”

Deseguido as funcionarias asinantes emiten a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

En data 21.06.18, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente e acorda elevar dita proposta á Xunta de Goberno Local.

Con data 28.06.18, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta referida.

En fecha 19.07.18, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, ditamina favorablemente a mencionada proposta.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar a solicitude presentada pola mercantil “Promociones Urbanas Laxas, S.L.”, representada por D. Raúl Ameijeiras González, con data de rexistro 08.05.2018 (doc. 180069235), relativa á publicación no DOG do acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle do inmovible sito na rúa Velázquez Moreno, nº. 10, en Vigo, así como a remisión á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da documentación necesaria para

a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia e posterior publicación da normativa no BOP, de acordo cos fundamentos *supra* transcritos.

SEGUNDO: Notificar este acordo á interesada, significándolle que pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende o seguinte a súa notificación, perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro que estime conveniente.

15(149).- RATIFICACIÓN DA RESPOSTA Á CONSULTA URBANÍSTICA FORMULADA POR “GLOBAL FITNESS SPORT S.L.” SOBRE DIVERSAS DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS DA UE-II 04 INDUSTRIAL. EXPTE. 16625/411 (REXISTRO PLENO 1831/1101)

ANTECEDENTES: En data 31 de xullo de 2018, o secretario xeral do Pleno co conforme do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“Lexislación aplicable.

LSG. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

RLSG. Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).

ORTLU. Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa. (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LASGA. Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia.

Antecedentes.

O 27.04.2018 tivo entrada no Rexistro da XMU (doc. 180062802) consulta urbanística formulada por “Global Fitness Sport S.L.” co seguinte contido, “Se a vixente normativa urbanística permite que por medio dun Plan Especial de Reforma Interior (PERI) e, por tanto, sen necesidade de acudir á modificación do planeamento xeral (vixente PXOU 1993) sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas da *UE-II 04 Industrial*. Concretamente, as determinacións do citado PERI serían as descritas no anterior apartado 1.7¹”.

Segundo o artigo 15 da ORTLU as persoas interesadas poderán formular consultas urbanísticas especiais para resolver as dúbidas de interpretación que lles poida subscitar a aplicación dun ou varios preceptos da normativa urbanística presentando propostas técnicas sobre unha actuación urbanística concreta; a resposta dos servizos técnicos municipais será ratificada polo órgano competente para autorizar o futuro proxecto; o artigo 123.1.i) da LBRL sinala que corresponde o Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística; o PERI o que se refire a consulta, de ser o caso, aprobarase definitivamente polo Pleno polo que este órgano municipal é o competente para ratificar a resposta á consulta formulada.

En data de 30.07.2018 o xerente da XMU traslada á Secretaría xeral do Pleno o Expediente 16625/411 o ser este órgano, o Pleno, o que ten que ratificar a resposta; cumprimentando a petición remítese o seguinte,

INFORME

I. O artigo 65.1 da LSG refírese as disposicións comúns aos plans de desenvolvemento (parciais e especiais) e indica:

1. Os ... plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo plan xeral de ordenación municipal, de acordo coas seguintes condicións:

a) Que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente e a articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a resolución de problemas de mobilidade ou ben outros fins análogos.

b) Que non afecten nin alteren de ningún modo as determinacións do plan xeral sinaladas nos artigos 52, 54.2, 55.2 e 56.1 desta lei, sen prexuízo dos axustes necesarios para garantir as conexións.

¹ O apartado 1.7 indica, “... objetivos y determinaciones: (i) Resolver la afección que ha supuesto sobre la *UE-II 04 Industrial* la ejecución de la circunvalación, para la que se reordenarán los volúmenes teniendo en cuenta la nueva línea límite de la edificación, las nuevas alineaciones resultantes y la menor superficie de las parcelas de la *UE-II 04 Industrial*; (ii) Modificar las condiciones de parcelación, de modo que se permita la ordenación de volúmenes adecuados para albergar usos comerciales o usos industriales más acordes con el entorno residencial que ahora constituye el Barrio de Navia; (iii) Ordenar de modo coherente la parte de la industria de Dalphi Metal España, S.A., afectada por la *UE II-04 Industrial*, de manera que puedan quedar ordenadas las obras de reciente construcción y resueltos los accesos al aparcamiento; (iv) Variar los porcentajes de usos establecidos por la Ordenanza, repetando el uso global mayoritario industrial, de modo que el uso industrial alcance el 50.1 % y el uso comercial el 49,9 % restante; (v) Admitir que el uso comercial permitido se pueda desarrollar también en edificio exclusivo; y (vi) Resolver la afección generada por la obras realizadas por Dalphi Metal España, S.A. en finca de resultado 8 (vial interior), mediante trazado alternativo de dicho viario que, a la vez, dote de mayor funcionalidad al ámbito”

c) Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais que se establezan no plan xeral.

d) Que non supoñan unha diminución, un fraccionamento ou unha deterioración da capacidade de servizo e da funcionalidade dos espazos previstos para os sistemas locais de dotacións públicas.

O artigo 70 da mesma norma, reiterado no artigo 157.1 do RLSG, menciona as finalidades dos Plans Especiais, neste sentido sinala,

1. Poderán formularse e aprobarse plans especiais coa finalidade de ... levar a cabo operacións de reforma interior ...

2. ...

3. ...

4. Os plans especiais conterán as determinacións necesarias para o desenvolvemento do planeamento correspondente e, en todo caso, as propias da súa natureza e finalidade.

5. En ningún caso os plans especiais poderán substituír os plans xerais na súa función de instrumentos de ordenación integral do territorio, polo que non poderán modificar a clasificación do solo, agás nos supostos previstos no artigo 65 desta lei ...

Respecto dos Plans Especiais de Reforma Interior o artigo 72.1 advirte,

1. Os plans especiais de reforma interior teñen por obxecto a execución de operacións de reforma en solo urbano non consolidado ..., estean ou non previstas no plan xeral.

En desenvolvemento deste precepto o artigo 180.1 do RLSG sinala, “*En todo caso o seu ámbito deberá estar delimitado no plan xeral, e a ordenación do mesmo poderá estar remitida o planeamento de desenvolvemento ou contida no propio plan*”.

O artigo 181 do RLSG refírese as “finalidades” dos PERIs en solo urbano non consolidado,

1. No solo urbano non consolidado poderán redactarse plans especiais de reforma interior coas seguintes finalidades:

a) ...

b) Desenvolver actuacións de reforma interior ou renovación urbana.

c) ...

...

2. As actuacións previstas no plan especial de reforma interior en solo urbano non consolidado poderán ter ... carácter puntual, incidindo só sobre zonas ou elementos concretos.

3. ...

O artigo 26.1.b.2) do RLSG indica que os procesos de reforma interior ou

renovación urbana terán por obxecto realizar actuacións de rexeneración e renovación urbanas cando afecten, tanto a edificios como a remate de cuarteiróns, así como o reaxuste de vías existentes.

II. Da normativa transcrita despréndese que os Plans Especiais son instrumentos de desenvolvemento urbanístico, artigo 70.4 LSG; se caracterizan pola ausencia de xeralidade, é dicir, pola especialidade do seu obxecto, artigo 70.1 LSG, coa particularidade que poden modificar a ordenación detallada establecida polo PXOM, artigo 65.1. LSG, e coa condición de procurar a súa mellora substancial, artigo 65.1.a) LSG.

Os de Reforma Interior executarán ese tipo de operacións (renovación ou reforma) en solo urbano non consolidado, artigo 72.1 LSG, e poden outorgar unha regulación sectorial e puntual a un ámbito territorial (zona) moi concreto, artigo 181.2 RLSG; conterán as determinacións adecuadas á súa finalidade, artigo 72.2 LSG, entre elas, a asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e niveis de intensidade correspondentes da zona, artigo 68.b) LSG, en relación co último inciso do artigo 72.2 da LSG.

O TS, nas súas sentenzas de 14.10.1986; 23.9.1987; 8.4.1989 e 2.1.1992 sinala que, aínda que principio de xerarquía normativa tradúcese na idea de que os Plans Especiais non poden vulnerar abertamente as determinacións do Plan Xeral nin poden substituílo como instrumento de ordenación integral do territorio, os Plans Especiais -na súa relación co Plan Xeral- non son homologables os Plans Parciais, dado que a dependencia destes é maior que as dos Especiais en tanto que os Plans Parciais son simple desenrolo e concreción do Xeral², mentres que aos Especiais lles está permitido un marxen maior de apreciación de determinados obxectivos singulares que non se conceden os Parciais.

III. O feito de que o vixente PXOU 93 non conteña a ordenación detallada da *UE-II 04 Industrial* non impide nin imposibilita a aprobación nese ámbito dun Plan Especial de Reforma Interior³.

Se os Plans Especiais de Reforma Interior poden xustificadamente, e respectando as determinacións esenciais e estruturantes do Plan Xeral, modificar a ordenación pormenorizada dun ámbito de solo urbano non consolidado do Plan Xeral, artigo 65.1 LSG; de idéntico xeito, e coas mesmas limitacións, estes Plans poden establecer *ex novo* a ordenación detallada nun ámbito delimitado de tales características cando o Plan Xeral non a conteña e así o recomende o interese público urbanístico; nun e outro caso a finalidade é a mesma: unha nova ordenación; resulta obvio que se desde un Plan Especial pódese modificar a ordenación "existente", tamén un Plan Especial pode establecer a "non existente".

É mais, o artigo 95.2 da LSG sinala que, salvo que o Plan Xeral estableza a

² En Galicia a LSG, art. 65.1, tamén permite os plans parciais modificar a ordenación detallada establecida no PXOM.

³ Pode considerarse a existencia de tal ordenación detallada. O artigo 28.4 da LASGA posibilitaba que o desenvolvemento de polígonos ou unidades de actuación en solo urbano se levase a cabo ben mediante Plans Especiais de Reforma Interior, ben a través de Estudos de Detalle; neste sentido o Pleno do Concello, en sesión de data 28.12.1996 aprobou para UE-II 04 Industrial o correspondente Estudo de Detalle que foi modificado en sesión de data 26.06.2000. O Proxecto de Urbanización foi aprobado en data de 15.02.2001 e o Proxecto de Compensación o 11.04.2002.

ordenación detallada, o desenvolvemento do solo urbano non consolidado requerirá a previa aprobación dun Plan Especial; en similar sentido se pronuncia o artigo 180.1 do RLSG o indicar que a ordenación dos ámbitos a desenvolver a través dun Plan Especial pode estar contida no propio Plan, ou remitida o planeamento de desenvolvemento, que é o caso da ficha da *UE-II 04 Industrial*, coa particularidade de que o Estudo de Detalle nela mencionado non é, na vixente normativa urbanística, o instrumento idóneo.

IV. Cuestión distinta é a oportunidade ou a conveniencia de aprobar tal ordenación detallada, mediante tal PERI.

No escrito de consulta indícase que os obxectivos do PERI serán: (i) resolver a afección que ten suposto sobre a *UE-II 04 Industrial* a execución da circunvalación, a tal fin se reordenarán os volúmenes considerando a nova línea límite da edificación, as novas alineacións resultantes e a menor superficie das parcelas da *UE*; (ii) modificar as condicións de parcelación permitindo volúmenes que alberguen usos comerciais ou industriais acordes co entorno residencial de Navia; (iii) ordenar de modo coherente a parte da industria de Dalphi Metal España, S.A. afectada por la *UE* de xeito que queden resoltas as obras de recente construción e os accesos o aparcadoiro; (iv) variar as porcentaxes de usos establecidos pola Ordenanza repectando o uso global maioritario industrial de modo que o uso comercial alcance el 49,9 %; (v) admitir que o novo uso comercial se desenvolva en edificio exclusivo; (vi) resolver a afección xenerada polas obras realizadas por Dalphi Metal España, S.A. en finca de resultado 8 (vial interior), mediante trazado alternativo de dito viario dotando de maior funcionalidade o ámbito.

A consideración e avaliación dos obxectivos descritos se atopan o marxe da consulta realizada que, sen prexuízo da proposta que contén, debe limitarse a informar se a vixente normativa urbanística permite que por medio dun Plan Especial de Reforma Interior (PERI) e, por tanto, sen necesidade de acudir á modificación do planeamento xeral, sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas da *UE-II 04 Industrial*.

De conformidade co artigo 180.2 do RLSG, será a Memoria do PERI a que deba xustificar: (i) a necesidade ou conveniencia do PERI; (ii) a súa coherencia co planeamento xeral; (iii) a súa incidencia sobre o mesmo, e (iv) a mellora que supón a nova ordenación urbanística proposta. Estudiada e valorada no seu momento tal xustificación e proposta será o órgano municipal competente (Pleno) quen, motivadamente, á vista dos informes que podan emitirse, e con observancia do interese público, decida.

Sen prexuízo do exposto pode adiantarse que a “necesidade” do PERI, en definitiva, o seu carácter obrigado ou forzoso resultará imposible de apreciar polo que tal Memoria fará mención á mera “conveniencia”; a continuación a Memoria mencionará a “coherencia” da nova ordenación co PXOM 93 e a súa “incidencia” sobre o mesmo, unha repercusión que, dada a exigua superficie do ámbito a ordenar, móstrase irrelevante; finalmente a Memoria considerará a mellora da nova ordenación que propoña con especial referencia o uso comercial previsto e a tipoloxía para tal uso (edificio exclusivo).

O reiteramos, non é o momento procedimental oportuno para considerar a conveniencia de aprobar un PERI no ámbito da *UE-II 04 Industrial*, nin para avaliar se a ordenación proposta mellora substancialmente a existente.

V. As determinacións da “ficha de características” do PXOU 93 respecto da *UE-II 04 Industrial* poden ser modificadas sempre e cando tal modificación respecte as determinacións de carácter xeral do artigo 52 da LSG previstas no PXOU 93 e as previstas para o polígono, artigo 54.2 da mesma norma (delimitación do ámbito, uso global existente, superficie total edificable e previsión dos sistemas xerais necesarios).

VI. Conforme o artigo 74 da LSG os plans especiais poderán ser formulados polos particulares lexitimados para facelo; o artigo 66. b) da mesma norma aclara que tal lexitimación de iniciativa particular corresponde os propietarios que representen máis do 50 % da superficie do ámbito da UE. Conforme o artigo 159.2 do RLSG “Global Fitness Sport S.L.”, na presentación do PERI, acreditará esta circunstancia mediante documento que recolla os seguintes datos: (i) nome, apelidos, ou razón social, e domicilio das persoas propietarias afectadas e, (ii) datos de titularidade catastral, así como datos reflectidos no Rexistro da Propiedade, relacionados cos predios incluídos na *UE-II 04 Industrial* que representarán máis do 50 % esixido.

VII. A presente resposta ratifícase polo Pleno do Concello na súa condición de órgano competente para autorizar (aprobar) o “proxecto” (PERI) o que se refire a consulta, artigo 15 da ORTLU. A ratificación da resposta notificarase o solicitante.

Resposta á consulta urbanística formulada. A vixente normativa urbanística (LSG) permite que por medio dun Plan Especial de Reforma Interior sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas en solo urbano non consolidado sempre e cando a nova ordenación que a través do PERI se propoña, (i) mellore substancialmente a ordenación urbanística existente; (ii) respecte as determinacións do PXOM 93 sinaladas no artigo 52 da LSG e no artigo 54.2 da mesma norma, e (iii) non implique un incremento da superficie edificable total do ámbito e observe o uso global previsto para a UE.

A proposta que consta na consulta formulada cumpre o sinalado nos apartados (ii) e (iii); a mellora substancial da ordenación urbanística existente, apartado (i), considerarase tras o estudo da Memoria do PERI a formular.

Para modificar ou establecer a ordenación detallada da *UE-II 04 Industrial* non resulta necesario acudir á modificación do vixente PXOU 1993.”

Con data 31.07.2018, o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“En virtude da resposta que consta no Expediente 16625/411 relativa a consulta

urbanística formulada pola mercantil “Global Fitness Sport S.L.”, o amparo do artigo 15 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, e previo ditame do Consello da Xerencia, propónse o Pleno a adopción da seguinte...”

Deseguido o xerente formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 2.08.18, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACION: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Ratificar a resposta emitida polo secretario xeral do Pleno en data 30.07.2018 relativa a consulta urbanística formulada por “Global Fitness Sport S.L.” en relación á posibilidade de que mediante un Plan Especial de Reforma Interior (PERI), e sen necesidade de acudir á modificación do planeamento xeral (vixente PXOU 1993), sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas da *UE-II 04 Industrial*.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo e a resposta emitida á mercantil interesada.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

16(150).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO Á IGUALDADE DE TRATO, CONSIDERACIÓN E NON DISCRIMINACIÓN DO PORTO DE VIGO EN RELACIÓN AO DE VALENCIA NOS TERMOS DE FINANCIAMENTO E ASUNCIÓN DÉBEDAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1854/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de agosto de 2018, número 1854/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 22 de agosto celebrouse a última reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira entre o Goberno e as Comunidades Autónomas. Nesta reunión o goberno socialista de Pedro Sánchez conseguiu o apoio á senda de déficit a base de numerosas concesións e escuros pactos coas comunidades socialistas e nacionalistas forzado pola súa precaria situación de minoría no Congreso dos Deputados.

Deste xeito, unha das claudicacións mais escandalosas do goberno foi o pacto coa Comunidade Autónoma de Valenciana pola que o goberno central condona a débeda 300 millóns de € da Marina de Valencia a cambio do apoio dos socios nacionalistas do Presidente socialista de Valencia Ximo Puig.

Sen ningunha dúbida este trato de favor absolutamente inxustificado supón unha afronta e unha discriminación do porto de Vigo en relación co de Valencia .

Neste senso debemos recordar que xa non é a primeira vez que o porto de Vigo se ve seriamente agraviado con respecto a outros por actuacións dun goberno

socialista. Así lembramos que o Ministro socialista Pepe Blanco esqueceu deliberadamente incluír a Vigo na rede de portos nodais da UE deixando ao porto de A Coruña como único porto nodal na nosa Comunidade Autónoma.

A Autoridade Portuaria de Vigo ten asumido importantes obras con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos, cuestión que lle ten suposto un importante esforzo económico e orzamentario derivada dunha mellora da xestión portuaria levada a cabo polos gobernos do Partido popular que agora se ve ameazada polas decisións arbitrarias dun goberno en minoría.

O Porto de Vigo constitúe como é ben sabido un dos principais motores da economía da nosa cidade e debe ser apoiado en igualdade con outros na creación de infraestruturas e servizos que o doten del plena operatividade e competitividade, sendo na actualidade imperiosamente necesario apostar polo acceso ferroviario á terminal ro-ro de Vigo.

Neste contexto o Alcalde de Vigo está a tratar de desviar a atención deste agravio que está a cometer o goberno central co Porto de Vigo tratando de responsabilizar á Xunta de Galicia nunha decisión unilateral e exclusiva de Pedro Sánchez e do seu goberno.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Goberno socialista de Pedro Sánchez á igualdade de trato e consideración, e non discriminación do porto de Vigo, en relación ao de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción de débedas contraídas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.
- Instar ao Goberno socialista de Pedro Sánchez a impulsar o crecemento e competitividade do Porto de Vigo investindo alomenos 300 millóns de euros€ para o acceso ferroviario á terminal ro-ro da nosa cidade.
- Instar ao Alcalde de Vigo a censurar as actitudes discriminatorias do goberno central respecto ao Porto de Vigo.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Hoxe presentamos aquí esta moción porque cremos que é onde se debe falar das cousas que afectan a Vigo e que nese particular afectan ao Porto de Vigo porque lamentablemente pois neste últimos días asistimos a un espectáculo bastante lamentable nunha forma de entender a xestión política bastante lamentable por parte deste goberno local, agora o Alcalde vaise, non quere escoitar o que o Partido Popular ten que dicir sobre o Porto de Vigo e a petición que fai o Partido Popular para que se apoie ao Porto de Vigo, el saberao,

xa estamos acostumados a que o faga e que desprece así escoitar nada máis que non sexa a si mesmo, pero isto é importante porque afecta a un dos piares da nosa cidade, e é o Porto, e dende logo o que non se pode consentir é que ao Porto de Vigo se lle discrimine en relación a calquera outro porto de España, e iso é exactamente o que pasou e o que pasou o pasado 22 de agosto e o que fixo o goberno Socialista de España. O que pasa é que iso é o que non quere o Alcalde de Vigo que se saiba, que realmente quen perpetrou esta decisión contra o Porto de Vigo foi os seus compañeiros socialistas do Goberno de España, porque este pasado 22 de agosto produciuse unha das claudicacións máis escandalosas que lembra a nosa democracia. Nunha negociación absolutamente escura a ollos de tódolos españois o Sr. Pedro Sánchez, nesa renda que ten que pagar día si e día tamén para manterse na Moncloa, condona a débeda do Porto de Valencia a cambio do apoio dos socios nacionalistas do Sr. Chimo Puch, á senda do déficit para o próximo ano, está mercadeando nada máis e nada menos que para conseguir manterse ilexítimamente no goberno de España porque será un goberno legal pero dende logo non é lexítimo porque está feito cunha moción de censura absolutamente lamentable que vai en contra da nosa democracia, xa sei que lles molesta, vostedes critican as mocións de censura.

PRESIDENCIA: Señores do grupo Socialista, lle rogo que non entren en debate, xa terán vostedes a ocasión de responder á señora voceira, voulle a dar 20 segundos máis que foi o que lle quitei.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu comprendo que hai cousas que non lles gusta escoitar pero é a realidade, están vostedes e o seu goberno socialista se está a vender a quen faga falla con tal de manterse na Moncloa, por iso temos un Presidente do Goberno que é un títere político, de outros que está pagando todo o que poida con tal de manterse na Moncloa e tamén o está a facer co Porto de Valencia, 300 millóns de euros condonados ao Porto de Valencia, e escoitamos algunha palabra do Alcalde de Vigo contra o Presidente o Sr. Sánchez, contra a súa decisión do goberno de España, ningunha, nin unha soa palabra para reivindicar para o Porto de Vigo contra o Presidente o Sr. Sánchez, que é quen tomou a decisión, insisto, para manterse na Moncloa, en cambio si lle escoitamos ir outra vez e unha vez

máis contra a Xunta de Galicia e contra o Presidente o Sr Feijóo, non, non nos vai confundir e non vai conseguir que se desvíe o tiro, porque sabemos perfectamente quen é o único responsable do que pasou, e sabemos perfectamente que temos un Alcalde que agora vaise ver exactamente que é o que pretende e vaise ver que criticaba ao goberno de España cando era o Partido Popular e agora co Partido Socialista non di absolutamente nada e ademais que lamentablemente o seu peso político no goberno de España é cero, porque o Sr. Chimo Puch bastoulle unha vídeo conferencia para conseguir 300 millóns, o Sr. Caballero leva de peregrinando de ministerio en ministerio dende hai tres meses e aínda non conseguiu un só euro para tódolos vigueses e agora queremos que se defenda o Porto de Vigo, queremos que se esixa para o Porto de Vigo os mesmos 300 millóns que se lle deron ao Porto de Valencia, e queremos que esta Corporación e por iso o traemos a Pleno aprobe de forma unánime a esixencia ao goberno de España deses 300 millóns para investir no Porto de Vigo como por exemplo o acceso ferroviario á terminal de Ro-ro, iso é o que é traballar polos cidadás e por Vigo o outro é meterse en guerras as de sempre, cos de sempre, nese estilo populista que ten o Alcalde de Vigo do inimigo exterior da Xunta de Galicia, intentar meter aquí á Xunta de Galicia, cando o único responsable de facer este ofrenda contra o Porto de Vigo é o goberno de España, é o goberno socialista de España, iso é o que queremos traer aquí e iso é o que esperamos que se aprobe de forma unánime nesta Corporación municipal porque realmente o importante é que esteamos xuntos para reclamarlle ao goberno o que é xusto para o noso porto.

SR. PÉREZ CORREA: Estas son as mocións que a este grupo municipal lle apasionan porque xeran outra emoción doutro grupo, falamos como se houbera unha competencia entre Vigo e A Coruña na cuestión portuario e si que hai competencia, ademais é unha competencia que non debería ser natural porque en toda Europa existe coordinación dos Portos, os estados ademais asumen competencias, aquí non, aquí nos matamos entre nós a pesares de que na oposición ou no goberno dicimos o mesmo sobre unha cuestión básica.

Nós queremos entrar nesta moción en poñer o foco nas cuestións que logo na outra moción tamén teremos que clarificar, que queremos falar, da débeda dos portos ou dos investimentos? Que son dúas cousas diferentes, porque se falamos

da débeda como di o mesmo trato que o Porto de A Coruña ou de Valencia que di o Partido Socialista, pois se é quitar a débeda, a débeda do Porto de Vigo é escasamente 9 millóns é ese non é o problema do Porto de Vigo, o problema do Porto de Vigo é un problema de investimentos, para nós é un problema de xestión e de ter un incapaz como presidente, pero iso é outra cuestión que resolveremos seguramente no debate de O Marisquiño, nós queremos falar da orixe da débeda do Porto de Valencia e quero tamén falar do consenso de tódolos partidos, de todos, do Socialista, do Partido Popular, de Esquerda Unida do País Valencia, de Compromís, de Podemos, de calquera partido dende hai moitos anos en dicir que esa débeda de 300 millóns de euros era unha débeda absolutamente ilexítima e froito das políticas cuasi corruptas do Partido Popular do país valenciano, porque se quixo facer unha Fórmula Un, se quixo traer a Copa América, eu lémbrome daquela foto montados nun coche o presidente da comunidade e a Alcaldesa de Valencia saudando á xente, eses son os 300 millóns de euros que hai resolver. Eu estou completamente de acordo en eliminar esa débeda, completamente de acordo pero tamén estou completamente de acordo en asumir que o que se fixo co Porto de A Coruña foi soterrar en Punta Langosteira miles de millóns de euros, unha barbaridade de recursos públicos para agora propoñer a solución de vendelo para poder facer unha permuta cuns terreos e colocar aí vivendas de luxo, polo tanto, eu quero pensar nos primeiros portos galegos, quero que haxa un compromiso de non utilizar os portos como arma arroxadiza en política porque o único que está bailando a xota é o Porto de Leixões, que ante esa batalla que queremos abrir de, non o Porto de A Coruña eu quero tantos para Vigo, o Porto máis preto na fronteira portuguesa segue acumulando tráfico, agora afortunadamente non tanto polo problema que teñen co PIF, pero seguen acumulando tráfico, polo tanto, se non imos ter unha lectura de país nesta cuestión imos xogar coa demagogia absoluta, fagamos quitas dos portos, por que non? Iso significa que ten que haber o mesmo investimento para Vigo que unha quita dunha débeda portuaria, pois non, porque ao mellor Vigo non necesita o tipo de investimento que se necesita o Porto de A Coruña, Vigo necesita un investimento que posiblemente teña que ver co estado de degradación absoluta que teñen as dársenas pesqueiras ou as dársenas pivotadas ou que acabamos de vivir tamén coa cuestión de O Marisquiño, ao mellor as cuestións son totalmente diferentes, entón poñamos enriba da mesa

cales son, o Partido Popular pon unha e di que é esa conexión ferroviaria, conexión ferroviaria co Concello de Vigo sempre dixo que baixo ningún concepto ía pasar unha rede ferroviaria dende a factoría de Citroën ata a dársena de Bouzas, ao mellor temos que estar discutindo sobre esa cuestión e non só das cuestións que teñen que ver coas débedas doutros portos, ademais o Partido Popular ten que explicar por que a Marina de Valencia figura na Lei de Portos do Estado, que non figura ningún outro tipo de entidade de xestión, nin dos portos galegos nin dos portos andaluces, nin dos cataláns, sen embargo aí aparece como unha addenda a posibilidade de que forme parte da Lei de Portos do Estado esta aberración que era a Marina de Valencia e o goberno valenciano con toda lexitimidade o que fai é esixir dentro dos orzamentos que esa débeda para nós ilexítima que se quite, vale pois nos imos defender que tamén se quite a do Porto de A Coruña e imos esixir tamén que se digan cales, porque os investimentos, eu non me lembro do Alcalde de Vigo poñendo enriba da mesa que quere investimentos para o Porto de Vigo, non as sei, non as coñezo, cales son? Cando o Alcalde de Vigo se expresou pedindo determinados investimentos? Si, o Porto Nodal, si a posibilidade da conexión ferroviaria que desbotou o ministro socialista levándoa o Porto de A Coruña e non esixindo que fora para o porto de Vigo, pero esas cuestión teremos que resolvelas non a través de moción cruzadas que como digo son bastante ridículas, nós o queremos ademais é aí en concordancia coa posición dos nosos compañeiros en Valencia, e que haxa unha auditoría da débeda do Porto de Valencia e unha auditoría da débeda tamén do Porto de A Coruña porque seguramente imos descubrir moitas miserias do que ten sido o período de expansión da especulación urbanística e inmobiliaria cos terreos portuarios e polo tanto, ímonos abster nesta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Claro que é lamentable, pero lamentable en sentido contrario ao que se di aquí e esta é unha moción estritamente de demagogia, unha moción que é un auténtico brindes ao sol e que o único que quere tapar é as propias vergoñas da incoherencia do goberno de Galicia. Pero tamén é unha moción que mostra as claras o seguidismo deste grupo do Partido Popular coa obediencia e ás ordes do Sr. Feijóo, porque non falemos doutra cousa, falemos de que o 22 de agosto no Consello de Política Fiscal e Financeira o goberno de Galicia fai desleixo das súas

funcións ao non propoñer absolutamente nada, o goberno de Galicia acude a este Consello de Política Fiscal cunha única instrución, a do seu partido político, a de facer política nese consello para intentar ir en contra da proposta do goberno, esta é a realidade, é que o problema non é o fixo o Sr. Caballero que agora falo diso, o problema é o que non fixo o Presidente da Xunta de Galicia. Miren, quen nada pide nada lle dan, e isto ocorreu no Consello de Política Fiscal e Financeira, e unha vez que o Partido Popular e o goberno de Galicia dáse conta de que outras comunidades autónomas fixeron os deberes lícitamente porque alí cada un podía propoñer o que quixera, é cando se repregan e é cando entran en xogo o que é algo peor a utilización partidista dun goberno, porque señoras/es do Partido Popular, isto arranca en canto a súa resposta cando unha conselleira do goberno Galego, futura candidata á Alcaldía de A Coruña dáse conta da metedura de pata que tivo o goberno galego e sae utilizando o seu cargo de conselleira nunha defensa sectaria do porto de A Coruña, isto é así, isto é a realidade e nese mesmo momento é cando nós como goberno nos manifestamos de que o goberno de Galicia está para defender a todos e que cando se fale do Porto de A Coruña e o seu entorno de cidade tamén se ten que falar do de Vigo, e este é o problema, o problema non é discriminación do Sr. Pedro Sánchez, si a escoitaran dicir que é un títere a verdade é que o nivel é absolutamente lamentable pero mire, peso político do Sr. Caballero, o Presidente da FEMP que está en contacto permanente, parece mentira que non miren as axendas e as hemerotecas, en permanente contacto con tódolos ministros deste goberno e levando a cabo iniciativas políticas que están sendo asumidas polo Sr. Pedro Sánchez e polo seu goberno, pero que me din do peso político, o problema é que este non é un problema do Sr. Caballero o Sr. Caballero como Alcalde desta cidade ten que esixir ao Presidente da Xunta de Galicia que alí onde se debaten investimentos para as comunidades autónomas ten que estar Galicia, e non o Partido Popular porque cando hai que representar a un partido é outro ámbito pero cando se é presidente da Xunta de Galicia ou conselleiro de economía, hai que defender á comunidade autónoma e isto é literalmente o que pasou e eu xa vexo que vostedes levan unha estratexia de desgaste do Sr. Pedro Sánchez, me imaxino que cando falemos de O Marisquiño tamén falará do Sr. Pedro Sánchez e falará de tódalas cuestións, o que queira, pero mire, para garantía desta cidade e para garantía do Porto de Vigo e do que

significa na economía, que defendeu ao Porto de Vigo foi o Sr. Abel Caballero, cando foi presidente e posteriormente.

Dicía que esta moción é un brindes ao sol porque eu non lles escoitei falar a vostedes falar nunca de investimento do Porto de Vigo, isto da terminal Ro-ro non sei de onde o sacaron pero a primeira vez que o contaron nun Pleno como este.

Polo tanto, o Sr. Alcalde desta cidade está hoxe en contacto permanente cos membros do goberno e se leran o xornal ou ao menos quixeran recoñecelo, daríanse conta que o Alcalde o Sr. Abel Caballero, estivo co secretario de estado de Fomento e co ministro, saben señoras/es do Partido Popular con quen non se podía estar, co anterior ministro, co anterior secretario do estado que non atendía ningunha das demandas desta cidade, por algo peor que era por orde do Sr. Feijóo. Polo tanto, a pedra angular é o que o goberno de Galicia non fixo o día 22 no Consello de Política Fiscal e por iso presentamos unha emenda de substitución instando ao Presidente da Xunta de Galicia a algo fundamental e é que cando se fale de Galicia se teña en conta a Vigo e se lle teña en conta como aos demais.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire Sr. Font, por moitos esforzos que faga vostede intentando desviar a atención, tódolos vigueses sabemos quen tomou a decisión de condonar a débeda ao Porto de Valencia, o executor da condonación da débeda de 300 millóns ao Porto de Valencia e o que xera a discriminación co Porto de Vigo é o seu goberno socialista, o goberno do Sr. Pedro Sánchez e iso é o que está claro Sr. Font, non intente culpabilizar a outros do que é única e exclusivamente o seu goberno socialista o que perpetró esa discriminación, pero ademais que nos ven vostede a dicir, que se Alcalde de Vigo se reúne con moitos, que trouxo para Vigo dende que está aquí o goberno socialista de España? Cero euros, nada, peregrinase polo ministerios, nin un só euro, por certo tampouco lle escoitei reclamar ao Sr. Caballero os 200 millóns de IVE que se quedou o goberno de España, de Galicia e que aínda estamos esperando a que nolo pague, tampouco lle escoitei criticar ao Goberno de España, porque o Sr. Caballero non vai a criticar agora ao goberno de España porque xa non lle interesa defender os intereses de Vigo, porque xa sabíamos que isto ía pasa en canto o goberno caera en mans dos socialistas porque os vigueses temos memoria e xa sabemos o que foi o goberno socialista para Vigo, todos nos lembramos como o Sr. Blanco fixo porto Nodal a A

Coruña en vez de facelo ao Porto de Vigo, todos nos lembramos de que é Porto Nodal A Coruña e non é Vigo polo Sr. Blanco coa axuda do Sr. Caballero, todos nos acordamos cando o Sr. Caballero fano fillo adoptivo de A Coruña polo seu apoio ao Aeroporto de Alvedro, si, ao Aeroporto de A Coruña, todos nos acordamos tamén cando el comprometeu como ministro que o AVE ía chegar a Galicia e ao final nada de nada, incluso que non se ían presentar ás eleccións como Alcalde senón chegaba, todo temos memoria e sabemos o que o Partido Socialista fixo por Vigo, e sabemos que o Alcalde de Vigo reclama moito cando goberno outro partido pero cando goberna o seu cala, cala, cala e asinte, e non consegue absolutamente nada e agora non se atreve a esixirlle, non vai a enfadar ao Sr. Sánchez, a compensación dos 300 millóns e pide axuda ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, pois mire, o Presidente da Xunta de Galicia vai defender os intereses de tódolos portos de Galicia, como é a súa obriga como presidente da Xunta de Galicia e por suposto tamén co Porto de Vigo e mire, algo máis, se algo se consegue, dende logo non será gracias á presión política e ao peso político do Sr. Caballero, se conseguirá grazas ao apoio da Xunta de Galicia e do goberno de Galicia porque vostedes só queren ir á contra, a destruír, ao barro, a presentar mocións para reprobar, a presentar mocións para entrar no lodo político e os cidadáns aí non gañan absolutamente nada, nós queremos que os cidadáns gañen, que os vigueses gañen, queremos que o Porto de Vigo sexa beneficiado aínda que non teña débeda con investimentos e esperamos que aproben esta moción que presentamos para iso.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz admite a emenda? Non, pois despois de ter tomado constancia e conciencia de que o Sr. Sánchez matou a Manolete, imos someter á votación esta moción.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do

grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 31.08.2018 (Rex. Nº 1854/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

17(151).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL QUE CAMBIE AS CONDICIÓNS DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO PUNTO DE ENCONTRO PARA GARANTIR A SÚA APERTURA OS 365 DÍAS DO ANO. REXISTRO PLENO 1853/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de agosto de 2018, número 1853/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Obxectivo do Punto de Encontro Familiar é establecer os vínculos necesarios para o bo desenrolo psíquico e afectivo das crianzas, así como conseguir a normalización das relacións familiares.

En Vigo máis de 200 menores pasan cada ano polo Punto de Encontro para ver aos seus pais.

Houbo máis de 6.000 intervencións entre entregas, recollidas e visitas tuteladas ou supervisadas.

Ou 41% dous expedientes son por violencia de xénero. En decembro, atendéranse a 688 usuarios.

Este Punto de Encontro fai posible a relación de pais, nais e outros membros dá familia cos menores, procurando a da seguridade e benestar.

Pero este servizo público, dá Xunta de Galicia, ten unha gravísima carencia:

Permenece pechado luns e martes todo o día e os mércores pola mañá. 15 días en agosto e ademáis días tan sensibles para as familias, como o día de Nadal, o 1 de xaneiro e vos días 24 e 31 de decembro, só en horario de tarde.

Especialmente afectadas polo peche deste Centro son as mulleres vítimas de violencia de xénero, con orde de alonxamento en vigor. Non poden leva alí as súas crianzas porque o servizo esta pechado.

Isto provoca encontros no desexados, en lugares inadecuados, que xeran violencia, física ou psíquica e indefensión, especialmen nas mulleres nenos e meniñas ou ben levan a renuncia a manter o contacto cos menores.

O feito de pechar varios días na seman provoca moitos problemas laborais ás persoas usuarias do Centro, constando casos dalgunha usuaría que perdeu ou traballo.

O Punto de Encontro tiña fai cinco anos unha lista de espera de 270 expedientes, pero en 2016 pecháronse de golpe 143.

O expedientes quedan abertos só por dous anos. Se as persoas usuarias queren seguir co servizo, teñen que volver ao Xulgado a pedilo. A pesares destes atrancos houbo algunhas familias que o fixeron.

E chocante que a consellería de Política Social da Xunta de Galicia diga que non houbo ningunha queixa polo peche non mes de agosto.

Nas redes sociais si abundan as protestas. Non as na páxina web do Punto de Encontro, porque non admite comentarios.

O Xulgado de Violencia de Xénero de Vigo, critica ter que establecer as visitas tendo en conta o horario do Punto do Encontro, por riba dá conciliación familiar.

Conscientes desta problemática, a Mesa de Coordinación para a Mellora da Atención a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, celebrada non Concello de Vigo, nos anos 2015 e 2016 acordou por dúas veces, requirir ó Conselleiro de Política Social e a Secretaria Xeral de Igualdade a apertura ininterrompida do Centro, eniándolle senllas cartas o día 30 de xuño de 2016, das que aínda non obtivemos resposta.

Por mor disto, o Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte

ACORDO:

- Esixir a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia que cambie as condicións de contratación do servizo de xestión do Punto de Encontro, co obxecto de garantir a apertura do mesmo os 365 días do ano.”

DEBATE:

SRA. BLANCO IGLESIAS: A provincia de Pontevedra mantén activos 1.044 casos de violencia de xénero, o obxectivo do punto de encontro familiar é establecer os vínculos necesarios para o bo desenvolvemento psíquico e afectivo das crianzas, así como para conseguir a normalización das relacións familiares, en Vigo máis de 200 menores pasan cada ano polo punto de encontro para ver aos seus proxenitores. No ano 2017 houbo máis de 6.000 intervencións entre entregas, recollidas e visitas tuteladas ou supervisadas, o 41% dos expedientes son por violencia de xénero, en decembro atenderanse 688 persoas. Este punto de encontro fai posible a relación de pais, nais e outras persoas da familia coas persoas menores, procurando a súa seguridade e benestar, pero este servizo público da Xunta de Galicia ten unha grave carencia, permanece pechado tódolos luns e martes durante todo o día e o mércores pola mañá, isto ao longo de todo o ano, máis 15 días en agosto e ademais días tan sensibles para as familias como o día de Nadal, ou 1 de xaneiro e os días 24 e 31 de decembro só en horario de tarde, especialmente afectadas polo peche deste centro son as mulleres vítimas de violencia de xénero con orde de aloxamento en vigor, non poden levar alí as súas crianzas nin recollelas porque o servizo está pechado, isto provoca encontros non desexados en lugares inadecuados que xeran violencia física ou psíquica e indefensión, especialmente nas mulleres nenas/os ou ben leva á renuncia de manter o contacto cos seus fillos/as, o feito de pechar varios días na semana provoca moitos problemas laborais ás persoas usuarias do centro constando casos dalgunha usuaria que perdeu o seu posto de traballo, en canto ás listas de espera o punto de encontro tiña fai 5 anos unha lista de espera de 270 expedientes, pero 2016 pecháronse de golpe 143 expedientes, os expedientes quedan abertos só por dous anos, se as persoas usuarias queren seguir co servizo teñen que volver ao xulgado para pedilo, pero a pesares destes atrancos houbo algunhas familias que o

fixeron. Por outra banda resulta chocante que a consellería de Política Social da Xunta de Galicia dixo que non houbo ningunha queixa polo peche no mes de agosto a nós cóstanos varias e nas redes sociais si abundan as protestas, non así na páxina web da Xunta de Galicia referida ao punto de encontro onde di “non admite comentarios”.

O xulgado de violencia de xénero de Vigo é moi crítico con esta realidade e amosou en varias ocasións o seu mal estar profundo por ter que establecer as visitas tendo en conta o horario do punto de encontro e non o mellor horario para a conciliación familiar.

Conscientes desta problemática a mesa de coordinación para a mellora da atención á mulleres vítimas de violencia de xénero celebrada no Concello de Vigo nos anos 2015 e 2016, acordou por dúas veces requirir ao conselleiro de Política Social e á secretaria xeral de Igualdade a apertura sen interrupción do centro enviándolle sendas cartas o día 30 de xuño de 2016 das que aínda non obtivemos resposta, por todo isto, ao Pleno municipal do Concello Pleno propoñemos o seguinte acordo, esixir á consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que cambie as condicións de contratación do servizo de xestión do Punto de Encontro co obxecto de garantir a apertura do mesmo aos 365 días do ano.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Efectivamente dende a Marea de Vigo somos conscientes da eivas que o Punto de Encontro familiar de Vigo presenta así como tódolos demais puntos de encontro do País, eu mesma xa non verán pasado acompañada polas compañeiras parlamentarias do grupo parlamentario de Marea, fomos facer unha visita ao Punto de Encontro na que fomos informadas do seu funcionamento. Foi con parte desa información e con algunha outra que as parlamentarias recollerían co que se elaborou unha proposición non de lei que grupo de Marea o día 8 de xuño do ano pasado presentou no Parlamento galego para o seu debate. Máis os problemas seguiron existindo e as usuarias séguense queixando, de feito, mesmo antonte o día 3 de setembro o grupo de Marea no Parlamento volveu presentar outra proposta ao respecto por mor das queixas recibidas sobre o funcionamento do Punto de Encontro de Vigo e tamén de Lugo, este verán, só en Vigo son 200 persoas como mínimo as afectadas. Pois claro que na Marea de Vigo estamos totalmente a favor da apertura do Punto de Encontro familiar os 365 días

do ano, este punto son dos poucos espazos neutrais e confidenciais onde poden acudir as crianzas para as visitas familiares, en moitos casos obrigados pola xustiza.

Estes puntos garanten a seguridade das crianzas e das nais, non é necesario que citeamos casos explícitos de violencia machista e onde os proxenitores non teñen remorso á hora de utilizar as fillas/os para exercer violencia contra ás súas excompañeiras.

Estes lugares tamén son esenciais para a tranquilidade das menores que tristemente son as que máis acaban sofrendo nos casos de separación e divorcio, por certo, estes puntos de encontro están concebidos de xeito temporal e aínda que se pode prorrogar só se adoptará esta medida cando existan razóns suficientes para que así os aconsellen, máis habería que preguntarse cales son esas razóns suficientes porque unha muller ten que seguir angustiada ante posibilidade de ameazas ou outras accións violentas na súa persoas ou na das súas crianzas ou porque unha nena ou un neno teñen que vivir en discordia ante a inminente visita obrigada ao seu proxenitor, nun espazo non neutral lonxe dos seus seres queridos cos que se está a criar. Evidentemente haberá casos que se poidan reverter e nos que non pasa nada, máis non debería ser unha decisión consensuada por tódalas partes? Non debe ter especial importancia a opinión da menor?

Os puntos de encontro familiares non son un servizo de ocio que se poidan pechar por vacacións, nin para cadrar o horario laboral do persoal que alí traballa, a Xunta de Galicia debe garantir ese servizo básico para quen o precise os 365 días do ano, en definitiva, incrementar o cadro de persoal.

Dende a Marea de Vigo ao igual que dende En Marea no Parlamento galego tamén queremos que se garantan os principios reitores da accións administrativa non puntos de encontro facilitando ás crianzas a asistencia xestada no exercicio dos seus dereitos, primando sempre o seu interese superior a calquera outro como regula a lei.

Tamén pensamos que sería interesante que se dotase de orzamentos suficientes para ao seu mantemento así como que se facilitase á tódalas persoas, independentemente do lugar de residencia, a súa accesibilidade prestando especial atención a situación que existe no rural, esta é unha das queixas das

familias que este ano na accesibilidade, no caso de Vigo sobre todo, polo lugar no que está situado o Punto de Encontro de Vigo.

Sería bo tamén, ao noso ver, que se fixera unha auditoría sobre a totalidade dos puntos de encontro familiar galegos de maneira que se actualice a información dos centros no que atinxe aos seus cadros de persoal e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos e modelo de xestión.

Pensamos tamén que se se crean novos puntos de encontro familiares sabemos que iso non vai ocorrer mentres ao menos permaneza á fronte da Xunta de Galicia o Partido Popular, ben, pois se se crean novos centros que sexan públicos e con xestión directa pola Xunta de Galicia segundo disposto no artigo 3 do Decreto 96/2014.

Dende Marea de Vigo votaremos a favor desta moción agardando extrema rapidez na reparación das deficiencias que actualmente ten o punto de encontro familiar.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Benvida Nuria, e moita sorte e tamén moita paciencia. Imos ver Sra. Blanco, non estamos en contra en absoluta do que di, todo contrario, temos ao seu carón, ten todo o noso apoio para que cambien as políticas de contratación da xestión do Punto de Encontro, estamos totalmente a favor de que abran os 365 días do ano, tamén podemos entender que teñan unha semana de vacacións, porque tamén as terán as familias pero estamos totalmente de acordo con todo.

De todas formas é que me da vostede con esta moción baza para que eu fale do mes agosto, o mes de agosto sempre foi un mes moi complicado nesta cidade, sempre, non só por O Marisquiño que tamén, pero non, os meses de agosto de tódolos anos dende hai un pouco máis dunha década serviron sempre para aumentar a rede clientelar de vostedes, por suposto, que xa vexo que vai mingando, non vexo hoxe eu aquí moita rede clientelar, que raro, que xa non debe haber moitos debedores palmeiros. O mes de agosto ademais serve tamén para que a xente que a botan do traballo, que vai pedir cita por falla de traballadoras sociais lles dean vez para atendela, unha traballadora social, ao cabo de dous meses e teño aquí a un señor que non ten para nin comer, que a primeiros de agosto foi a pedir cita e déronlle para outubro, serve tamén para contratar interinas á traballadoras sociais que había 13, e que neste momento hai 16, serve

tamén para iso, interinas, preparalas para que despois A Coruña as contrate fixas por tres anos e indefinidas, sabe estamos facendo sempre o traballo aos demais nesta cidade no caso de Benestar Social, porque vostedes fala de política social eu tamén falo de política social.

Contratamos a dúas a outra non sabemos como está contratada pero si que as hai, ou sexa, neste momento temos traballadoras sociais en Vigo 16, unha traballadora social cada 20.000 habitantes, cando todos sabemos que é obrigatorio ter unha cada 8.000, iso sucede no mes de agosto e contratáronas no mes de agosto, claro, o cal quere dicir que non hai vez para a primeira cita polo que logo sabemos que tardan 17 meses, non hai vez ata outubro, serve tamén, eu quería falar neste momento do exemplo que facían antes as grandes cidades de toda España, en Benestar Social hai un exemplo moi cerca que igual deberíamos copiar que é Mos, Mos ten 15.000 habitantes e con 15.000 habitantes ten unha traballadora por cada 3.700 habitantes, se cadra poderíamos copiar un pouco.

Outro tema importante que tamén sucedeu no mes de agosto e que eu estou segura de que a Policía Local sábeo pero tamén estou segura de que non o deixan dicir ao público, o 20 de agosto morreron dúas persoas, unha no albergue e outra na zona do lavadoiro, como non se pode dicir porque é o mes de agosto pero eu estou segura de que Policía Local sábeo, tamén durante o mes de agosto houbo 201 persoa non puideron entrar no Albergue a durmir durante o mes de agosto, ninguén lles solucionou estar noutro sitio durmindo, teñen que solucionarlle o de durmir e o comer coas miserias que lles botamos os cidadáns neste peto que hai aquí fora, estanlle dando de comer ás 201 persoa, pero por que lle molesta tanto que fale? É mentira o que lle digo? Non, non é mentira o que digo, outra cousa, hai algo que...

PRESIDENCIA: Por favor non entren neste xogo desta confrontación sen sentido que non lle importa a ninguén, voulle dar os 37 segundos que lle faltaban sen dúbida. Sra. Muñoz, non estaba cortando o que estaba ocorrendo aquí porque realmente debería cortar esta intervención que nada ten que ver coa moción, é o que debería facer, así o dí, porque moi ben sabe as mocións se presentan e hai que falar sobre o contido da moción, pero para evitar conflitos que non teñen ningún interese estou deixando á Sra. González que interveña e lle pido ao grupo

socialista que non lle corte, que xa señora voceira do grupo socialista lle responderá na quenda de peche e así mantemos tranquilidade no Pleno e damos bo exemplo á cidadanía. Voulle dar os 37 segundos.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Sra. Silva, da a casualidade de que eu non teño por xefa a unha totalitaria, da esa casualidade, iso é o que nos diferencia a uns dos outros.

Continuo, ía falar dos cuidadores de barrio, pregúntome porque durante o mes de agosto os cuidadores de barrio non atenden ás persoas que están en cadeiras de rodas para poder baixalas das súas casas, me pregunto por que non o fan, e logo son 38 e non me vai dar tempo pero ía falar da última historia do mes de agosto que non é que teña realmente relación coa rede clientelar porque espero que realmente a xente e os pobres cidadás que lles pasou o de O Marisquiño por falla de responsabilidade deste Concello, de verdade, espero que deses 100 millóns unha boa parte quede para resarcilos. Moitas gracias, que me sobran 7 segundos.

PRESIDENCIA: Entre outras cousas porque lle din 1 minuto en lugar de 37 segundos.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Señora concelleira, Sra. González, por favor eu pediríalle que se centre e que se tranquilice. Quero centrar eu unha cuestión porque claro iso de que vostede utilice perversamente temas de mortes e outra cousas que non veñen aquí a tema o único que me suxire é que realmente isto ou non lle importa nada ou pasa amplamente, entón eu quero centrar este tema e vostede dixo que si, que os Puntos de Encontro tiña que ter tamén dereito a unha semana de vacacións, que é período vacacional, isto o dixo vostede, isto é o único que eu saquei do que vostede dixo ao que lle quero responder, xustamente, esa semana que vostede suxire que nin sequera se corrixa iso porque ao longo de todo o ano iso non é unha semana, son 15 días en agosto, seino perfectamente. Vostede di que lle deixemos unha semana pero vostede sabe a angustia, a desesperación, o dolor de nais, nenos/as cunha semana que vostede propón aínda de vacacións porque mire o maltratador non colle vacacións, non colle vacacións ninguén e nun minuto poden ocorrer cousas tremendas e nós como institución pública temos que

protexelos e bastaría quitar esa angustia, xa non digo cousas maiores, xa non digo provocacións tremendas, bastaría con poder quitar esa angustia para que a xente estea tranquila de que tódolos días do ano vai ter este servizo que é un servizo público a que lle temos que dar, e para centrar máis isto, porque nós na Mesa esa que facemos no Concello aquí asiste sempre a Sra. Susana López Avello, secretaria xeral de Igualdade, entón nesa Mesa de coordinación para a mellora da atención a persoas vítimas de violencia de xénero que a preside o Sr. Alcalde e que eu estou por suposto, pois voulle ler só un parágrafo, di “a representante da Xunta de Galicia, a instancias nosas por suposto, expón que o do horario é o que se recolle no decreto para tódolos puntos de encontro de Galicia, a concelleira, ou sexa eu mesma, propón a procura de solucións para que non haxa casos en espera aínda que sexa necesario revisar o decreto que regula os Puntos de Encontro.

E logo a concelleira propón que se faga un escrito dende a mesa que se solicite que non peche o Punto de Encontro en verán nin ningún día da semana ampliándose tamén o horario, vótase por parte de todos, porque alí tamén está a xuíza de violencia de xénero, está a Policía, están tódalas persoas que estamos a tratar a violencia de xénero.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 31.08.2018 (Rex. Nº 1853/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

18(152).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMpra COAS SÚAS OBRIGAS E QUE A CONSELLERÍA RESPONSABLE DEIXE DE BOICOTEAR AS OBRAS DA CIDADE

DE VIGO. REXISTRO PLENO 1856/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de agosto de 2018, número 1856/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia está a realizar un boicot das obras de humanización da cidade de Vigo. Actualmente ten sen resolver expedientes de obras por máis de 30 millóns de euros.

Dende a Consellería responsable de patrimonio se está impedindo a realización de obras pagadas pola cidade de Vigo, con atrasos na tramitación de ata 6 meses, chegando ao extremo de paralizar importantes obras xerando graves prexuízos á economía viguesa e aos seus cidadáns.

Por mor disto, o Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a que cumpra coas súas obrigacións e que a Consellería responsable deixe de boicotear as obras da cidade de Vigo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción por unha preocupación evidente no goberno municipal, sobre todo o Plan de actuacións e de obras que temos programadas e que eran relatadas anteriormente polo concelleira de Facenda cando falaba dunha cantidade moi importante en investimento, que nos atopamos? Con que os proxectos que non dependen da súa aprobación por parte de Patrimonio da Xunta de Galicia saen, fanse as obras nesta cidade, se conclúen e evidentemente en beneficio dos cidadáns, pero que pasa cando obras que ten esta cidade e un importante volume de investimentos dependen dunha autorización administrativa de Patrimonio da Xunta de Galicia, que nos atopamos claramente cunha negativa, cunha dilación no procedemento administrativo e que dende o punto de vista político só cabe denominala dunha forma e é boicot, e é un boicot evidente porque hai e agora relatareino, uns períodos de meses, máis nuns e menos noutros pero

que están impedindo estas realización, e insisto e me reafirmo, no boicot porque cando quixeron paralizar o proxecto de Gran Vía, a resposta por parte da Xunta de Galicia de Patrimonio foi rápida, entón a pregunta evidente é que dificultade hai nuns expedientes que supoñen investimentos para a cidade e estamos a atrasar e que rapidez e interese hai noutros.

E a mellor proba de que os cidadáns saiban na situación na que nos atopamos porque as obras que vou ler a continuación son obras en beneficio dos cidadás, non é este mantra que teñen algúns de humanizacións de envellecemento e demais, non, hai máis detrás de todas estas actuacións e son redes de abastecemento, seguridade vial, ordenación e mellora enerxética, polo tanto, cando falamos de 11 proxectos, cando falamos da importante cifra de 31 millóns de euros paralizados por falla de vontade política, hai que saber que a administración que está paralizando estas autorizacións está indo en contra dos cidadáns de Vigo e comezarei pola humanización da Avenida de Camelias que supón tamén abastecemento e demais, aquí hai que saber que cando se paraliza un proxecto de 2,2 millóns de euros estase a xogar cos cidadáns desta cidade, se lles está tomando como reféns por unha actitude política que mantén de forma invariable o goberno da Xunta de Galicia con respecto a esta cidade, e o mesmo cando falamos de García Barbón, dende Serafín Avendaño a Rosalía de Castro onde se mellora a seguridade vial e cando falamos de travesía, escolas públicas e cando falamos da humanización de Ronda de Don Bosco por 1,8 millóns de euros, isto é unha incidencia directa sobre os cidadáns, cando logo dicimos que hai dificultades coa reparación de auga de rede de abastecemento, é porque é unha rede que ven de hai 50 ou máis anos e que este goberno e teño os datos, ao longo destes 11 anos no que é rede de abastecemento de residuais e de pluviais ten uns resultados excelentes en canto á cantidade de quilómetros que se abarcaron aquí, hai outra humanización en García Barbón entre Rosalía de Castro e Isaac Peral, hai unha mellora da rede do saneamento na rúa Venezuela, hai un acondicionamento do campo de fútbol de Matamá, hai unha mellora da rede de abastecemento en Teis e me quero deter aquí, porque é unha rede de abastecemento para un colexio San Salvador de Teis que foi utilizado polo Partido Popular con non sei cantas visitas, con non sei cantos problemas coa rede de auga e aquí cando queremos solucionalo e queremos actuar é cando hai unha obstaculización por parte da

Xunta de Galicia e remato coa humanización Gran Vía e con humanización Porta do Sol, 25 millóns de euros en dúas actuacións, evidentemente ningún goberno do Partido Popular fixo nin a metade disto nos anos que gobernaron. Polo tanto, conclusión, estamos ante unha vontade política de obstaculización, eu nunha rolda de prensa dicía que aínda estou esperando que o Partido Popular se poña ao carón deste goberno na esixencia fronte á Xunta de Galicia porque é poñerse ao carón de tódolos cidadáns.

SR. PÉREZ CORREA: A nós esta moción nos inquieta, porque se realmente o que se expresa nesta moción e que hai un boicot dunha administración a outra e que iso pode ser que un concello perda recursos económico debería haber unha solución xudicial e habería que demandar á Xunta de Galicia e por esas perdas patrimoniais que se propoñen porque é grave e polo tanto nós queremos tamén delimitar que responsabilidades hai nunha cuestión e noutra, porque se vostede me di Gran Vía, home, agradecemos á Xunta de Galicia que lle paralizara o proxecto porque con edificios catalogados a contorna non soporta unhas escaleiras mecánicas cun arco que cambia de cor, se vostedes consideran que iso dentro dunha cultura de patrimonio, de defensa do Patrimonio dun vial histórico, pois é normal, xa lle digo que bendita a Xunta de Galicia que paralizou esa barbaridade proposta nunha zona Patrimonial, é máis, vostedes tiveron que modificar o proxecto porque saben que ese proxecto non encaixa dentro da Lei de patrimonio de Galicia, se vostede me di que a Xunta de Galicia lles obriga a facer catas arqueolóxicas na Porta do Sol por onde transcorría unha das partes da muralla de Vigo, pois home, entenda vostede a Xunta de Galicia esperemos que o pida porque senón sería o do Pocero que dicía “denme tódolos terreos de Seseña que eu edifico en tódolos lados e acabo co paro”, non funciona así e hai efectivamente actuacións que tiñan que ter a reserva, eu estou falando de Vigo, pero en todo caso si que funciona en determinadas cuestións que para nós son cando menos discutibles, si hai unha paralización en Serafín Avendaño, Rosalía Castro, o curioso é que determinados promotores sabendo unha zona de importancia arqueolóxica, sabendo que nesa rúa simplemente con remover terra aparecen restos romanos, que se puideran facer con tanta tranquilidade algúns aparcadoiros soterrados que ninguén fala neste Concello incluso, cun sistema concesional que si non é suficientemente rendible

pagamos os vigueses/as, as previsións arqueolóxicas ou as previsións patrimoniais nós ímolos defender, se realmente hai un boicot da Xunta de Galicia nesas obras, ou se realmente hai unha xestión ineficiente no que é a execución como vimos de ver no resultado da execución orzamentaria, pero xa digo, ao mellor é que o Concello de Vigo con determinadas ocorrencias o que estamos facendo é intentando vulnerar a Lei de Patrimonio de Galicia, tallando árbores que tamén moitas veces forma parte e están catalogados como especies singulares e facendo todo este tipo de cuestións que parece que ten haber barra libre para calquera actuación por moi ocorrente que sexa, pois non, hai cuestión, eu xa digo, en canto ao túnel que se proxecta na Porta do Sol debería de haber polo menos moitas reservas no que é Patrimonio, os edificios catalogados ao redor e o que é o subsolo polo que a tende as catas ademais nunha das zonas de tránsito da antiga muralla da cidade, canto tempo ten que tardar iso? Pois si, aí voulle dar a razón, a rapidez coa que resolveu a Xunta de Galicia en Gran Vía tamén debería resolverse nas outras cuestións, pero en todo caso os políticos moitas veces somos dados a grandes ideas pero as ideas teñen que sosterse tamén tecnicamente e ao mellor si estamos nunha cidade cun catálogo importante de patrimonio que si que pode haber certo atraso. Eu estou farto de ver expedientes administrativos, acabamos de ver un que non pasou absolutamente nada, non falamos sobre el pero unha inmobiliaria que presenta un estudo de detalle e ese estudo de detalle expone ao público e este concello se esquece de facer o informe e durante un ano non pasou nada, atrasos administrativos temos a 50.000, tivemos que facer unha ordenanza en urbanismo polo silencio administrativo positivo contra un montón de licencias porque non resolvía este Concello, é dicir, creo que non é nada novo saber cales son os atrasos das administracións locais e das administracións neste caso autonómica, pero a nós nos gustaría que se nos pase aos grupos obra a obra cal é o estado de tramitación, que non se faga unha moción de dúas liñas, o estado de tramitación, cal é o problema porque o problema é se Patrimonio emite un informe negativo ou pide un estudo arqueolóxico estaremos a favor, se o problema é que non hai resposta e polo tanto hai un silencio administrativo e con toda a boa lóxica o Concello de Vigo debería xudicializar a paralización dos investimentos porque se perden, pero hai moitos investimentos que vostedes non fan podendo facer simplemente para pasalas ao superávit do seguinte exercicio e podelas utilizar en

novos empregos e polo tanto, creo que iso tamén é discutible cando se fala de 30 obras, nos parece unha barbaridade, pero en todo caso que nos pase aos grupos municipais cal é o estado de tramitación exacto e cal é a responsabilidade local e cal é a responsabilidade autonómica porque poderíamos clarificar tamén o sentido de voto desta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Benvida a nova concelleira que teña unha feliz travesía no que queda desta lexislatura.

A verdade que esta moción é unha coartada, unha escusa absoluta para disfrazar como xa vimos na intervención do Sr. Aneiros, para disfrazar a execución deste goberno municipal, un mísero, unha ridícula cifra do 7% de execución, xa dicíamos que se recada máis en multas de tráfico que en investimentos, polo tanto, vostedes para disfrazar esa falla de xestión teñen que con todo o descaro e toda a pouca vergoña, con este texto ademais que nin sequera nos explican cales son obras e poñen un cifra de 30 millóns de euros, boicoteados entre comiñas pola Xunta de Galicia, que non sabemos de onde saen, pois vostedes teñen que despachar así esa falla de xestión nas súas contas municipais, esa falla de xestión porque cabe lembrar que hai expedientes resoltos pendentes de investimentos por parte do goberno municipal que non se está levando a cabo, polo tanto, vostedes tamén aí se esquecen de dicir esta parte da moción que tamén é moi interesante. As resolucións administrativas son lentas, claro que son lentas, podemos falar aquí tamén das resolucións dos asuntos sociais aquí non Concello de Vigo porque o que lle pasa a vostedes é que poñen e manexan e falan politicamente de tódolos trámites técnicos que pode haber nunha administración, entón si queren que collamos o seu exemplo como o do Plan Xeral que polas presas e a celeridade por parte deste Alcalde, da propia conselleira naquel momento na Xunta de Galicia, aprobar un Plan Xeral que despois resulta sen ter pasados os trámites co tempo que merece esa importancia urbanística o tira o Tribunal Superior de Xustiza e polo tanto, vostede fala aquí tamén de Gran Vía e Porta do Sol, vostede sabe o valor patrimonial da Gran Vía, deses edificios catalogados, sabe o valor patrimonial da Porto do Sol, iso esixe un estudo e un trámite que vostedes se queren saltar sempre politicamente e así que hoxe poñen a escusa da Xunta de Galicia e a escusa do Patrimonio e de que politicamente a Xunta de Galicia boicotea a Vigo

cando sabemos que é unha absoluta estratexia que teñen vostedes de cara ás municipais pero que non é verdade, vostedes teñen obras, mire voules dicir aquí con total transparencia por parte de Patrimonio e con total transparencia por parte da Xunta de Galicia, aquí hai 36 expedientes en trámite, hai 13 resoltos xa, polo tanto, un 27% resolto, bastante máis da execución do seu propio Orzamento, poderíamos dicir obra a obra cales son as que están xa resoltas como finca Solita e que vostedes non comezaron aínda a resolver nin a investir, polo tanto, unha administración que en cambio cando ten o aprobado de Patrimonio e cando teñen tódolos trámites resoltos actúa porque as grandes transformacións desta cidade, veñen con investimentos por parte da Xunta de Galicia nestes últimos anos, estamos falando do hospital Álvaro Cunqueiro, estamos a falar da Cidade da Xustiza, estamos a falar da ampliación do IFEVI, entón vostedes queren ter aquí unha coartada, unha escusa para quede solapado que executaron só o 7% do capítulo de investimentos do seu orzamento, iso é unha auténtica vergoña nunha cidade como Vigo.

Polo tanto, sen presas, sen presións, unha administración e uns técnicos que traballan con responsabilidade, discreción, que fan as cousas ben porque así é como despois temos consecuencias porque o Plan Xeral, “daqueles polbos estes lodos”, coas presas das municipais aprobamos un Plan Xeral rapidamente pero que pasa hoxe? Temos o Plan Xeral de 1993 e iso tamén repercute no pavillón de Matamá do que vostedes tamén falan porque está sometido a ese Plan do 93 e once anos prometendo como dicía o meu compañeiro o Sr. Fidalgo, en Torreiro en Candeán e o pavillón en Matamá, pero pasaron 11, 12 anos e non o fan, non o fixeron, non buscaron nin sequera un trámite posible, nin sequera antes de que se eliminara o Plan Xeral para facelo, entón non veñan vostedes aquí a poñer as escusas de sempre, coas súa ridícula execución do 7%, as escusas de sempre de que a Xunta de Galicia boicotea Vigo porque realmente esa palabra, boicot non existe porque estamos a falar de feitos, nós si que podemos presentar aquí feitos, temos transparencia e lles dicimos tódolos trámites que se están levando a cabo, cousa que na súa moción non aparece, a súa moción aparecen catro frases acusando ao Sr. Feijóo de todo, acusando á Xunta de Galicia de tódolos males desta cidade e polo tanto, Sr. Font xa non cola e vostedes realmente hoxe o papelón que está facendo porque ten que estar aquí defendendo absolutamente

todo o que o Sr. Caballero está xestionando nesta cidade que é cero, e pono vostedes para que lle teña que estar aquí limpando a cara e intentando disimular todo o que non se fai, porque as xestión son propoñer, propoñer e pedir, non pedir porque aos demais lles pase, de verdade a vostede aquí once anos absolutamente perdidos para esta cidade de Vigo.

PRESIDENCIA: Debe ser que viven en A Coruña.

SR. LÓPEZ FONT: Si souberan vostedes o orgulloso que estou do papelón que fago en cada Pleno, defendendo a transformación desta cidade como nunca a soñaron os vigueses, si souberan o contento que estou de defender día a día a xestión do mellor alcalde desta cidade iríase para a súa casa sorprendidos, estou orgullo día a día. Cando fala de coartada, coartada con vostedes foi a súa intervención para non defender aos vigueses, coartada é para defender ao Sr. Feijóo, e ir en contra desta cidade e logo o colmo xa é que me diga que non temos xestión neste goberno cando estamos falando de proxectos por 31.000 millóns de euros, estamos a falar doutros proxectos que se están a executar pero a que cidade pode ir vostede a dicir que falla xestión co que aquí presentamos, mire, Sra. Egerique non me pode convencer de que hai tramitacións lentas e outras rápidas, non me pode convencer de que Patrimonio da Xunta de Galicia paralice unha obra como a de Gran Vía e a da Porta do Sol en catro día e non haxa respondido ás alegacións dende finais de maio, porque claro que me vou referir a Porta do Sol e a Gran Vía, houbo un escrito, se hai alguén respectuoso con todo o tema arqueolóxico é este goberno, nesta cidade paralizouse un aparcadoiro en cumprimento de criterios arqueolóxicos e o peor de todo isto é que unha vez que se solicita alegacións a este goberno as facemos a finais de maio e iso é o que leva paralizado tres meses cando as nosas alegacións se demostraron que as catas arqueolóxicas están ben, cando o único que pretendeu a Xunta de Galicia é buscar un novo argumento que atrasase, polo tanto, me reafirmo, aquí hai en contra dos vigueses paralizados 11 proxectos, son 11 millóns de euros e saben cal é problema disto, que tódalas interpretacións que ten que dar a Xunta de Galicia con respecto a esta cidade, son negativas, da o mesmo a Lei de urbanismo, da o mesmo outras cuestións e o problema é moi sinxelo, afortunadamente os cidadás veno e o problema é que

vostedes están atrasando as obras desta cidade, que vostedes están querendo que todos eses proxectos que traballamos durante moito tempo non se poidan inaugurar antes de eleccións e isto é unha batalla política que denuncio aquí, que teñen que saber os vigueses, que o goberno da Xunta de Galicia está actuando en contra desta cidade coa complicidade de vostedes sete, e chegarán as eleccións e levarán un golpe que van ver as estrelas.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 31.08.2018 (Rex. Nº 1856/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

19(153).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO RESPONSABILIDADES POLÍTICAS CONSELLEIRAS DE MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUTURAS POLA SÚA POSICIÓN A FAVOR DO PORTO DE A CORUÑA IGNORANDO O DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1857/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de

agosto de 2018, número 1857/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado luns, a Conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia fixo público unha iniciativa parlamentaria para que o Goberno de Galicia esixa ao Goberno de España a condonación da débeda do Porto da Coruña, por importe de 300 millóns, na obra de Langosteira.

Ninguén do Goberno galego reclamou un trato igual para o Porto de Vigo. É evidente que a Conselleira, coa complicidade do Presidente Núñez Feijóo, utilizou o seu cargo de Conselleira para favorecer de forma partidista a unha cidade na que parece ser que será próxima candidata ás eleccións municipais en escasamente uns meses.

Para mellor demostración desta complicidade do Goberno galego, ao día seguinte a Conselleira de Infraestruturas, únese a esta petición en exclusiva para A Coruña. A indignación na cidade de Vigo, en todos os sectores sociais, fíxose patente en cuestión de horas. O Alcalde denunciou esta situación e a discriminación á que se sometía ao Porto de Vigo, sendo leste "a porta de entrada e saída da economía de Galicia".

Esta intolerable posición do Goberno galego obriga a Núñez Feijóo a dar explicacións e a asumir responsabilidades.

Por mor disto, o Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte

ACORDO:

- Esixir responsabilidades políticas ás Conselleiras de Medio Ambiente e de Infraestruturas pola súa posición sectaria a favor do Porto da Coruña ignorando ao Porto de Vigo e resto de Portos de Galicia.

Esixir ao Presidente da Xunta de Galicia que en calquera negociación para conseguir recursos para os portos de Galicia opere con criterios de interese xeral e inclúa sempre as necesidades do Porto de Vigo, porto máis importante de Galicia en carga xeral.

Lamentar o pésimo comportamento da Xunta de Galicia no Consello de Política Fiscal e Financeira así como a ausencia de capacidade para expor as necesidades dos Portos de Galicia ao non reivindicar as mesmas.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Esta era realmente a moción que se debería debater sobre o lamentable actuación que tivo o goberno de Galicia en non defender os intereses de Galicia. Esta é a moción, evidentemente o Partido Popular sabendo que esta moción se ía presentar contraprogramou, quixo facer o brindis ao sol do que falaba anteriormente na moción que defendeu o Partido Popular, porque todo isto arranca o luns 27 de agosto, cinco días despois de que se realizase o Consello de Política Fiscal e Financeira, como dicía antes nese consello o goberno da Xunta de Galicia, goberno que non Partido Popular, vai defender unha posición estritamente de partido, sen ningunha petición para ningunha infraestrutura, nin para absolutamente nada de Galicia, cando se dan conta da repercusión e cando se dan conta que outros gobernos autonómicos si fixeron os seus deberes e defenderon os que cren que son os seus lexítimos intereses, e para iso están estes consellos, para iso están as negociacións entre gobernos e comunidades autónomas, non nos chamemos a engano, que evidentemente estas se producen, digo que cando se dan conta do que pasou a conselleira de Medio Ambiente, futura candidata do Partido Popular ao concello de A Coruña, sae en defensa do Porto de A Coruña estritamente e como conselleira, e isto é o que nós denunciámos, o que nós denunciámos é que a maiores da deixación de non defender a Galicia o que se fai é unha utilización partidista dun cargo de conselleira, e o peor é que ninguén do goberno de Galicia, do Partido Popular sae a dicirlle “ollo que non só hai que defender unha cidade senón que tamén hai que defender ás demais”, pero aínda é moito peor e é que como realmente a estratexia do goberno da Xunta de Galicia era efectivamente defender ao Porto de A Coruña e non ter en conta ao Porto de Vigo e a outros, aínda a munición se incrementa e ao día seguinte outra conselleira en función do seu cargo institucional vólveo a utilizar en favor desta actuación. Polo tanto, nós aquí o que denunciámos e o que pedimos nesta moción é que claro que hai que esixir responsabilidades políticas a dúas conselleiras, claro que é intolerante o que dúas conselleiras que ademais lles corresponden estes temas de infraestruturas, utilicen o seu cargo en favor do seu partido político, porque a continuación veuse que o facían, e evidentemente señores/as do Partido Popular tampouco lle tiveron a vostede en conta, a vostedes si que lle ignoraron porque non se lembraron dentro do que sería a defensa de Galicia da cidade de Vigo. Nós aquí o que denunciámos é: que o goberno da Xunta de Galicia utilizou nese

Consello de Política Fiscal a súa posición para facer unha oposición de intentar acoso e derribo ao goberno do Sr. Pedro Sánchez, que non tivo ningunha proposta que levase alí e que evidentemente estaban en contra de que houbera unha xusta distribución para tódalas actuacións en infraestruturas de Galicia.

Polo tanto, é certo que nós defendemos a cidade de Vigo, na anterior moción non tiveren ocasión de poder intervir máis, se falaba do Porto de Vigo, falábase da nosa posición con respecto ao Porto de Vigo e aquí quero lembrar que o actual Alcalde de Vigo foi presidente do Porto de Vigo durante case dous anos, que propuxo un proxecto como era o Plan Nobel que houbera sido realmente o máis importante para esta cidade, pero tamén lles quero lembrar aos que defenden o Porto de Vigo, agora de forma sorprendente, que despois dunha paralización do peirao de Areal imputable a vostedes tivo que ser o Alcalde de Vigo nada máis tomar posesión quen dera adiante con esa infraestrutura, eu comprendo que vostedes non se lembran de moitas cousas, eu comprendo que non as queiran lembrar pero si na historia desta cidade, no seu conxunto de cando foi presidente e no seu mandato de Alcalde alguén defendeu ao Porto con feitos reais, foi o Sr. Abel Caballero.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo con esta moción, hai dúas cuestións graves no que ten acontecido, a primeira é que unha conselleira este máis pendente da súa carreira política futura con respecto á posibilidade de gobernar o Concello de A Coruña que actuar como conselleira porque entre outras cousas se fora así creo que non é o principal problema dos portos galegos a situación de Punta Langosteira senón a propia coordinación entre portos, a situación de competencia que existe entre os portos galegos, temos aquí os Porto de Marín, claro exemplo de competencia na cuestión dos contedores co Porto de Vigo, pero nós queríamos poñer enriba algunha cuestión a aclarar, e volvemos dicilo, o dicíamos na anterior moción, se falamos de débeda dos portos e polo tanto, a auditoría desa débeda é con quen se ten a débeda, o caso de Valencia, esa débeda unha parte substancial é o ICO, o ICO a cambio desa condonación recibe terreos en propiedade, podíamos discutir sobre a oportunidade ou non desa quita, nós estamos rotundamente a favor, como estamos rotundamente a favor da quita no caso do Porto de A Coruña, repito, non son cousas absolutamente incompatibles ademais os problemas do Porto de Vigo son outros, posiblemente ao mellor se se

levara adiante ese Plan Nobel teríamos nós tamén a nosa débeda aí marcada como teñen outros portos que afortunadamente ese proxecto que para nós non tiña nada que ver coas necesidades portuarias, non se levou a cabo, e por que? Porque agora si que este Pleno e nos sucesivos Plenos teremos que falar e consensuar ou polo menos poñer enriba da mesa, unha vez quitada a cuestión da débeda, o outro tema é que queremos facer co Porto de Vigo e cales son as prioridades, porque ideas houbo a “mogollón”, nalgún momento o Presidente da Autoridade Portuaria propuxo que era necesaria unha segunda terminal de cruceiros e foi este Concello o que dixo que non, iso existiu, eu teño dúbidas dese proxecto, en todo caso ese proxecto foi proposto no seu día pola Autoridade Portuaria e foi este Concello o que dixo que non, que unha segunda terminal de cruceiros non era necesaria, as organizacións sindicais levan anos pedindo o dique de reparacións para o Porto de Vigo, nin o Partido Socialista nin o Partido Popular no Goberno e polo tanto, tampouco na autoridade portuaria fixeron nada por traer ese dique de reparacións para Vigo que significaría salvar, naquela altura ademais nos momentos máis graves de perda de emprego da construción naval, non pasou absolutamente nada e nin o Partido Socialista nin o Partido Popular fixeron nada.

Falamos tamén da situación da lonxa, xa sabemos o que pide cada un nesta batalla, o Sr. López Veiga privatizala, pero os que xestionan a Lonxa din que queren as dúas lonxas a de primeira poxa e a de segunda queren xuntas, que volvan os redeiros que están en Bouzas, que fan en Bouzas, tiñan unha nave pagada con fondos europeos para traballar, hai moitas cousas que temos que falar do Porto de Vigo que non teñen nada que ver coa débeda e tamén o plan de usos, porque ese plan de usos que está anulado por unha sentenza, hai un recurso de casación presentando, teremos que discutilo porque nalgún momento este Concello se opuxo ao plan de usos, discutible ou non pero houbo oposición ou o Porto e o Concello interactúan en cales son estas necesidades que consideramos centrais para a cidade e deixamos de boicotearnos cada vez hai un presidente da Autoridade Portuaria que non nos gusta, é evidente que o anterior presidente da Autoridade Portuaria ao Alcalde de Vigo non lle gustaba e este lle encanta, só falla ir da man e trotando por unha pradeira como estamos a ver na cuestión de O Marisquiño e esas cuestións son as que temos que estar discutindo, non se lle quitan ao Porto de A Coruña a débeda, porque esa débeda non a teñen que pagar,

nin os usuarios do Porto de A Coruña nin os veciños/as da Área Metropolitana de A Coruña que nos soportamos unha parte substancial do PIB galego pero eles tamén, e polo tanto, que se quite esa rémora, do Porto de A Coruña é bo para toda Galicia, non é malo para Vigo iso é completamente non pensar na cidade, sabedes o que sería bo para Vigo, que no seu día cando se propoñían as conexións europeas o ministro socialista o Sr. Blanco, non apostara polo porto de A Coruña e apostara naturalmente pola conexión a través do norte de Portugal ou a través directamente do Porto de Vigo coa rede europea de mercadorías e o que naquel momento, naquela altura na Unión Europea se estaba poñendo enriba da mesa.

Polo tanto, as responsabilidades son compartidas e o resto, esta moción o único que para nós é absolutamente denunciante e que efectivamente hai unha conselleira que se quere ser candidata o que debería facer era dimitir automaticamente e adicarse simplemente a ser candidata do Concello de A Coruña e non a ser conselleira de tódolos galegos e polo tanto, de tódolos portos. Como sigamos competindo entre portos galegos e facendo esta política, os portos portugueses están fregándose as mans, cada vez máis tráfico e agora mesmo despois de solventar a cuestión do PIB, porque o PIB no porto comeza a ser tamén problemático porque senón teríamos toda a pesca entrando polo Porto de Leixoes e non polo Porto de Vigo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, xa se ve e se comproba o moito que lle importan a vostedes os investimentos no Porto de Vigo, nós acabamos de debater no Pleno municipal unha moción do Partido Popular pedindo investimentos para o Porto de Vigo e vostedes votaron en contra de que se pida en Madrid a Portos do Estado e ao goberno de España investimentos para o Porto de Vigo, esa é a realidade Sr. Font e para que vostede o saiba e que quede claro a todo o mundo, o Partido Popular de Vigo, en Santiago de Compostela e o de Madrid sempre apoiaron, apoian e apoiarán os investimentos en infraestruturas que melloren a competitividade e a produtividade do Porto de Vigo porque en todas as infraestruturas, investimentos que se fixeron no Porto de Vigo está o Partido Popular e en ningunha está o Partido Socialista porque cando estivo no Porto de Vigo, o único que utilizaba o Porto de Vigo era para a propaganda política, que fixo o Sr. Alcalde de Vigo cando era presidente do Porto de Vigo, dígame que fixo a

parte de propaganda política e dunha campaña electoral con fotos e máis fotos dun Plan Nobel irrealizable que o seu propio partido o Presidente o Sr. Jesús Paz, acabou de soterrar, ou aquel Wall Train Center que ía recuperar toda a rúa Jacinto Benavente e todo o fronte litoral, dígame unha soa obra que fixera o Alcalde de Vigo cando era presidente do Porto de Vigo en máis de dous anos que estivo alí de presidente, unha soa obra, nin sequera a reparación e o mantemento do Paseo das Avenidas, nin do Paseo de Bouzas que era a súa obriga, en cambio o Partido Popular sempre estivo nas obras e nas infraestruturas do Porto de Vigo, na ampliación do peirao do Areal, que cuaxo político ten vostede para vir aquí a dicir que gracias ao Sr. Abel Caballero hai peirao do Areal, fai falla ter pouca memoria e pouca vergoña política para dicir iso, cando foron vostedes os que estiveron boicoteando e o antigo Alcalde e o Sr. Ventura Pérez Mariño boicoteando a ampliación do Areal, o Partido Popular de Vigo ampliou o peirao do Areal, o Partido Popular de Vigo construíu tamén os duques de Alba para aumentar a estrutura e que poidan atracar grandes cruceiros. O Partido Popular de Vigo está na Plisán para dotar de porto seco ao Porto de Vigo, para que haxa empresas que non teñan que marchar e que poidan seguir na nosa área metropolitana, o Partido Popular tamén está na ampliación ao dobre da capacidade do peirao de contedores en Guixar, nas rampas da terminal Ro-ro de bouzas, no silo de Bouzas, na recuperación de espazos como o tinglado ou Porto Cultura, etc. Na posta en marcha da autoestrada do Mar, aí estivo o Partido Popular de Vigo e estivo tamén a Ministra a Sra. Pastor, por fin se puxo en marcha a autoestrada do Mar gracias a un goberno do Partido Popular pero si é para reclamar infraestruturas por suposto que imos estar do lado do Alcalde, pero é que o Alcalde agora está calado, agora cala, cando gobernaba o Partido Popular en Madrid había que soterrar a VG-20, había que facer o AVE por Cerdedo, agora xa está calado do AVE por Cerdedo, había que facer urbano o último tramo da AP-9, había que mellorar a A-55, había que conseguir para Teis o antigo ambulatorio para facer unha biblioteca, había que facer a biblioteca do Estado, cantidade de cousas, pero agora como gobernan os seus amigos, amigos agora porque antes eran inimigos porque se dicía que gañaba o Sr. Pedro Sánchez íamos ir a en trens de vapor, pero agora en teoría os seus amigos de Madrid, pero aí non se pon tan “gallito” á hora de defender Vigo cando é o Partido Socialista o que está en Madrid, non se pon “gallito” cando hai

que defender Vigo en contra dun delegado do goberno en Galicia de A Coruña e un delegado de goberno de A Coruña porque é lamentable e por iso a actitude do Delegado de Goberno en Galicia en A Coruña que cando o Alcalde se presentaba de deputado en A Coruña, defendía o Porto de A Coruña por iso o Partido Popular de Vigo presenta unha emenda de substitución pedindo responsabilidades políticas ao Sr. Pedro Sánchez e ao Sr. Javier Losada pola súa posición a favor do Porto de A Coruña e en contra do de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Pero mire vostede toda esta relación que acaba de relatar soñouna, invéntaa ou de onde a sacou, porque mire sabe o que pasa que en relación ao que cren que vostedes fixeron e ao que realmente fixemos nós, nos examinamos todos en maio do 2015 cos 300.000 vigueses aí afora e todo o que fixeron vostedes e que vostedes agora inventa e relata e demais levoulles de 13 concelleiros a 7 concelleiros, e todo o que nós fixemos na realidade e ven os cidadáns día a día significou pasar de 11 a 17 concelleiros, esta é a realidade da cidade porque si entre as actuacións que fixo a Xunta de Galicia neste cidade é ter vendido a esta cidade cun hospital privado, que veña Deus e o vexa. Polo tanto, a realidade é a que é. Mire, nós nin competimos nin somos excluíntes, se se ben as nosas mocións nós dicimos que un Presidente da Xunta de Galicia ten que defender igual á cidade de A Coruña que á cidade de Vigo e isto é o que non sucedeu e polo tanto, non somos nese sentido excluíntes pero claro que vostede que teoricamente vive nesta cidade que debería ter a máis mínima memoria histórica sobre o que pasou no Porto de Vigo dende o ano 2005 aquí, sinceramente non se decate, mire, o Sr. Caballero fixo no Porto de Vigo proxectos e eu díxeno aquí algunha vez, o dicía polo baixo que aínda o Wall Center, o proxecto Nubel que aínda chegará o momento en que se poidan facer pero mire tamén deixou o Plan de usos programado, si, e deixou moitas cuestións, pero a principal pola que clamaba esta cidade era o peirao de Areal e de verdade, resulta absolutamente imposible e hai que ter moita paciencia, discutir e debater con vostedes porque vostede non sexa capaz de lembrar que a Sra. Porro e o Bloque Nacionalista Galego dende este Concello facendo pinza tiveron durante catro anos paralizados o peirao do Areal, a min iso non mo vai a contar. Co Sr. Julio Pedrosa traballaba eu, e a hemeroteca desta cidade di que o Sr. Julio Pedrosa non puido levar adiante o

peirao de Areal pola paralización deste Concello, é o que é evidente que aquí hai un peirao de Areal porque unha vez que se tomou posesión en xuño deste ano como Alcalde desta cidade se puido facer ese peirao, o contrario foi paralización e é máis, disputas entre o voso partido.

PRESIDENCIA: Sr. López Font, de momento vai gañando 21-4 pero algunhas cuestións si quero dicir, porque non se pode mentir de forma impune, o tramo urbano AP-9 dende Teis ata Vigo vaise facer o estudo como eu o solicitei, porque o pedín eu, primeiro, antes de facer as obras hai que facer os estudos e os proxectos e non o fixeron vostedes, o Partido Popular do Sr. Rajoy non fixo o proxecto do tramo urbano da autovía e agora vaise facer.

Mantemos en pe a biblioteca de Teis e xa o outro día, claro non está aquí e non escoita, están fora, xa lles dixen ao medios de comunicación que xa falei co secretario de estado de seguridade social e xa lle dixen enormemente optimista porque imos a arranxar, o que nos rexeitou cedernos o edificio do ambulatorio de Teis para unha biblioteca que non nolo deu o goberno do Sr. Feijóo e o goberno do Sr. Rajoy, agora nolo van ceder, estou enormemente optimista.

Segundo, claro que mantemos a proposta de biblioteca do Estado, pero hai unha diferenza, agora temos un interlocutor, ata agora non tiñamos, cada vez que eu me dirixía ao goberno do Sr. Rajoy falándolle da biblioteca do Estado, non tiña interlocutor, pois o día 19 deste mes me entrevisto co ministro e na axenda vai a biblioteca do estado e outras cousas, que xa irán decatando, pero como é natural xa estou falando cos responsables de fomento do AVE a Cerdedo e xa sei quen pode facer o estudo hidro-xeolóxico que non quixo facer a Sra. Pastor, moi viguesa en eleccións pero parando o AVE durante anos conseguidos un tras outro mentres era ministra e todo pendente dun simple estudo hidro-xeolóxico que había que facer, e tan pronto chegou o novo goberno a ministra, a Sra. Rivera, chamoume inmediatamente para dicirme que estaba parado nun caixón porque non querían facer o estudo hidro-xeolóxico, pois xa sei quen pode facer ese estudo, e miren, xa estou falando cos responsables do ministerio e xa lle digo, imos desbloquear o AVE Vigo-Madrid por Cerdedo, entendido? Ímolo desbloquear, o que tivo bloqueado o goberno do Sr. Rajoy durante anos e anos e a ministra a Sra. Pastor moi viguesa en eleccións pero non nos feitos, ímolo desbloquear.

Pero máis aínda, e que tamén estamos coa autovía dende Vigo a Porriño, a nova que hai que facer, que de momento o único que sabíamos é que o anterior presidente do Goberno dixo “imos a ver si a facemos con estes proxectos público-privados” pois nós imos entrar aí a fondo, como corresponde, porque agora temos interlocutores e respostas positivas e así seguir dicindo unha tras outras tódalas cuestións relacionadas con este Concello e detidas e xa llo propuxen á ministra, propúxenlle o problema de abastecemento da auga en Vigo que o Sr. Feijóo ten parado ou non se decataron vostedes do Partido Popular de Vigo, que non queren facer o trasvase de emerxencia e co teñen parado o Sr. Feijóo pois xa llo propuxen á máxima responsable, por certo, xa llo propuxera á anterior ministra, resposta cero, a anterior ministra do grupo do Partido Popular, resposta cero e agora os temas xa están rodando, vanse a desatascar, xa temos respostas, xa imos tendo en só tres meses a vía de desbloqueo de todo o que levaba bloqueado dende o ano 2011 polo goberno do Sr. Rajoy, por certo, imputable a presión total do Sr. Feijóo. Miren, vouldes seguir dicindo, sabe o Sr. Feijóo e os conselleiros do goberno cando se entrevistan cos novos ministros do goberno de España, falan de moitas cousas, máis do Alcalde de Vigo, os conselleiros da Xunta de Galicia se caracterizan todos por ser amigos meus, de sempre, de toda a vida, todo o mundo sábeo e van a ver ao goberno de España e fálalle mal do Alcalde de Vigo, pero parece que cando veñen a facer os actos políticos aquí a Galicia dende toda España parece que tamén, e isto é a realidade, a realidade señores/as é que neste momento estamos tendo interlocutores en España e isto é importante, trataremos de desbloquealo todo, pero por primeira vez en 5 anos temos interlocutores no goberno de España que responden a todo o que propoñemos e nalgúns casos xa dixeron abertamente que desbloqueado, noutros conseguíremolo. Había unha emenda, que non se acepta, pasamos á votación.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do

grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 31.08.2018 (Rex. Nº 1857/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

20(154).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 411/1102 (REXISTRO PLENO 1845/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 411/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

21(155).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 412/1102 (REXISTRO PLENO 1846/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 412/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

22(156).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 16.07.18, DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 387/1102 (REXISTRO PLENO 1847/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da XGL, de designación de representante no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

"2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPDTE. 387/1102.

Dáse conta da proposta asinada con data 13/07/18 polo Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 33/1102) e sesión ordinaria do 15/07/16 (Expte. 80/1102), entre outros, aprobar as propostas da Alcaldía-Presidencia de designación como representantes da Corporación Municipal no Consorcio da Zona Franca de Vigo aos concelleiros: D. David Regades Fernández, D. Javier Pardo Espiñeira, D. Angel Rivas González, D. Cayetano Rodríguez Escudero e D^a M^a José Caride Estévez.

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira como representante do Concello de Vigo no Consorcio da Zona Franca, en substitución de D. David Regades Fernández.

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como representante do Concello de Vigo no Consorcio da Zona Franca de Vigo, efectuada mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 33/1102).

Segundo.- Designar como representante do Concello de Vigo no Consorcio da Zona Franca de Vigo á concelleira-delegada do Grupo Municipal Socialista, D^a M^a Ángeles Marra Domínguez.

Terceiro.- En consecuencia, o Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde e representante legal D. Abel Caballero Álvarez e polos concelleiros e concelleiras D^a Ángeles Marra Domínguez, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Angel Rivas González, D. Cayetano Rodríguez Escudero e D^a M^a José Caride Estévez.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Se fala de dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo sobre a designación de representantes do do Concello de Vigo no Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo e por iso nós queríamos intervir neste punto porque o Alcalde deixou e decidiu que Zona Franca deixe de ser unha axencia de desenvolvemento local ao servizo da promoción económica da cidade e sexa un ente ao servizo dos seus intereses políticos e electorais e é lamentable para o Partido Popular que isto sexa así, nós o dixemos e lamentablemente o tempo nos deu a razón porque isto que pasa en Zona Franca xa se vía vir, Zona Franca pasou de ser unha institución para a defensa da economía da cidade a ser institución ao servizo do interese do Partido Socialista en Vigo e un órgano que debería ser democrático e cun equilibrio na súa representación, segundo as forzas que hai no Concello, agora non o é, e o que está e converténdose nun “chiringuito” máis do Alcalde porque o que fixeron vostede en Zona Franca nunca xamais pasou na historia da cidade, nin sequera cando o Partido Popular gobernou con maioría absoluta entre os anos 1995 e 1999. segundo o regulamento de Zona Franca o

Concello de Vigo conta seis membros no Pleno, o Alcalde e 5 vocais, e o Alcalde nun acto de absoluto totalitarismo e desprezo á democracia designou aos seis vocais, os seis do Partido Socialista como se na Corporación municipal non houbera máis partidos políticos, por iso imos esixir que vostedes entendan que é necesario pluralidade dentro do Pleno de Zona Franca, vostedes deben entender que se pode pensar distinto a vostedes pero tamén apoiar os intereses de Vigo, vostedes só entenden do pensamento único e Vigo, Sr. Alcalde, é moi plural e por iso é moi lamentable que no Pleno da Zona Franca non se reflicte ese pluralismo, é moi lamentable por moitos 17, 7 pero é plural Vigo, foino sempre e seguira sendo e máis o ano que ven.

Por iso, volvemos a esixir dende o Partido Popular de Vigo e aproveitamos o Pleno da corporación que é o máximo órgano para esixilo, volvemos a esixir Sr. Alcalde que reconsidere estes nomeamentos da Corporación municipal no Pleno da Zona Franca e por iso lle pedimos que ao menos un, deses 6 vocais que ten o Concello no Pleno da Zona Franca, sexa dun partido da oposición se non quere que sexa do Partido Popular, que sexa da Marea de Vigo, non nos importa pero o que queremos é que Zona Franca non se converta nunha institución a maior gloria do Alcalde, está claro que o que vostedes queren en Zona Franca é poder actuar libremente, poder facer e desfacer sen render contas a ninguén, sen que ninguén lles cuestione, pero a isto xa estamos acostumados porque é o que fai o Partido Socialista en tódalas institucións, dicían que ían vir a gobernar para rexenerar as institucións e o que fixeron é arraxar con calquera indicio de pluralidade e colocar aos seus amigos en Vigo, en Madrid e en todas partes.

Dixemos que habería toneladas de propaganda nestes dous primeiros meses en Zona Franca e o novo delegado unha marioneta política do Alcalde, xa tomou a súa primeira decisión, saben cal é a primeira decisión que tomou o Sr. Regades na Zona Franca? O primeiro contrato adxudicado polo Sr. Regades? Máis de 500.000 euros á axencia de publicidade cabeceira do Alcalde para repartirse entre tódolos medios de comunicación, máis de 500.000 euros, esa é a primeira decisión do Sr. Regades, onte tamén nos decatamos de que quere importar café de Colombia e non sei que máis, tamén quere importar café de Colombia, pero a primeira decisión de verdade e ese contrato.

SR. PÉREZ CORREA: Nós non queríamos e o dicimos abertamente, é unha cuestión de aforro de saliva, mental, consideramos que dende o inicio da lexislatura hai unha exclusión deste grupo municipal pero tamén digo que Zona Franca haberá que repensar como se producen eses equilibrios porque o Partido Popular parece que se lembra agora de tamén como se utilizan determinados compoñentes de Zona Franca que non son os que elixe este Pleno tamén para que os equilibrios en Zona Franca sexan os que sexan, polo tanto, hai que repensar como se constitúe ese Consorcio, pero o que nos toca e o imos seguir defendendo, entendemos que iso se fai ao inicio da lexislatura e que excluír a un grupo municipal como a Marea de Vigo con tres membros, tanto do Consorcio da Zona Franca como do Consorcio e do Casco Vello, é unha falla de democracia absoluta que nós obviamente imos seguir mantendo, e como non estamos en Zona Franca, pois e como fomos excluídos pois a nosas cuestións sobre o que acaba de dicir o Concelleiro obviamente do Partido Popular, pois as teremos que facer en onde toca que é no Congreso dos Deputados tamén porque é unha delegación do Estado que teremos que asumir e todas estas cuestións, estamos excluídos a través deste Pleno farémolas como toca no Congreso dos Deputados, sobre todo o que ten que ver cos primeiros gastos de Zona Franca que son exclusivamente para o ornato do novo delegado e estamos a falar dun delegado, non é un “triumfite” nin unha persoa que é aclamada multitudinariamente senón que se trata dunha delegación de funcións do ministerio e nós o que faremos é falar directamente co ministerio como grupo municipal excluído da presenza neste órgano que para nós é absolutamente central para moitos investimentos de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Hai un sentimento que persoalmente teño moi interiorizado que é o de vergoña allea e a verdade é que Sr. Fidalgo dáme vergoña allea escoitalo, dáme vergoña allea oír as cousas que vostede que foi elixido representante nesta cidade, independentemente de que sacaran 7, poden dicir neste Pleno, de verdade vostede ten que adoptar unha posición de aprender comportamento institucional, este salón de Plenos se merece o que todos máis alá do debate político saibamos gardar as formas, saibamos dicir ata as cousas de formas intelixente, irónica, pero levan vostedes unha mañá, títere, marioneta, pero vostede cre que se corresponde de verdade coa vontade dos cidadás que nos elixiron libremente o que nós

esteamos, vostede dicindo estas cousas aquí, é tremendo de verdade eu lle invito de verdade a vostede que incluso presume con esta historia de senador do Reino de España, pois a verdade é que queda bastante baixo o nivel do senador do Reino de España aquí.

Pero mire, indo ao concreto, pero como fala vostede de discriminación e como fala vostede de intereses políticos, pero de verdade, como se atreve é que vostede é o exemplo máis palpable de ata onde se pode chegar a rozar o ridículo dicindo determinadas cuestións, se vostedes en Zona Franca primeiro, no que chama chiringuito, vólvolle a dicir o mesmo, defendamos ás institucións cando as gobernaron vostedes e cando as gobernamos nós, non cando as gobernaban vostedes eran unha ilustre institución e cando gobernamos nós é un chiringuito, diso nada, pero cando gobernaron vostedes se nomeou á delegada que correspondeu por parte do Ministerio de Facenda, cuestión que se acaba de facer igual por parte do Ministerio de Facenda que é tan lexítimo o Ministerio de Facenda e tan legal a ministra de Facenda de hoxe como o ministro anterior pero vostede non se lembra de que na representación do Consorcio da Zona Franca de Vigo o goberno do Partido Popular do Sr. Rajoy, represaliou a un empresario desta cidade porque votou en contra e vostedes lle destituíron, é a democracia cando vostedes nomean e non cando nomeamos nós. Mire a diferenza entre vostedes e nós e palpable, vostedes aproveitaron, xa que utilizan esta linguaxe, Zona Franca para nomear a todos os representantes en nome do goberno central coa adscrición política do Partido Popular pero non só iso, é que foi tremendo porque vostedes nomearon a Rafael Louzán como técnico no Consorcio da Zona Franca de Vigo, xa hai que botarlle valor, que a todo isto lle direi que compaxina co posto de asesor na Deputación de Pontevedra sen cobrar por ir a traballar.

Mire, polo tanto, a diferenza é a seguinte, vós nomearon a todos con adscrición política e este goberno do Sr. Pedro Sánchez, do que tanto falan vostedes, puxo a representantes do goberno central con carácter de independentes, non se corresponde cun nomeamento de partido político, si eu sei que a vostedes lles entra a risa frouxa das cousas que son así.

Polo tanto, a diferenza é fundamental entre o que vostedes facían e o que nós facemos e con respecto á representación deste Concello no Consorcio de Zona Franca, nos 11 anos que eu levo aquí, sempre foi en función do que dixeron os

cidadáns e como vostede o que me deu a razón que é a democracia, é o que fixemos, o que executamos e nós nin represariamos a ninguén, moi ao contrario, restituímos e non temos unha afiliación política dos que se nomearon senón que se nomearon a independentes. A diferenza entre vós e nós é absolutamente notable.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

23(157).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 16.07.18, DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA FUNDACIÓN MARCO DE VIGO. EXPTE. 388/1102 (REXISTRO PLENO 1848/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da XGL, de designación de representante na Fundación Marco de Vigo.

“3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA FUNDACIÓN MARCO DE VIGO. EXPDTE. 388/1102

Dáse conta da proposta asinada con data 13/07/18 polo Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 33/1102), entre outros, aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia de designación de D. David Regades Fernández, como representante por proposta do Grupo Municipal Socialista *no Padroado da Fundación MARCO*.

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira, representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Padroado da Fundación MARCO, en substitución de D. David Regades Fernández.

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Padroado da Fundación MARCO, realizada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria 20 de xullo de 2015 (Expte. 33/1102).

Segundo.- Designar como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Padroado da Fundación MARCO á concelleira, D^a Ángeles Marra Domínguez.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Fundación MARCO, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A diferenza esta clara entre vostedes e nos e sobre todo agora imos falar do Marco, que aínda que sexa un ámbito totalmente diferente da Zona Franca, é exactamente o mesmo modus operandi, e o outro día cal é a miña sorpresa, a do Grupo Popular que chegamos despois dunha Xunta de Goberno e resulta que deixan sen efecto a designación realizada da concelleira do Partido Popular, que neste caso era eu, logo de ter hai un mes un padroado onde falamos, discrepamos, onde cada un achega o que cre que é conveniente para ese Museo de Arte Contemporáneo que está xa na UCI e practicamente morto por decisión deste Alcalde e polo tanto, xa de primeiro decidiron non incluír a Marea de Vigo o Padroado, cousa que é a primeira vez que pasa na historia desta cidade, cando están gobernando socialista non hai representación de tódolos grupos políticos e agora deciden que sexa a Sra. Iglesias González, felicidades por pertencer vostede ao Padroado, seguro que fai unhas achegas moi orientadas á arte contemporánea, se é que o Alcalde lle deixa neste caso, porque o que cremos claramente, isto é unha mordaza absoluta, probablemente a metade das persoas

que están escoitando nin sabían que eu estaba no Padroado do Marco porque unha presenza testemuñal de tódolos grupos políticos que estamos representados nesta cidade para defender a cultura desta cidade, nós somos unha ferramenta coa cultura, non somos os que teñamos impoñer as nosas normas, iso que fai o Alcalde de Vigo porque decide non nomear un novo director no Museo de Arte Contemporánea, unha persoa que saiba levar adiante ese museo con tódalas dificultades que ten e decide que el vai ser o que teña as mans libres para facer o que lle dea a gaña, unha representante do Partido Popular que achega opinións porque saben vostedes sobre todo o Sr. Rodríguez Escudero, que despois en votacións normalmente o Padroado sae adiante as decisións que toma o propio presidente, pero nin sequera a presenza, nin sequera unha representación do grupo municipal do Partido Popular porque o que queren é silenciar absolutamente calquera voz que sexa discrepante co Sr. Caballero, porque eu sei que non é cos 17 concelleiros que están aí sentados e sei moi ben que non é con todo o Partido Socialista, e co Sr. Caballero, polo tanto, isto parécenos totalmente indignante, ademais parécenos un agravio absoluto e un desprezo absoluto á cultura da cidade, o Marco e moito máis que un museo, o Marco é un símbolo que naceu despois do accidente do Prestige, o Marco é a recuperación dun edificio, é un referente internacional e nacional en arte contemporánea e o que queren facer vostedes neste momento é convertelo nun centro de ocio, unha pinacoteca, unha sala onde o Sr. Alcalde poida facer o que lle dea a gaña e miren, isto é unha cousa seria, isto si que repercute no futuro da cidade de Vigo, porque o agravio á cultura nesta cidade xa o levamos vendo durante once anos, pouco a pouco, gota a gota como vai eliminando a festival como Alt, como Queruat, como todo alternativo e minoritario nesta cidade non existe, polo tanto, así atando as mans e poñendo mordazas e como pouco a pouco imos todos gozando coas luces, falando das rúas, doutras cousas, pero esta cidade ten un valor importante que ademais se diferencia do resto de Galicia, Vigo é unha cidade emprendedora é unha cidade culturalmente sempre con moita iniciativa, con moita creatividade e vostedes están calando esa cultura minoritaria que é referente, insisto, nacional e internacional.

Eu non é por un tema meramente persoal o de non estar no padroado do Marco, foi un facer absoluto poder contribuír á cultura e a arte contemporánea nesta

cidade, seguiremos facéndoo dende fora, é un reclamo ademais de todo este grupo, houbo alcaldes, gobernos nesta cidade de tódalas cores, do máis dispar, gobernaron maiorías absolutas, minorías, partidos de esquerdas con partidos de dereitas chegaron a acordos e agora estamos nunha situación en Vigo politicamente insuperable ante un ditador que nunha Xunta de Goberno, sen avisar previamente á persoa afectada e ao grupo afectado, decide eliminar dun padroado a unha persoa e a unha representación política, polo tanto, iso é impresentable e hoxe imos votar a substitución da Sra. Marra Domínguez e non a inclusión da Sra. Iglesias González pero votarémola no seguinte Pleno e seguiremos falando do agravio e o ataque a esta cultura Sr. Rodríguez Escudero que vostede sabe moi ben e que espero que non vaia tamén a taparlle e cubrirlle as vergoñas a esta Alcalde.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Loxicamente en primeiro lugar, o que quero dicir que esa decisión de levar á Xunta de Goberno Local é unha decisión desta persoa que está falando nestes momentos, por suposto que é unha decisión que é tomada no ámbito dun goberno pero que nace da vontade deste concelleiro como representante no Marco de algo que realmente é inevitable porque a situación que levaron vostedes ao Marco, por certo non é un museo, a ver si o entendemos, só ten o nome, é un espazo expositivo, nunca foi un museo, precisamente o que nós queremos é reconvertelo no museo que sexa o orgullo de toda a cidade e para toda a cidade, non para unha elites privilexiadas ou intereses escuros que un día terémolo que falar aquí neste Pleno para que vostedes se decaten dunha vez do que estaba a pasar no Marco e polo tanto, esa é a política, recuperar un espazo emblemático para o mellor da arte contemporáneo pero para o mellor da cultura da cidade e vostede non o permitiron porque bloquearon en contra dos estatutos e en contra dos intereses deste Concello, non desta Corporación socialista, senón en contra dos intereses democráticos deste Concello porque ten que ter unha maioría que vostedes non permitiron tela para exercer a representación que nos corresponde en función do que este Concello colabora no Marco o 80% e vostedes comezando por vostede e rematando pola Xunta de Galicia non o permitiron e ante ese bloqueo que leva a incapacidade de transformar ao Padroado e nomear como corresponde a un profesional e a un equipo directivo, e polo que realmente nos

obrigamos, precisamente por ese carácter democrático a substituír e poñer realmente facer valer os intereses deste concello que vostedes puxeron en contra para defendelos intereses da Xunta de Galicia e do Partido Popular, eu respectéinos totalmente aínda que non estou de acordo con vostede permítame polo menos que eu fale tamén coa mesma liberdade que vostede falou.

Polo tanto, non é verdade, nós imos a converter este espazo expositivo nun centro de referencia para a cidade, para Galicia, para España e para o mundo, pero de verdade, sen exclusións dos axentes culturais, sociais, artísticos que se fixeron mes tras mes, en contra dos intereses artísticos desta cidade, por iso o Marco no modelo anterior non está defendido socialmente, por iso ninguén máis que unha elite minoritaria totalmente allea á realidade social e cultural de Vigo, de verdade, se permite realmente levantar a bandeira contra algo que era privilexios, exclusivamente privilexios e contra eses privilexios poñemos a disposición da cidade ese espazo como o está demostrando xa, a pesares de que en contra dos nosos interese e en contra da nosa vontade non temos o equipo directivo porque vostedes impediron co seu bloqueo sectario, non permitiu modificar o padroado de acordo cos propios estatutos que era o que queríamos facer e ante ese bloqueo é loxicamente no exercicio da nosa responsabilidade política, cultural polo que temos que tomar as medidas de transformación do padroado e elixir o equipo directivo que vai ser un equipo directivo que vostedes nunca o soñaron, pola súa independencia, pola súa capacidade de profesionalidade, por todo, e ademais co apoio de institucións emblemáticas da cultura de toda Europa.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

24(158).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 16.07.18, DE DESIGNACIÓN DE VOCAL NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DE ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 390/1102 (REXISTRO PLENO 1849/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da XGL, de designación de vocal na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

“4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE VOCAL NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO. EXPDTE. 390/1102

Dáse conta da proposta asinada con data 13/07/18 polo Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 35/1102), entre outros, aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia de designación de *D. David Regades Fernández*, como *Vocal proposto polo Grupo Político Municipal Socialista* na ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira do Grupo Municipal Socialista que represente como vocal ao Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como vocal, representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo, na Asemblea da Área Intermunicipal de Vigo, efectuada mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 20 de xullo de 2015 (Expte. 35/1102).

Segundo.- Designar como vocal, representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, á concelleira D^a M^a José Caride Estévez.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

25(159).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 16.07.18, DE DESIGNACIÓN REPRESENTANTE E VICEPRESIDENTE NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 391/1102 (REXISTRO PLENO 1850/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da XGL, de designación de representante e vicepresidente no Consorcio do Casco Vello de Vigo.

“5.- PROPOSTA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN REPRESENTANTE E VICEPRESIDENTE NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPDTE. 391/1102

Dáse conta da proposta asinada con data 13/07/18 polo Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria e urxente do 24 de agosto de 2015 (Expte. 47/1102), entre outros, aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia de designación como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración e así mesmo proposta como vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro, D. David Regades Fernández.

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira, representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, así como a designación de novo vicepresidente deste Consorcio, en substitución de D. David Regades Fernández.

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo, realizada mediante acordo da

Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 21 de agosto de 2015 (Expte. 47/1102).

Segundo.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo, realizada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 21 de agosto de 2015 (Expte. 47/1102).

Terceiro.- Designar como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Cuarto.- Designar vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Quinto.- Comunicar este acordo ao Consorcio do Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Sexto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

26(160).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á CORPORACIÓN A APERTURA DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN PARA ELABORAR UN DITAME SOBRE O ACCIDENTE DE O MARISQUIÑO EN CANTO A RESPONSABILIDADES SOBRE O ESPAZO PORTUARIO CEDIDO. REXISTRO PLENO 1852/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de

agosto de 2018, número 1852/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O acontecido o pasado domingo 12 de agosto na contorna do Paseo das Avenidas durante a celebración do evento coñecido como O Marisquiño pode ser un dos accidentes máis relevantes que teñen sucedido no termo municipal de Vigo nas últimas décadas, en canto ao volume de persoas feridas (afortunadamente sen lamentar vítimas mortais) e en canto ao impacto mediático e social ao producirse durante un evento que pode ser cualificado de ampla repercusión mediática incluso a nivel internacional.

O accidente ten xerado de xeito inmediato un gran debate na sociedade viguesa, unha serie de dilixencias xudiciais e actuacións de aseguradoras e despachos de avogados/as que lamentablemente non teñen unha resposta análoga por parte do parlamento dos vigueses e viguesas que non é outro que o Pleno do Concello.

E non a ten porque de xeito inmediato, tanto Concello de Vigo como Autoridade Portuaria comezaron o que semella unha manobra evasiva para evitar asumir as posibles responsabilidades de cada ente, ofrecendo cara ao público unha serie de declaracións que consideramos demasiado prematuras sen os informes técnicos e policiais precisos. Deberían ter ofrecido, de xeito responsable, a información relacionada coa xestión da infraestrutura onde se produciu o accidente ou sobre as propias xestións administrativas da solicitude de celebración do propio evento en canto a permisos, seguros, Plan de Autoprotección, emerxencias, etc...información coa que ademais ambas administracións contaban e que, moitos días máis tarde foron aportando a base de reiteradas peticións.

Estamos ante un suceso que transcorre nun ámbito concreto, con administracións públicas sinaladas e con marcos normativos claros en canto a lexislación local e autonómica, polo que establecer un traballo pausado e normal de aclaración polo acontecido non debería significar ningún problema como outros concellos fixeron en accidentes semellantes, o concello de Madrid no Madrid Arena por exemplo, ou comisións ante procesos xudiciais abertos ou cuestións políticas importantes.

Non pode ser a vía xudicial ou a folga de ruta das aseguradoras privadas a que marque a reflexión política e moito menos a espera das mesmas a que xustifique non buscar as causas e remediar posibles accidentes no futuro en espazos públicos froito dunha mala xestión administrativa, polo que o grupo municipal da Marea de Vigo considera imprescindible abrir un espazo de debate e traballo dos grupos municipais para ditaminar a casuística e os factores a corrixir no futuro no tocante á xestión municipal no accidente de O Marisquiño. Analogamente Parlamento de Galicia e Ministerio de Fomento-Autoridade Portuaria deberían realizar o mesmo procedemento interno, aínda que, a día de hoxe, o primeiro intento para poder esclarecer o acontecido xa foi frustrado por parte do Partido Popular e o Partido Socialista, ao ter votado en contra da apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria no Parlamento galego solicitada polo grupo parlamentario de En Marea.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

ACORDO

A apertura dunha Comisión Especial de Investigación para elaborar un ditame sobre o accidente do Marisquiño, no tocante aos aspectos que atinxen á xestión municipal en canto a responsabilidades sobre o espazo portuario cedido para a celebración do evento, permisos e licenzas, Plan de Emerxencia e Plan de Autoprotección, xestión durante as horas posteriores ao accidente e mecanismos para evitar no futuro accidentes semellantes."

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Nós nos imos falar de O Marisquiño, non queremos ir ao detalle, non queremos falar das cuestións que levan ao debate aberto na sociedade viguesa galega e incluso nas persoas máis afectadas directamente, nós o que queremos é discutir a través desta moción cal é o mecanismo polo que os corporativos, a xente elixida polo pobo de Vigo imos clarificar o debate sobre competencias, sobre o que pasou e polo tanto imos a poñer os mecanismos para que non volva a pasar, porque nós esperábase un pouco de altura de miras, xa non digo deste goberno local senón tamén da Xunta de Galicia a través das súas responsabilidades na delegación e na elección do Presidente da Autoridade Portuaria e esperamos que houbera polo menos proactivamente, aínda que sabíamos que as responsabilidades posiblemente foran compartidas, abrir un mecanismo de traballo, como imos ter cinco gloriosos minutos este grupo municipal para falar no Pleno extraordinario sobre a cuestión de O Marisquiño nós o que queríamos era pedir un mecanismo de traballo competente, ademais con achega de documentación, con participación dos funcionarios implicados na toma de decisións, con participación das concelleiras/os incluso cos informes periciais que a investigación puxera enriba da mesa e o primeiro que fixemos foi solicitalo directamente ao Alcalde, que nós como concelleiros queríamos o mes de agosto xa para comezar a traballar para coller eses convenios famosos de Abrir Vigo ao Mar, para coller o plan de emerxencias da Xunta de Galicia no que por certo, vamos a ser uns primeiros concellos que van a ter un problema de interpretación desa nova

lei para coller o Plan de Emerxencia do Concello de Vigo, para coller a licencia de actividade dada, para coller o Plan de Autoprotección, para coller toda esa documentación que imos a ter que debullar os membros deste Concello polo menos para sacar un ditame e evitar que volva a pasar que sería o primeiro obxectivo, logo xa estará a cuestión das vítimas que hai que resolver, de quen ten a responsabilidade patrimonial, entrarán en xogo os xulgados, e por desgracia a aseguradoras, entrarán en xogo tamén intereses particulares políticos ou incluso de protagonismo, pero nós temos que resolvelo antes aquí, e polo tanto, pensabamos que ía ser de iniciativa do Alcalde abrir esa comisión de investigación con toda naturalidade, non foi así e polo tanto, nese regulamento do Pleno temos que trasladala a través dunha moción, e por que? Porque hai un Regulamento do Pleno que para nós é, bou no pouco tempo que teño a poñer o que di o Regulamento e o que considero o que podería ser o encaixe mellor para comezar a traballar como digo en casos accidentes como este tipo hai comisións creadas que estiveron un ano traballando, e o Partido Socialista non puxo ningunha obxección a traballar na comisión do Madrid Arena e se non estaba de acordo co ditame emitía un ditame alternativo como así finalmente pasou.

“As comisións especiais de investigación créanse polo Pleno por proposta do Alcalde ou dun grupo municipal, o funcionamento da comisión así o seu Plan de traballo acórdase na sesión constitutiva”, teríamos que estar xa traballando e nese plan de traballo, “e para o seu funcionamento solicitarán dos servizos municipais a documentación que considere necesaria, así mesmo requirirán a presenza de calquera persoa para ser oída”, as vítimas, as persoas que están alí, os técnicos, incluso as persoas responsables doutras administracións, non obstante, esta presenza non é obrigada, obviamente porque non estamos ante un proceso xudicial, “a notificación do requirimento para comparecer e dos extremos sobre os que se deba informar, realizarase con 10 días de antelación, agás cando por concorrer as circunstancias”, é dicir, poderíamos ter incluso a vontade de moita xente de querer participar, e o mellor de todo é que emitiría un informe, despois de debullar toda esa documentación e se hai consenso no informe, ese informe levaríamolo ao Pleno a discutilo, aquí non, aquí imos ao Pleno con cinco minutos, con toda unha cantidade de convenios, de procedementos, dos últimos 20 anos sobre o Porto e tamén cunha nova lei de emerxencias de Galicia que hai debullar, e

pretenden que en 5 minutos, dentro dunha media hora ou menos, esteamos resolvendo as inquietudes e as preocupacións dos cidadáns de Vigo, é ridículo, o que imos facer é ridículo e creo que por desgracia imos deixar en mans da xustiza algo que teríamos que resolver xa politicamente porque hai infraestruturas nesta cidade que soportan actividades de moita xente, o parque de Castrelos e outras infraestruturas. Polo tanto, imos seguir defendendo o mecanismo político democrático que teñen os concellos para abrir ese debate que son as comisións especiais de investigación que nunca culpabilizan, emiten un informe e quen non estea de acordo que consecuentemente vote no Pleno.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Xa que o voceiro de Marea de Vigo explicou tódalas cuestións técnicas da comisión de investigación eu o que quería é ir exactamente a cales son as múltiples cuestións que cremos que hai que investigar, absolutamente de acordo en crear esta comisión de investigación, aínda temos algunha esperanza de que se aprobe, non moitas a verdade porque este goberno o único que fixo dende que se produxo o accidente, desgraciadamente en ver arrojar luz sobre o que pasou e o que fixo todo o contrario, quixo escondelo cando máis profundo mellor, pero hai moitas cousas que hai que investigar e é moi necesaria esa comisión de investigación e ademais que se faga en Vigo, que é onde pasou todo, onde hai competencias municipais directas implicadas e onde se ten que investigar politicamente tamén no seno desta corporación. Polo tanto, cremos que é fundamental esta comisión, queremos saber a verdade dende o minuto un o Partido Popular exixiu saber a verdade e cremos que se ten tamén que investigar e facer esta comisión no marco político, primeiro porque aquí o que se quixo foi eludir as responsabilidades de quen ten a única e exclusiva competencias de autorizar os espectáculos públicos no Concello de Vigo, estamos a falar dun evento de máis de 100.000 persoas que se presumía por certo Sr. Alcalde, de cantas persoas ía traer a Vigo, un evento de máis de 100.000 persoas que a Lei lle obriga a autorizar e a conceder unha licenza que non concedeu Alcalde, e queremos investigar porque non se concederon ao evento unha licenza municipal, tamén queremos saber porque non queren asumir esa responsabilidade, os portos non conceden licencias, as conceden os concellos, esta é a lei de espectáculos públicos, lle recomendo que a lean moi ben porque teñen moito que xustificar de

todo o que incumpriron desta lei para O Marisquiño, porque esta lei obriga tamén a quen autoriza, que son vostedes os únicos responsables para autorizar e os que autorizaron aínda que fora parcialmente ese concerto, de comprobar que tódalas condicións de seguridade se cumprían, artigo 7 da Lei, Sr. Alcalde, competencias municipais, condicións técnicas e de seguridade, por que non se comprobou que se cumprían tódalas condicións de seguridade? Por que non se revisou que se cumprían a solidez das estruturas e o funcionamento das instalacións, por que non se comprobou as instalacións eléctricas? Por que non se comprobou si se cumpría a prevención e prevención de incendios, por que non se comprobou a salubridade, a hixiene, a acústica, por que non se comprobou a protección do entorno urbano, por que non fixeron tódalas comprobacións que a lei lles obriga a facer Sr. Alcalde? Por que se esqueceu vostedes da seguridade preocupado por tanto foto? Esqueceuse vostede da seguridade de tódolos vigueses porque o único que lle importan son as fotos e os números, iso é o único que lle importa a vostedes ser Alcalde de Vigo e o resto non o fan, o resto non está nin se lle espera, queremos ver esas declaracións responsables que lles tiñan que ter pedido aos organizadores e non aparecen polo expediente por ningunha parte, queremos ver por que non se exerceron a función de inspección e control? Por que se limitaron a unha comprobación visual do estado da montaxe, nun evento de máis de 100.000 persoas, e sobre todo por que se deixou de comprobar tamén todo o demais, porque o resto de actuacións o skate park, todas, que a xente saiba e que os vigueses saiban que foron alí sen que o Concello de Vigo comprobara a seguridade de todas esas instalacións porque o único responsable e o único competente para autorizar esas instalacións eran vostedes, por que non se controlou o aforo, non houbo control de aforo, se incumpriu o Plan de autoprotección, non houbo ningún control de aforo, non se desaloxou e deixouse volver a entrar a persoas controlando o número de persoas que había alí, tampouco comprobaron vostedes o aforo, non fixeron vostedes nada do que a Lei lles obrigaba, absolutamente nada, e queremos que se investigue politicamente por que? E queremos que vostedes se dean conta das razóns polas cales autorizaron un concerto encima dun paseo que sabían vostedes que tiña problemas, que estaba deteriorado, gravemente deteriorado e nin sequera se preocuparon por mirar se estaba en condicións de soportar o peso do concerto que estaban vostedes autorizando, por que vostedes

puxeron en risco a vida dos vigueses, a vida deses mozos que menos mal non pasou máis do que pasou porque foi un auténtico milagre, 467 feridos xa son suficientes pero podería haber mortos e queremos que respondan.

SR. LÓPEZ FONT: De toda a intervención Sra. Muñoz se lle esqueceu falar do máis importante que son as vítimas daquel accidente e eu precisamente xa tiña previsto arrancar a miña intervención co recordo ás vítimas do accidente, trasladando todo o cariño destes 17 concelleiros que compoñemos o goberno, Alcalde e 16 concelleiros, por que isto é o que verdadeiramente nos importa e acabo de comprobar que é o único que a vostede non lle importa, porque está claro que viñeron aquí vostedes a facer política con esta cuestión, pero nós non, nós estamos co que sufriron ese accidente, estamos cos seus familiares, estamos con iso que a vostedes non lles gusta que é unha oficina para axudar e para atendelos. Polo tanto, a primeira comprobación que acabamos de ver é que nós estamos ao carón da xente e vostedes á intencionalidade política, cunha cantidade de despropósitos absolutamente tremendos.

Sr. Pérez de Marea de Vigo, as causas do accidente son descoñecidas polo momento, estase investigando de onde procede, isto non é unha cuestión xudicial si xudicial non, é onde corresponde e faino quen o ten que levar a cabo, hoxe temos unha proba nos medios de comunicación, haberá informes dos técnicos, creo que todos nos temos que tranquilizar, eu non teño ningunha impaciencia pero me parece que vostedes si, o que pasa é que cando se fala de comisión de investigación parece que a calquera cuestión que suceda maior, menor, esta é maior, hai que abrir unha comisión de investigación, non hai nada que investigar señores concelleiros da oposición, o drama de vostedes é que coa documentación entregada e sobre a pedra angular do que pasou que é o tema das competencias, vostedes non teñen ningún argumento sobre o que corresponde a este Concello e nós non imos entrar en debates que se deben producir noutros ámbitos ou noutras institucións e aquí hai unha máxima e a máxima é moi sinxela e é que este accidente se produxo nunha zona de uso portuario náutico deportivo, este non é un plano do Concello de Vigo, este non un plano meu, este é o plano que acompaña ao Plan de Usos. Polo tanto, eu fixen algunha afirmación nalgún momento, a autorización global dáa o Porto de Vigo é un documento que obra en

poder de vostedes, a autorización global dáa o Porto de Vigo e dáa ao organizador, e se pode afirmar con toda rotundidade máis alá de tódalas voltas que lle queiran dar vostedes ás competencias, que sen ese documento de autorización do Porto de Vigo nin nada se houbera celebrado, nin nada houbera pasado.

Polo tanto, a actuación do Concello de Vigo, faime moita gracias cando se di artigo 5, artigo 7 pero se é que o artigo 5 e o 7, se corresponde coa documentación que lles entregamos a vostedes, coa documentación que lles entregamos, porque fixemos o que nos correspondía, fixemos a inspección das instalacións móbiles, polo tanto, esta é unha zona estritamente portuaria que ademais no caso de Marea de Vigo, eu non coñezo o informe ao que fai mención a prensa pero coincide perfectamente co que vostedes dicían, polo tanto, aquí creo que cando se fala de investigacións é moi fácil de falar e palabras grandilocuentes, a investigación corresponde aos xuíces e aos fiscais, deixemos traballar, nós dende o primeiro día nos puxemos a disposición de quen ten que levar a cabo isto, agora o que non se pode facer é unha utilización absolutamente perversa e política dun accidente, por iso nós comezábamos co apoio e o cariño ás vítimas e dende o Partido Popular ignorouse a esas vítimas que en todo caso teñen que ser a quen lles deamos cariño.

Polo tanto, nós cumprimos estritamente a lei de espectáculos dende o punto 1 ata o punto final e creo que deberíamos de informarnos, creo que todo o mundo debería saber que houbo unha reunión o 24 de xullo de coordinación do Porto de Vigo, O Marisquiño, Policía Nacional, de tódolos servizos deste Concello no que se repasou unha por unha a cada unha das instalacións e remato, solo autorizamos o que se nos pediu.

SR. PÉREZ CORREA: E que precisamente o Partido Popular e o Partido Socialista o que acaban de facer aquí era exactamente o que nós dicíamos que non tiñamos que facer, vostedes falan de que hai un trámite xudicial pero o Partido Popular e o Partido Socialista xa están poñendo sentencias enriba da mesa, este grupo municipal non puxo ningunha sentenza, xa vostede di a interpretación, que nós podemos subscribir ou non, que hai sobre a delimitación de usos do porto, pero en comisión eu quero un informe que diga que un Plan de Usos anulado, hai un recurso de casación, pero quero saber se ten vixencia ou non, podemos discutilo

aquí, fagámolo nunha comisión, quero saber tamén cal era a aplicación concreta dun convenio asinado no ano 1992 para eses ámbitos que logo se clasificaron como interacción Porto Cidade, pero nós non imos resolver iso aquí como Partido Popular ou Partido Socialista sistemáticamente fan, teremos que facer un ditame entre todos, teremos que chegar a certas conclusións e se non chegamos a certas conclusións, haberá que emitir cada un o seu ditame particular porque senón non imos resolver nada. Está moi ben que vostedes me falen do Plan de Emerxencia pero eu vou ler o Plan de Emerxencia que tivemos case pouco menos que quitarlle das mans o técnico cando foron os incendios, que no Plan de Emerxencias se citan os eventos da cidade, o día da Muiñeira e algún outro, pero non se cita a O Marisquiño que leva 18 anos, é obrigatorio que se cite no Plan de Emerxencia unha actuación destas cousas, todas estas cuestións hai que resolvelas, eu quero escoitar aos técnicos municipais, non ver ao un técnico municipal de costas en A voz de Galicia que parece un delincuente e sacan a foto do técnico municipal que non quere dar a cara, quero que estea nesta comisión explicando como se produxo esa comprobación visual que o Partido Popular di que foi deficitaria e vostedes din que non, eu non teño criterio ata que ese técnico municipal compareza nunha comisión, nós non lle estabamos pedindo aquí que comezaran esa batalla campal que as veces teñen tintes de batalla campal pero que por arriba vaise pechar entre as dúas administracións e non temos ningunha dúbida porque aquí o que interactúa tamén é a responsabilidade patrimonial e tamén as batallas das aseguradoras que por suposto van intentar que non pagan e que sexan tanto o Porto de Vigo como o Concello de Vigo quen asuman iso, como pasa sempre coas aseguradoras, nos non queríamos esa batalla, nós queríamos que se constituía a comisión para traballalo, hai moitos técnicos municipais, hai moita documentación que non se nos achegou que ten que ver con procedementos tamén habituais en comprobacións de probas deportivas e tamén porque a lei de espectáculos de Galicia tamén di que a Xunta de Galicia tiña labores de inspección, dio a lei, e queremos saber cales eran as labores de inspección da Xunta de Galicia para que non se vaia de rositas nesta cuestión, o único que lle estamos a pedir é que non é que nos resolvan agora responsabilidades de o O Marisquiño, cousa que é imposible, que abran o mecanismo para que calquera vigués/a saiba que ten 27 adultos nunha corporación e non 27 nenos de parbulario.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 31.08.2018 (Rex. Nº 1852/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

27(161).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ASUMIR DE FORMA URXENTE A OBRIGA DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO PASEO DE BOUZAS CONFORME AO CONVENIO SUBSCRITO O 4 DE XULLO DE 1997. REXISTRO PLENO 1855/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de agosto de 2018, número 1855/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 26 de xuño de 2015, tras realizar unha visita polo Paseo de Bouzas, a voceira deste grupo municipal dirixíase ao alcalde de Vigo mediante unha carta na que lle daba conta do deplorable estado deste Paseo e lle reclamaba o cumprimento do seu deber de mantemento conforme ao convenio asinado en 1997 entre o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca.

Dende aquela teñen sido numerosas as ocasións nas que este grupo municipal ten denunciado publicamente novamente este asunto sen que dende o goberno municipal se teña realizado intervención algunha de cara a mellorar o estado deste Paseo.

Mesmo despois de que se teñan producido danos persoais a veciñas e veciños polo mal estado deste Paseo o goberno municipal prefire mantense na súa política de confrontación coa Autoridade Portuaria antes que asumir as súas obrigas cos vigueses.

Esta continua irresponsabilidade por parte do alcalde tivo o seu último capítulo nos derradeiros días cando houbo que pechar parte do Paseo polo accidente sufrido por un home que sufriu un accidente entre ao afundirse parte do entarimado de madeira.

Pese a todo o exposto o goberno municipal continúa na súa obstinación de omitir as súas obrigas claramente expostas na cláusula terceira do convenio que literalmente di:

Tercero.- El Ayuntamiento de Vigo se hará cargo del mantenimiento y conservación de todos los tramos del paseo marítimo comprendidos entre el extremo Noroeste del Área Portuaria de Bouzas y la Punta del Molino, en Alcabre, a medida que vayan finalizando las obras de los distintos tramos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Goberno municipal a asumir de forma urxente a obriga de reparación e mantemento do Paseo de Bouzas conforme ao Convenio de Colaboración entre o Municipio de Vigo, a Autoridade portuaria e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a construción e mantemento do Paseo marítimo de Bouzas suscrito o 4 de xullo de 1.997.”

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: Xa se ve como o goberno municipal e estamos a falar doutro paseo exactamente igual, nas mesmas condicións, na mesma situación que o Pleno extraordinario do que imos a falar a continuación, xa se ve para que

queremos un goberno local, xa se ve para que queremos un Alcalde de Vigo que se adica a facer de teloneiro nas festas e nos concertos, que adica a ir a O Marisquiño a tirarse a piscina de bolas, que se adica a subirse ao skate, que se adica a outorgar miles de euros con cargo municipal, que se debería adicarse, segundo a lei, a conceder autorización e polo tanto a controlar se efectivamente se cumpre ou non as medidas de seguridade e resulta que cando hai que asumir responsabilidades o que temos é un Alcalde que se vai, como fai moitas veces cando estamos no Pleno, esa é a realidade, iso é que nos di a xente na rúa, doce anos de goberno é o que nos di a xente na rúa porque os anos pasan, as actuacións pasan, os problemas veñen e as solucións e as responsabilidades se asumen ou non e esta é a auténtica realidade do que nos di a xente na rúa e por iso aquí está o Partido Popular que é o primeiro partido político da oposición e un partido con responsabilidade de goberno, e o será e volveremos a selo na cidade. E por iso nós traemos aquí ao Pleno, presentado en roldas de prensa, reclamamos en numerosas ocasións o que despois por desgracia sucedeu no Paseo das Avenidas e que tamén o reclamamos e que tamén sucedeu con menos número de feridos e de forma graduada no Paseo de Bouzas e a realidade é que un dos mellores iconos que ten a cidade que é os paseos en torno á Ría de Vigo que é o mellor que ten a cidade e onde pasean os miles e miles de vigueses e turistas que veñen a cidade, ademais é un dos primeiros sitios a onde van, ademais das Cíes, é precisamente á costa e aos paseos da costa que nos permiten ver a nosa maravillosa ría o que vemos é que os paseos que son competencia municipal están como están, e o máis preocupante e o máis triste de todo isto é que teñamos que ir á lei, se supón que como representantes dos cidadáns e como persoas dotas e competentes para saber ler as leis e para saber interpretalas e executalas, teñamos que ler aquí o convenio que define claramente cal e quen ten a competencia sobre o mantemento e sobre a conservación do Paseo de Bouzas e é unha mágoa que anos máis tarde esteamos nesta situación despois de feridos, sentencias xudiciais, despois de reclamacións patrimoniais con cargo ao Concello e de recoñecemento dos xefes de servizo das áreas competentes de goberno, hoxe estamos falando de novo de esixirle ao Concello de Vigo que asuma a súa responsabilidades e acometa o mantemento e a conservación e o convenio polo que se rexe o mantemento e a conservación do Paseo de Bouzas a cargo do

Concello de Vigo é claro e é o do ano 1996, un convenio entre a Zona Franca de Vigo que executa a obra, a Autoridades Portuaria de Vigo que promove a obra e o Concello de Vigo que recolle expresamente, baixo a sinatura dos tres responsables das tres institucións, que se fará cargo do mantemento e a conservación e claro, cando vemos como actúa unha administración e como actúa outra pois quitamos rapidamente conclusións pero o peor de todo isto non é solo que a Autoridade Portuaria de Vigo teña en perfecto estado de revista o tramo que lle corresponde, o peor de todo isto non é que o Concello de Vigo teña nun estado bochornoso e perigoso, onde houbo caídas e ata hai uns días unha rotura de tabique nasal dun veciño de Vigo de 71 anos, o peor é que non é por unha cuestión económica, non é que o Concello non teña cartos senón que é única e exclusivamente por unha cuestión política, por esa estratexia do Alcalde de Vigo de confrontar si ou si con calquera outra administración que sexa gobernada por outro partido político distinto ao que goberna actualmente nesta cidade, por culpa desa estratexia política os vigueses estamos a sufrir día tras día, mes tras mes e ano tras ano, cuestións como accidentes no Paseo de Bouzas ou accidentes con máis de 460 feridos no Paseo das Avenidas, é bochorno e esiximos xa unha actuación inmediata no Paseo de Bouzas.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Que a obriga de mantemento en superficie é do Concello nós non o poñemos en dúbida, o paragrafo que menciona o Partido Popular na súa exposición de motivos é moi similar ou máis ben exacto non na súa literalidade máis si no contido ao paragrafo seis do Convenio entre Porto e a Zona Franca e o Concello do paseo marítimo, e non está de mais lembrar que no Paseo do Náutico no 2013 o xulgado contencioso-administrativo número de 1 de Vigo, condenou ao Concello polo deficiente coidado do paseo e condenou a indemnizar a unha veciña que tropezou con un dos tablóns, a sentenza expón con claridade a responsabilidade municipal do mantemento da zona, ornato e o que pon a sentenza. Neste convenio, e volvemos ao Paseo de Bouzas, se especifica que a dirección de obras e a aprobación dos proxectos corresponde á Autoridade Portuaria, entón que o mantemento do paseo en superficie é responsabilidade do Concello é ben seguro, e non o dicimos nós senón a xustiza, pero que algún dos danos pode ser consecuencia de danos estruturais tamén e perfectamente posible

e aínda que é evidente o desleixo no mantemento e por suposto este grupo municipal quere que este punto se solucione, o que queremos é responsabilidade por parte das administracións e dos grupos políticos, é imprescindible unha peritaxe e saber se hai danos estruturais e a que se deben, isto pode ir moito máis alá dos danos superficiais e de pouco valería tapar os danos sen coñecer as causas, lembremos que na nosa contorna tamén se fan concentracións multitudinarias e dende logo o que non nos podemos permitir e non aprender leccións e de momento a perspectiva non é nada boa, a principios do ano 2016 por exemplo, foi o Porto quen asumiu reforzo da estrutura dunha zona do paseo situada fronte aos pantaláns da Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas, a obra foi a substitución dos piares do paseo ante o deterioro e perigo de derrube, estes danos estruturais son achacables ao Concello, pois podemos ter dúbidas razoables, os danos estruturais son consecuencia da falla de mantemento, pois terán que dirimir os técnicos. A obriga das administracións e poñerse de acordo dunha vez porque senón, de verdade, non sabemos para que estamos aquí, estamos para garantir a seguridade de todas/os veciños, que mínimo.

Polo prensa coñecíamos que a xuntanza entre técnicos municipais do Porto e da Zona Franca para abordar o arranxo do paseo foi adiada por problemas da axenda do Porto e que despois preguntámonos por que está devaluada a política, a resposta é evidente porque non traballamos en poñernos de acordo, hai quen traballa cunha perspectiva a catro anos que non soluciona nada e quen paga pois sempre as mesmas, as de abaixo, as que non poden tomar decisións porque quen pode tomalas está a outras cousas.

Este acordo a nós parécenos totalmente incompleto, estamos de acordo con el pero parécenos que está incompleto e nos gustaría presentar unha emenda “in voce” a esta moción, un engadido, onde se expresase a urxencia desta xuntanza entre as administracións e a necesidade deste peritaxe, o acordo vería a dicir a maiores do que o Partido Popular propón: “instar a tódalas administracións implicadas celeridade nas datas da xuntanza” e un segundo punto: “instar a tódalas administracións implicadas a iniciar unha peritaxe de tódalas instalacións para solucionar os problemas que se detecten”, porque este acordo está incompleto, é verdade que hai desleixo do mantemento en superficie pero a

estrutura non a executou este Concello. Presentamos esta emenda “in voce”, en todo caso sabemos o que sucede moitas veces coas emendas cruzadas entre grupos da oposición, entón para o noso favorable o único necesario é que o Partido Popular acepte, o que pase despois non é responsabilidade nin dese grupo nin deste grupo.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Estimada Sra. Nuria Rodríguez benvida a esta corporación e a este goberno.

Eu quero iniciar que as miñas palabras sexan para falar de responsabilidade, responsabilidade que falaba o Sr. Gago, e responsabilidade Sr. Gago é que hai mortos en centros de saúde como na estrada, hai mortos de hepatite C, hai bulos e mentiras ditos nos incendios que se aproveitaron para descualificar a xestión e esa é responsabilidade Sr. Gago, esa é a responsabilidade non hai outra, e xa vexo que vostede está defendendo hoxe esta moción, moción que quería defender a Sra. Muñoz ou polo menos a presentou pero como mirou que non dicía toda a verdade debeuna delegar en vostede, e non dicía toda a verdade polo que lle irei falando ao longo de toda a miña moción.

Eu en primeiro lugar quero brindar a este Pleno que me dá para falar das zonas verdes da cidade que é moi importante falar das zonas verdes desta cidade, e poñelas en valor, como corresponde, por certo que están niqueladas Sra. Muñoz, que é a palabra que lle gusta moito a vostede, pero é gracias á xestión dos traballadores e deste goberno encabezado polo seu Alcalde o Sr. Abel Caballero que ten esa preocupación de que esta cidade estea niquelada, Sra. Muñoz.

O verdor dos nosos parques e das zonas de ocio de rapaces, mozas e maiores por si non o sabe obtiveron un recoñecemento recentemente por unha organización de prestixio, o OSUR, o Observatorio de Servizo Urbanos que recentemente nunha enquisa di que a xestión dos parques e zonas verdes desta cidade merecen un notable, si Sra. Muñoz, un merecido notable, vaia tendo en conta, gracias aos minuciosos coidados do noso equipo dirixido, fai que esta cidade siga sendo unha cidade limpa e fermosa.

Mire Sra. Muñoz, para traer esta moción debería manterse máis informada senón nunca chegará a coñecer de verdade a realidade e querer a esta cidade, algo que ven demostrando dende a súa chegada a esta corporación como concelleira tamén

Ile corresponde e debería saber que dende Parques e Xardíns véñense inspeccionando diariamente con rigor, con moito rigor, as zonas verdes e efectuando como non un control exhaustivo sobre tódolos traballos que aí se fan para ter unha calidade para tódolos cidadáns desta cidade. Así que Sra. Muñoz, recoméndolle eu creo que debería deixar de facer menos pinza Sra. Muñoz, creo que se mira esa pinza con Mareas, debería de prestarlle un pouco máis de atención e lle recomendo que antes se preocupe cando traia unha moción para facer ben o seu traballo porque vostede parece que cada vez que trae unha moción a este Pleno contra o Concello de Vigo que é a o que vostede lle paga e polo que foi elixida democraticamente ven chea de delicia, como non sempre contra Vigo, que é o que fai habitualmente e eu penso que debe deixar de lado estratexias partidistas do Partido Popular, comezar dunha vez a defender os intereses de tódolos vigueses/as esixíndolle a cada unha das administracións das que son responsables o Partido Popular que comece as facer as funcións que lles corresponde e que responda a tódolos vigueses/as.

Así que, voulle entrar no convenio do que vostede fala da cláusula tres, falando do convenio asinado entre o Concello de Vigo, Autoridade Portuaria, e o Consorcio da Zona Franca e que di, que vostede só fala da cláusula tres, por iso digo que non di toda a verdade, porque hai a cláusula dúas e que di, que o encargado da limpeza e mantemento superficial do Paseo Marítimo de Bouzas a fin de conservalo en óptimas condicións tránsito, ornato e salubridade é o Concello de Vigo, sen embargo as deficiencias estruturais correspóndenlle á institución propietaria do paseo, para que lle quede claro, as deficiencias estruturais lle corresponden a institución propietaria do paseo, eu quero que lle quede moi claro.

E a cláusula dúas á que vostede obviou di claro e a vou ler, “este paseo marítimo terá consideración de obra da Autoridade Portuaria, polo que corresponde a esta a aprobación dos proxectos e dirección das obras”, vólvolle ler, “este paseo marítimo terá consideración de obra da Autoridade Portuaria, polo que corresponde a esta a aprobación dos proxectos e dirección das obras”, non sei se o entendeu Sra. Muñoz, que hoxe non a vexo moi atenta a esta moción, non lle deber interesar, a vostede interésalle falar do O Marisquiño.

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Jácome, me parece que imos acuñar un novo dito, en vez

de “a río revolto ganancia de pescadores”, “a río revolto ganancia de Mareantes” porque é evidente que vostedes teñen a vontade, a intención e a ilusión de poder votarlle a culpa aos dous principais partidos políticos a ver si a río revolto gañan os Mareantes, en calquera caso nós non imos rechazar esa emenda “in voce” porque non temos ningún problema en que se analice, se estude e se visualice como ten que ser na situación na que se atopa o paseo o que si dicimos Sr. Rivas que por certo, como vostede veu a sinatura da Sra. Muñoz trouxo todo escrito moi ben preparado, pero si lle estou falando eu o lóxico é que ten a capacidade suficiente para poder dirixirme a min sen ningún problema.

En calquera caso, en relación á asunción de responsabilidades e en relación ao convenio, vostede o dixo con moito claridade, leu unha serie de artigos do convenio e eu o que lle pregunto máis alá de que aos cinco minutos empregara tres para falar dos parques e xardíns da cidade, que por certo recomendo que twitter do Partido Popular de Vigo, incluso o de novas cancións de Vigo, permítame que faga propaganda, voulle a dicir Sr. Rivas que igual que vostede leu os artigos en función de onde se dirimen as competencias que veñen na lei e no convenio eu lle pregunto a vostede Sr. Rivas se lle parece que isto, por exemplo, non é superficial, se lle parece que é estrutural eu me pregunto se vostede considera que hai que telo así durante catro ou cinco anos, se cando se cae un neno de tres anos e imos falar co seu pai o Sr. Esteven e resulta que nos di que vostedes que lle presentaron unha reclamación, non a contestaron e non dixeron absolutamente nada, pregúntome se no Paseo das Avenidas o Sr. Rivas somos 300.000 vigueses nesta cidade, poderá enganar aos seus 16 compañeiros de tribuna pero o que lle podo garantir, e me gustaría que me deixara falar, é que un dos sitios onde máis acudimos os vigueses/as é a ambos paseos das Avenidas e o Paseo de Bouzas, toda a cidade sabe perfectamente que eses dous paseos están nun estado bochornoso pero non só o sabe a cidade, é que o sabe a xustiza, sábeno vostedes e por iso hai sentencias xudiciais onde dirimen que a competencia a teñen vostedes e onde dirimen que vostede teñen que actuar en consecuencia.

Polo tanto, déixese xa de palabrería Alcalde, deixe xa de escorrer o bulto, solucione o problema xa dunha santa vez porque o que non podemos é permitir que sega habendo lesionados e que un señor de 71 anos hai escasamente uns días se rompa o tabique, lle poñan catro puntos, porque vostede non quere asumir a

responsabilidade que lle compete como Alcalde de Vigo, así que actúe dunha vez e solucione o problema.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda que entendo que se acepta a votación, imos votar a emenda. Dime o secretario que a emenda non se vota polo tanto se incorpora automaticamente, votamos a moción coa emenda de engádega nos termos que foron expostas polo grupo de Marea de Vigo.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal de Marea, Sr. Jácome Enríquez, formula "in voce" as seguintes emendas de engádeda:

.-Instar a todas as administracións implicadas celeridade nas das datas das xuntanzas.

.-Instar a todas as administracións implicadas, a INICIAR unha peritaxe de todos as instalacións, para solucionar os problemas que se detecten.

Ao seren aceptadas as anteriores emendas pola relatora da moción, Sra. Muñoz Fonteriz, a presidencia somete a votación a moción coas emendas incorporadas.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 31.08.2018 (Rex. Nº 1855/1101), pola

voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

28(162).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE Á LIMPEZA DE FINCAS DE PARTICULARES.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Ante o elevado risco de incendio e as máis de 1.600 denuncias cidadás notificadas a este Concello pola falla de limpeza de fincas particulares e co obxectivo de que non se volvan a producir situacións como as vividas durante os incendios do ano pasado, rogamos ao goberno a máxima axilidade na tramitación das denuncias por falla de limpeza de fincas, así como que o Concello execute directamente como conforme á legalidade vixente a limpeza e desbroce daquelas nas que os propietarios non as executen.

SRA. LAGO REY: Sr. Fidalgo, vostedes xa sabe que con maior dilixencia neste departamento se executan, sábeo moi ben, ademais hai unha nova brigada que desbroza, hai tamén contratos para apoiar estas brigadas de desbroce pero hai que seguir integramente a lei, é unha tramitación moi lenta pero segura e ademais cando os propietarios non se localizan que é en moitos dos casos, ten que ser unha orde xudicial, entón ten un proceso que ao mellor pois non é tan áxil, pero é o que temos.

29(163).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á SITUACIÓN DO SERVIZO DE VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL.

SR. PÉREZ CORREA: Nós ante a situación que se está derivando en Protección Civil,

hai unha baixa de case 60 voluntarios, están por debaixo dos 40, se presentara no seu día unha moción de confianza, volve a presentarse outra e a situación xa é grave porque a falla de efectivos de Protección está a provocar que os bombeiros estean a realizar funcións que correspondan a Protección Civil, rogamos que se teña en conta esta moción de confianza e que se convoquen as eleccións para o corpo de voluntarios e para volver a cambiar a dirección porque a xestión está facendo un desmantelamento brutal do Servizo de Voluntario de Protección Civil.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

30(164).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SRA. LÓPEZ BARREIRO, REFERENTE AO ESTADO DE CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Xa falando de limpeza e conservación dos espazos públicos, gustaríanos saber se este goberno considera que as labores de limpeza do Paseo do Lagares se están efectuando correctamente. Eu paseo moito por Bouzas e polas Avenidas pero tamén bastante polo Lagares e polo Castro e a verdade é que hai cousa dun mes non sei agora, igual o limparon a semana pasada, pero hai cousa dun mes estaba en condicións deplorables.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Todo o mantemento que corresponde a este Concello, está en perfectas condicións, no Castro e no Paseo do Lagares, en todo caso será outras institucións como Aguas de Galicia que é a que ten que tomar medidas no asunto.

31(165).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, REFERENTE Á RELACIÓN DE POSTO DE TRABALLO QUE ESTÁN PRESTANDO SERVIZOS EN BENESTAR SOCIAL.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Cantos diplomados/as en traballo social dos 24 que contempla a relación de postos de traballo aprobada, están a prestar servizo ao día de hoxe no servizo de Benestar Social.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: A totalidade dos diplomados.

32(166).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, REFERENTE Á HABILITACIÓN DE PRAIA PARA CANS.

SR. GAGO BUGARÍN: Ante as constantes e reiteradas queixas e malestar dos veciños de Coruxo pala falla de limpeza, molestias aos usuarios, incompatibilidade coa fauna autóctona e outros problemas derivados da designación dos areas de Foz e de Calzoa, como praias habilitadas para cans e vista a proposta feita polo Partido Popular para habilitar o tramo máis preto ao río Lagares do Areal de Samil, preguntamos, vai a reaccionar o goberno atendendo ás queixas dos veciños e designando outro areal como praia habilitada para cans?.

SRA. LAGO REY: Pois penso ademais que esta é a praia ideal, primeiro, está contemplada a parte para as aves, foi o meu departamento por iniciativa desta concelleira quen fixo o estudo das aves, é perfecto, a auga está en boa calidade, a Policía pasa tres veces mínimo pola mañá, tres veces pola tarde, os inspectores de Medio Ambiente tamén, se limpa de forma mecánica e de forma manual e se o que vostedes queren é que os cans se vaian a Samil, non, é inviable, en Samil non vai ser o sito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto

no artigo 110.2 do RD 2568/1986.
am.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.